GRIAL

131

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXXIV / 1996

HENRIQUE MONTEAGUDO:
A galeguización da Universidade durante a II República.
Apuntamentos para a historia dunha reivindicación.

FRANCK MEYER:
Cervexa, salchichas, ideas pesadas. A imaxe de Alemaña
en Camba, Risco e Tobío

SILVIA GASPAR:
Entrevista con Xavier Alcalá.

MANUEL F. VIEITES:
Notas arredor da peza breve na literatura dramática galega.
A brevidade como imposición e como elección.

MARIE-THÉRÈSE DUMONT:
Hippogriffe, de Antón Risco: unha metáfora poética.

VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA:
Sobre a "demisión" de Rosalía: unha carta inédita de Manuel Murguía.

LLUIS ÁLVAREZ:
Por un ateísmo como Deus manda.

RICARDO MARTÍNEZ-CONDE:
O aforismo: argumento interior.

CARLOS F. VELASCO SOUTO:
Conflicto obreiro e sindicalismo na Galicia republicana:
a Compañía de Tranvías da Coruña.

GRIAL

1.350
V. 1/97
Salesas

131

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXXIV / 1996

Director:
CARLOS CASARES
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, XAVIER CASTRO,
CARLOS X. FERNÁNDEZ, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO,
MODESTO LÓPEZ BOUZAS, HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño: M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, subscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: alba@galaxia.es
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

305 HENRIQUE MONTEAGUDO: A galeguización da Universidade durante a II República. Apuntamentos para a historia dunha reivindicación.

331 FRANCK MEYER: Cervexa, salchichas, ideas pesadas. A imaxe de Alemaña en Camba, Risco e Tobío.

351 SILVIA GASPAR: Entrevista con Xavier Alcalá.

361 MANUEL F. VIEITES: Notas arredor da peza breve na literatura dramática galega. A brevidade como imposición e como elección.

379 MARIE-THÉRÈSE DUMONT: *Hippogriffe*, de Antón Risco: unha metáfora poética.

389 VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA: Sobre a "demisión" de Rosalía: unha carta inédita de Manuel Murguía.

395 LLUIS ÁLVAREZ: Por un ateísmo como Deus manda.

401 RICARDO MARTÍNEZ-CONDE: O aforismo: argumento interior.

407 CARLOS F. VELASCO SOUTO: Conflicto obreiro e sindicalismo na Galicia republicana: a Compañía de Tranvías da Coruña.

423 LIBROS:

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, MARÍA XESÚS NOGUEIRA, BIEITO SILVA VALDIVIA / XOSÉ ARMAS CASTRO, XOSÉ L. GARCÍA, I. DUBERT, XOSÉ L. GARCÍA, DANIEL SOUTULLO, I. DUBERT, PATXI LANCEROS.

441 TEATRO:

DAMIÁN VILLALAÍN.

445 ÍNDICE DE COLABORADORES.

A galeguización da Universidade durante a II República

Apuntamentos para a historia dunha reivindicación

Henrique Monteagudo

A don Paco del Riego e Luís Tobío.
Na memoria de Ricardo Carballo Calero e
Alejandro Rodríguez Cadarso.
Para unha Universidade galega pública,
autónoma e responsable.

Como é sabido, desde 1928 a Universidade, e particularmente as mobilizacións estudiantís apoiadas polos intelectuais, constituíron un factor de grande importancia na precipitación da crise que conduciría ó final da Dictadura de Primo de Rivera e ó advento da II República. A organización protagonista da axitación universitaria foi a Federación Universitaria Escolar (F.U.E.), que comezou a actuar no ano devandito en Compostela, e que se converteu deica 1934 no bastión do estudiantado en forza hexemónica e progresista, en competencia con outras asociacións da dereita católica, e máis adiante, da ultradereita. Xavier Castro, historiador da Galicia do período, enxerga na F.U.E. compostelá dúas orientacións, unha republicana con diferentes matices e outra nidiamente galeguista, "que contaba con estudiantes como Carballo Calero [...], Seoane e del Riego"[1]. Fose isto percibido así ou non na época, o certo é que a corrente galeguista gozou dun certo protagonismo na organización estudiantil, a xulgar pola relevancia que, como veremos, atinguiron fuístas e galeguistas como Ricardo Carballo Calero e Francisco Fernández del Riego. En todo caso, unha historiadora da Universidade compostelá da época considera que a F.U.E. "desde el principio se definió como activa colaboradora" nas suce-

1. Castro Pérez, X. *O galeguismo na encrucillada republicana.* Ourense, 1985; vol. II, p. 738.

sivas campañas pola galeguización[2], que nos van ocupar neste artigo e que, como axiña veremos, se sucederon desde 1930.

A reivindicación da galeguización da Universidade supuña o desenvolvemento das iniciativas galeguistas a prol do erguemento dunha ciencia e unha cultura nacionais que tiñan abrollado arredor da reclamación de que se institucionalizase o estudio académico de diversos aspectos do país (Xeografía, Historia... e especificamente da Lingua e Literatura galegas) e que deran lugar á fundación en 1923 do Seminario de Estudos Galegos (S.E.G.). Pero nos anos da crise final da Dictadura a cuestión da galeguización da Universidade atingue un alcance e uns tons particulares en escritos tanto de universitarios coma de intelectuais non universitarios e configúrase como un tema que irá adquirindo un perfil propio e tomando un peso específico considerable, ata ocupar un lugar de relevo na problemática galeguista no período republicano. Neste artigo, propómonos contribuír á recuperación da memoria histórica da universidade galega, mostrando cómo unha aspiración de aparencia tan actual como é a da galeguización da Universidade posúe uns precedentes ben dignos de consideración.

1. CARA Á II REPÚBLICA. O ABROLLAR DA CUESTIÓN

A visión desde as ringleiras galeguistas do asunto da galeguización da Universidade experimentou unha notable mutación durante a segunda metade do ano 1930, o cal é todo un síntoma da evolución dos acontecementos. En xuño, Xesús Bal y Gay aínda se expresaba en termos como "soñaremos si habláramos de la galleguidad de Santiago Académico mientras las cosas estén como hoy" ou "inda que non sexa máis qu'un soño, convén dicilo: Galicia debería pedila Cadeira de Galego na Universidade compostelá"[3]. Contra finais do mesmo mes, o pedimento do Centro Galego de Montevideo de que se crease tal Cadeira na Universidade e nas Escolas Normais levantou unha notable poeira[4], e anunciábase que a Xunta de Goberno da Universidade compostelá se adherira a aquel e o Rector xa iniciara xestións en Madrid para facelo realidade[5]. Así, a iniciativa do centro dá azos para que se poña en marcha a primeira campaña pola galeguización da Universidade, na que o rotativo vigués *El Pueblo Gallego* se ofrece como principal palestra pública.

2. Varela, I. *La Universidad de Santiago (1900-1936)*. Sada-A Coruña, 1989, p. 254.

3. Bal y Gay, X. "Temas. Extensión Universitaria" en *El Pueblo Gallego, [=EPG]* (1/VI/1930): 14; "Temas galegos. A nosa língoa, na nosa terra" en *EPG* (27/VI/1930), p. 1.

4. *Vid.* Bal y Gay, X. "Temas galegos. A nosa lingoa, na nosa terra" en *EPG* (27/VI/1930), p. 1; e mais Vilar Ponte, A. "Pretextos cotidianos, La flecha del galleguismo" en *EPG* (28/VI/930, p. 1, e "Pretextos cotidianos. Las orientaciones de nuestra cultura" en *EPG* (5/VII/1930), p. 1.

5. *Vid.* "La Universidad de Santiago y el idioma gallego" en *EPG* (29/VI/1930), p. 14.

Os propios universitarios galegos non tardan en tomar a palabra para pronunciarse sobre o asunto. O primeiro probablemente fose Ricardo Carballo Calero, daquela estudiante de Dereito e dirixente da F.U.E. compostelá, que nun ensaio publicado en 1930 baixo o título "Da Universidade Galega. Unamuno, os estudantes e a Galiza"[6], láiase da admiración que esperta Miguel de Unamuno entre os estudiantes galegos, pois considéraa unha mostra de que "falla nos estudantes de Compostela un esprito galego", visto que "pra Unamuno o cultivo das linguas rexionales é estúpido" e "profesa D. Miguel un feroz imperialismo centralista", polo que o autor conclúe: "temos que escomenzar unha laboura arriscada e difícil: a galeguización do estudante galego".

En xullo do mesmo ano, Antón Vilar Ponte aborda o tema dun xeito menos específico, nun artigo de carácter programático, no que formula unha serie de reivindicacións do galeguismo, entre as cales salientan as seguintes, referidas ó ensino:

> 2º Establecimiento d'unha cátedra de Língua, Literatura e Historia galegas, outra de problemas económicos e outra de temas portugueses, base d'un intercambio co'a República veciña, na Universidade de Santiago.
>
> 3º Establecimiento de cátedras de Lingua, Literatura, Historia e Xeografía galegas nas escolas Normaes da nosa terra.
>
> 6º Que os mestres ou escolantes de Galicia sexan galegos e de o non seren que pol-o menos cursaran os seus estudos nas nosas Normaes.
>
> 7º Que poidan cursarse estudos de doutoramento na Universidade de Santiago, sendo obrigatoria a tesis sobre temas galegos.
>
> 8º Que xueces, maxistrados e notarios sexan galegos, ou de o non seren que teñan cursadol-os seus estudos de Direito na Universidade compostelana[7].

Como se ve, nunha liña moi típica del, Antón Vilar Ponte adopta unha óptica bastante pragmática, vencellando a cuestión da "galeguización" do ensino á dos "empregos".

6. Carballo Calero, R. "Da Universidade galega. Unamuno, os estudantes e a Galiza", en *Nós. Suplemento nº 20*, pp. 13-16. Este suplemento, que aparece sen data, foi publicado contra o verán de 1930. O texto atópase reproducido en Carballo Calero, R. *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*. Sada-A Coruña, 1987, pp. 101-103. Hai que ter en conta que contra finais do curso 1929-1930, a F.U.E. compostelá, por man do seu daquela presidente Domingo García-Sabell, lle cursara unha invitación a Unamuno para vir dar unha conferencia a Santiago, que o intelectual español non puidera atender. *Vid.* "Scholarum. Una carta de M. de Unamuno" en *EPG* (9/III/1930).

7. Vilar Ponte, A. "O que temos que pedir o Día de Galicia e o Día da Universidade", en *EPG* (25/VII/1930, p. 1 [=*ANT* 275 (1/IX/1930): 12]. Polas mesmas datas este autor aínda publicou outro artigo no xornal vigués que non puidemos consultar por deturpación do exemplar que manexamos: Vilar Ponte, A. "La galleguización de la Universidad"; en *EPG* (31/VII/1930), p. 1.

No outono aparece o libro *El problema político de Galicia* de Vicente Risco, no que se adica un duro parágrafo á Universidade compostelá:

> ¡Universidad gallega! Yo quisiera saber qué es lo que tiene de gallega nuestra Universidad: ni la lengua, ni la literatura, ni la historia, ni la geografía, ni la economía, ni las costumbres jurídicas, ni ninguno de los aspectos de la vida gallega es allí objeto de enseñanza. Ved si voluntariamente algún profesor quiere de paso referirse a alguno de esos asuntos, si tiene tiempo para ello, o algún breve curso, como los del doctor Cotarelo. La Universidad compostelana es una Universidad castellana colocada en Galicia.

Ademais, Risco refírese á proscripción do sistema educativo do ensino da lingua e a cultura galegas, e sinala o paradoxo de que exista unha cadeira de Lingua e Literatura galego-portuguesa na Universidade Central de Madrid e non na de Santiago para rematar concluíndo:

> Aquí se puede ser maestro, bachiller, profesor, médico, funcionario, magistrado notario, canónigo, obispo, obtener los más altos grados sin saber nada acerca de Galicia. El Estado concede gratuitamente el derecho a ignorarla[8].

Máis ou menos polas mesmas datas de publicación do ensaio de Risco, Ricardo Carballo Calero pronunciaba o discurso de apertura oficial do curso universitario 1930-1931 en representación da F.U.E. e na cualidade de presidente da "Asociación Profesional de Estudiantes de Derecho" (A.P.E.D.), integrada naquela. O orador rematou a súa alocución referíndose á cuestión que nos ocupa:

> La clase escolar gallega auténtica cree cumplir un deber ineludible solicitando por mi boca la galleguización de la Universidad. Galicia existe; y por existir tiene derecho a una cultura propia: y para ello es preciso que tenga un propio centro de cultura. Aspiramos a crear una vida universitaria auténticamente gallega; aspiramos a obtener un espíritu gallego en las aulas de la Universidad. El primer paso hacia esos ideales es lograr que en nuestras cátedras coexista oficialmente con el castellano, nuestra lengua vernácula[9].

Este último texto supón un paso fundamental na tematización da "galeguización da Universidade", pois debeu situar o problema no centro das inquedanzas e debates do profesorado universitario compostelán. Así, pouco máis tarde, Armando Cotarelo Valledor, que exercía

8. Risco, V. *El problema político de Galicia.* Madrid, 1930, pp. 182-183.

9. *Vid.* "Discurso leído por el señor Don Ricardo Carballo Calero, alumno de la Facultad de Derecho de la Universidad de Santiago de Compostela en la apertura del curso de 1930 a 1931", en Carballo Calero, R. *Op. cit.*, pp. 89-94. A cita é das pp. 93-94.

como vicerrector en Santiago, publicou un artigo en *El Pueblo Gallego* en que se refería á "alarma", o "susto" e o "espanto" que manifestaban algúns profesores ante o tema da "galleguización de la enseñanza universitaria"[10]. Coa intención de tranquilizalos, Cotarelo asegura que os sectores que a defenden están "lejos de pretender que las clases se expliquen en gallego" nin que "nuestra Universidad sea exclusivamente para los gallegos": "Que la Universidad de Galicia sea Universidad gallega he aquí todo". Dúas son as opcións que Cotarelo albisca para conseguir este obxectivo: a creación de materias específicas complementarias ou ben a orientación en sentido galego das xa existentes. En base á súa propia experiencia (afirma que desde hai más de cinco lustros explica o que pode e como pode a Lingua e Literatura galegas, sendo como era profesor de Lingua e Literatura española), o articulista considera preferible a segunda opción. Nunha liña similar e tamén en ton de moderación se manifestaba outro persoeiro universitario do galeguismo cultural, o profesor da Facultade de Dereito Salvador Cabeza de León, nunha conferencia pronunciada meses máis tarde (febreiro de 1931), na que sostiña que a galeguización da Universidade non consistía en que os seus profesores fosen todos galegos (entre outras razóns porque, segundo el mesmo afirmaba, había "gallegos enemigos de su patria"). Para el, a idea resumíase en poder colocar no frontispicio da Universidade: "Aquí no se prohibe hablar gallego"[11].

En troques, para Vicente Risco a presencia masiva de foráneos tanto entre o profesorado coma entre o alumnado constituían, xunto á actitude rexamente antigaleguista dalgúns profesores nativos e á "emigración" de estudiantes galegos á Universidade de Valladolid, os atrancos máis serios para a galeguización da Universidade compostelá. Así o manifestaba nun artigo publicado en *Céltiga* no que retoma algunha das ideas e expresións xa utilizadas en *El problema político de Galicia*, e no que afirma:

> A cultura galega vive hoxe, ten que vivir, de costas â vida oficial, en institucións privadas que somentes poden recoller os estudosos abnegados que queren traballar sen retribución. Mais a cultura integral galega se non pode facer estando toda a vida d'ise geito: a cultura galega ten ademais o dereito a conqueril-a Universidade, e a Universidade ten o deber de ll'abrir as portas[12].

Pero, como diciamos, segundo Risco a isto se opuña un sector do profesorado entre o que había "nemigos jurados da renacencia galega".

10. Cotarelo Valledor, A. "Camino adelante: galleguismo universitario", en *EPG* (10/X/1930), p. 1. Reproducido en Varela, I. *Op. cit.*, pp. 99-100.

11. *Vid.* Varela I., *Op. cit.*, p. 101.

12. Risco, V. "Sobr'a Universidade Compostelán", en *Céltiga* 152 (25-IV/1931), sen indicación de páxina.

Outro atranco, segundo el, era a abundancia en Compostela de estudiantes foráneos, especialmente bascos e cataláns, que atinguían porcentaxes moi elevadas na maioría das Facultades (el dá cifras de ata o 60% en Dereito, Letras e Farmacia). En realidade, consonte os datos que manexa a historiadora Isaura Varela, no período 1900-1930 a porcentaxe de foráneos era lixeiramente inferior a un tercio do total dos universitarios composteláns, aínda que constituían a maioría na Facultade de Farmacia. Xa que logo, sendo certo que a presencia de alumnos de ámbito lingüístico castelán en Compostela era moi importante, Vicente Risco esaxeraba un tanto na apreciación da importancia deste factor. Verbo do profesorado non posuímos cifras concretas, pero a nosa impresión é que cabo dun sector de profesores (algúns, pero non todos, foráneos) abertamente anti-galeguista, existía un vello núcleo galeguista conservador (Salvador Cabeza, Armando Cotarelo) e estaba agromando un sector de profesorado novo galeguista e progresista (Luís Tobío, Sebastián González-Paz...). En todo caso, o rector Alejandro Rodríguez Cadarso (1930-1933) garantiu durante o seu mandato unha orientación autonomista e progresista na política universitaria.

2. A "GALEGUIZACIÓN DA UNIVERSIDADE" VISTA POLOS UNIVERSITARIOS

A fins de 1931, os estudiantes galeguistas e Álvaro das Casas promoveron desde a revista *Nós* unha enquisa dirixida a profesores e alumnos universitarios na que se presentaban unha serie de cuestións relativas á Universidade (coma tal, provisión de cadeiras, establecemento de cursos de doutoramento en Compostela e participación estudiantil no goberno universitario) unha das cales inquiría verbo do "que supón a galeguización da Universidade"[13]. Entre os enquisados atópanse algúns dos persoeiros daquela máis sonados da Universidade compostelá: o rector Rodríguez Cadarso, o vicerrector e futuro rector Ricardo Montequi, o secretario xeral da Universidade José Arias Ramos, o decano da Facultade de Letras Ciriaco Pérez Bustamante, os catedráticos Abelardo Moralejo Lasso e Fernando Calvet Prats, dous profesores de Liceo, dous de Instituto, dous profesores auxiliares da Universidade (Luís Tobío e Mariano García) e un axudante (Ernesto Seixo), o anterior presidente da F.U.E. (Domingo García-Sabell), o que estaba en exercicio (Ricardo Carballo Calero), e mais un estudiante que se define como "marxista" (Luís Seoane). En total, tres estudiantes e trece profesores. Oito dos dezaseis enquisados eran galegos (os tres estudiantes

13. De las Casas, Á. "En precura da realidade galega. A nosa Universidade", en *Nós* 97 (15/I/1932), pp. 13-18. Sobre a xestación desta iniciativa, *Vid.* Fernández del Riego, F. *Ánxel Casal e o libro galego.* Sada-A Coruña, 1983, p. 113.

máis cinco profesores), os outros oito (todos profesores) eran foráneos. Coidamos que precisamente con esta distribución quería reflectir na enquisa o grande peso do profesorado non galego en Compostela.

Cinco dos enquisados (entre outros o rector, Domingo García-Sabell, Abelardo Moralejo e Carballo Calero) facían mención expresa á necesidade de que se creasen cadeiras específicas para atender aspectos concretos da realidade galega. Nas respostas de outros sete está máis ou menos implícito o recoñecemento desa necesidade. Entre os exemplos que se ofrecen, os máis recorrentes son a Historia, a Literatura, a Lingua, a Xeografía e a Economía galegas. Tres enquisados (entre os cales o vicerrector Montequi) dan respostas que podemos considerar evasivas, o que sería indicio de incomodidade coa pregunta ou desacordo cos seus presupostos. Soamente un (Carballo Calero) se refire directa e explicitamente á necesidade de "servirse do idioma natal", aínda que outro (Domingo García-Sabell) alude á cuestión, e tres máis dan respostas das que se pode deducir o mesmo (Luís Seoane, Fernando Calvet e Lois Tobío). Por fin, catro dos enquisados, entre os cales Domingo García-Sabell, Lois Tobío, e Ricardo Carballo Calero consideraban, dun ou outro xeito, que a tarefa máis urxente que debía acometer a Universidade compostelá era a galeguización.

Tomando a enquisa de *Nós* como un indicativo aproximado das concepcións que se aventaban verbo da cuestión que nos ocupa, podemos concluír que "a galeguización da Univesidade" para a maioría significaba a creación de cadeiras adicadas a estudios especificamente galegos (incluíndo, claro está, a lingua e a literatura galegas), que esta era unha aspiración amplamente compartida entre o conxunto dos universitarios e non espertaba grandes resistencias. En contraste, o emprego do galego como lingua vehicular do ensino universitario era sentido como necesariamente vencellado á noción de "galeguización" soamente polo sector máis conscientemente galeguista dos universitarios, especialmente do estudiantado. Pero as propostas que nese sentido presentou a propia F.U.E., e nas que nos deteremos a seguir, mostran que tampouco o estudiantado contemplaba a normalización lingüística como compoñente imprescindible da "galeguización".

En resumo, nunha visión global o panorama que ofrece a enquisa é o seguinte: o sector máis comprometido cun concepto esixente da "galeguización" é o dos estudiantes progresistas, o máis reluctante é o dos profesores non galegos, e no medio se encontraba unha ampla franxa de alumnos e profesores de todas as tendencias, galegos ou non, que era partidaria dunha galeguización entendida como establecemento de estudios específicos sobre Galicia.

3. A UNIVERSIDADE GALEGA DESDE O REPUBLICANISMO AUTONOMISTA

Un texto que permite contemplar a problemática da Universidade galega desde a óptica da forza política hexemónica en Galicia no primeiro período republicano, a Federación Republicana Gallega (F.R.G.) / O.R.G.A. é o da conferencia pronunciada en Bos Aires a mediados de 1931 por Constantino Sánchez Mosquera, un personaxe próximo a Alejandro Rodríguez Cadarso, presidente do Centro Galego de Montevideo e xa que logo promotor da reclamación á que nos referimos antes de creación das cadeiras de Lingua e Literatura Galegas[14]. Aquí imos ofrecer un resumo rápido do marco en que o conferenciante sitúa a cuestión da "galeguización" da Universidade, para deternos brevemente na visión que ofrece desta.

Sánchez Mosquera mantiña a visión do papel da educación no progreso dos pobos típica do republicanismo reformista:

> Los errores del pasado, las desgracias y el atraso de nuestra Región se deben, en primer término, a la extremada deficiencia de nuestra cultura y educación cívica; el porvenir de Galicia ha de surgir de la cultura regional, y será tanto más venturoso cuanto mayor sea la eficacia de la docencia, cuyo epicentro se encuentra en la Universidad Gallega [...] la Universidad es el termómetro que marca con exactitud el grado de cultura y de progreso de los pueblos que se nutren con sus enseñanzas (pp. 30, 33).

Para el os problemas fundamentais da Universidade española tiñan as súas raíces últimas por unha banda no dominio político dunha oligarquía ignorante que se impuña dentro daquela por medio dun nepotismo asoballador, e pola outra na mansedume e ignorancia do pobo. Referíndose en concreto á Universidade galega, Sánchez Mosquera subliñaba que Galicia non podía conformarse cunha Universidade coma a de Santiago, "colonial" e "burocrático-profesionalista", isto é, segundo el, aferrollada polo conservadurismo no ámbito científico-cultural e adicada exclusivamente á formación de técnicos e profesionais, senón que debía aspirar a unha Universidade moderna, aberta á innovación, que aspirase a forxar caracteres e a crear ciencia e que estivese fondamente afincada na terra:

> Nuestra Región necesita una Universidad completa y moderna, que instruya a las generaciones en el culto a la ciencia y en el amor a la patria con un sentimento netamente galleguista, dentro del hispanismo y la universidad que sean precisos (p. 36).

14. Sánchez Mosquera, C. *La Universidad de Compostela y otros problemas gallegos.* Editorial Apolo, Montevideo, 1931, p. 43. A conferencia foi pronunciada o 15 de xullo no salón de actos da Federación de Sociedades Gallegas.

Para Sánchez Mosquera, a reivindicación máis urxente para a Universidade española era a da autonomía integral, con administración propia e independencia académica. Concretamente para a de Santiago, reclamaba a ampliación de estudios (co establecemento de Veterinaria, Agronomía, Enxeñería, Belas Artes, Ciencias Económicas e Escola Superior de Maxisterio); e a creación de cadeiras de Literatura, Arte, Xeografía e Historia de Galicia. Contra o nepotismo e o centralismo (non se esqueza que as oposicións do profesorado daquela sempre se celebraban en Madrid), o conferencista sostiña que "los profesores de nuestra Universidad deben ser nombrados en Galicia" (p. 39), e, aínda que opinaba que as prazas da Universidade galega debían estar abertas a "todos los profesionales españoles" *(ibidem)*, sostiña que os cargos de rector e vicerrector deberan estar reservados para "profesionales que sean gallegos" (p. 41). En todo o texto, non se fai ningunha referencia á lingua galega nin aparece a expresión "galeguización da Universidade".

Como se ve, na análise dos problemas da Universidade, o orador a penas descende do plano xenérico español ó específico galego: mesmo a tipificación da Universidade de Compostela como "universidade colonial" remite a tipos abstractos de Universidade (conservadora e burocrático-profesional fronte a innovadora, completa e moderna), sen implicar unha definición en termos de imperialismo/nacionalismo e nin sequera do papel da Universidade na subordinación de Galicia. Coherentemente, a renovación da Universidade de Santiago concíbese en clave de modernización e ampliación da oferta de estudios de cadeiras particulares relacionadas coa realidade "rexional", e , en todo caso, de descentralización e reforma dos procedementos de selección e promoción do profesorado. Moi na liña de F.R.G./O.R.G.A. (que no proxecto de Estatuto de Autonomía que presentara defendía a reserva dos cargos públicos en Galicia para os naturais do país), propuña que se reservasen os postos electos de maior relevo da Universidade para nativos galegos.

Desde unha posición ideolóxica próxima á anterior, aínda que se cadra máis achegada ó nacionalismo, publicaba polas mesmas datas o profesor de Ensino Medio Eloy Luis-André o texto "La Universidad nacional gallega"[15], un escrito moi interesante, explícitamente inspirado nun ensaio de Gandhi titulado *Joven India*, e que á súa vez influíu dun xeito apalpable na conferencia de Álvaro de las Casas sobre a Universidade da que falaremos máis adiante. O autor ve a Universidade de Santiago como "mero órgano de la cultura castellana" (p. 386), incapaz de servir como eixo articulador da cultura nacional galega, pois todo o

15. Luis-André, E. "La Universidad Nacional Gallega" en *Galleguismo. Lucha por la personalidad nacional y la cultura (Ensayos)*. Madrid, 1931, pp. 383-389. Para a súa concepción do papel da Universidade en Galicia, *Vid.* tamén "El ideario del galleguismo", *Op. cit.*, pp. 181-191.

máis "convierte el galleguismo en tópico, en mera fruición roedora, de ratón de biblioteca, o en monótono canto de chicharra erudita" (p. 386). Endebén, na súa sintomatoloxía das doenzas da Universidade compostelá figura como mal principal non tanto a presencia de moitos profesores foráneos coma o control da Universidade por parte dunha serie de familias locais que tería reservada para si pola vía do nepotismo unha cota substancial das prazas de profesores:

> La Universidad compostelana se hizo para una casta de catedráticos compostelanos. La cultura se hizo privilegio de familias, valor hereditario a base de sangre, fruto y blasón de parentesco. Así como el Cabildo fué y sigue siendo ciudadela del espíritu castellano, que hace huir en desbandada a los canónigos gallegos, nuestro templo de Minerva tiene un sacerdocio doméstico, que perpetúa la función docente, matando un germen del espíritu de investigación (p. 387).

Segundo o ensaísta, esta casta de "sacerdotes domésticos" enfocaría o ensino universitario exclusivamente cara á colocación profesional dos vástagos da pequena burguesía galega (a idea lembra a da Universidade burocrático-profesional de Sánchez Mosquera), e de aí derivaría o

> divorcio entre la Universidad gallega y los ideales eternamente jóvenes de Galicia. Privilegio de saber para los ricos. Esclavitud de tinieblas para los pobres. Destierro de la propia lengua de las cátedras de la Universidad. ¿El Folk-lore? ¿La Etnografía? ¿La Psicología colectiva? Tópico para matar los ocios, breviario de solitarios intelectuales. El derecho gallego, la religión gallega, el arte gallego, la estética gallega, la economía gallega, la ciencia gallega, la ética gallega. Sintagmas de cultura, cuyo germen está sepulto, pero no yerto bajo los surcos de la Historia (p. 368).

Antes de continuarmos, quixeramos subliñar o vivo contraste que ofrecen estas visións críticas da Universidade compostelá desde fóra de Galicia coas que se fan desde dentro do propio país. Así, onde un Vicente Risco sinala a invasión de profesores foráneos, C. Sánchez Mosquera e E. Luis-André denuncian o nepotismo, o primeiro relacionándoo co centralismo e o segundo co acaparamento dos cargos por parte dunha caste local. As críticas galeguistas feitas desde o propio país ignoran este presunto problema que sinala Luis-André, que pola súa banda non percibe a cuestión do profesorado alleo.

4. A "GALEGUIZACIÓN" DO DEBATE Ó PROGRAMA REIVINDICATIVO (1931-1933)

Cara ó final do curso de 1931, en abril, a Asociación Profesional de Estudiantes de Derecho aproba a súa adhesión ós principios que

informan o galeguismo político (pero téñase en conta que a esa altura non estaba aínda dexergado o nacionalismo estricto do republicanismo autonomista), adhesión que fai súa o conxunto da F.U.E. a primeiros de maio de 1931, cando se publica un manifesto da asociación estudiantil, escrito por primeira vez en galego, en que, en aberta consonancia cos principios da F.R.G./O.R.G.A., se declara galeguista e federalista[16]. En xuño de 1931 dábase a coñecer a asociación "Ezquerda Galeguista", organización que tiña o seu núcleo principal na Universidade compostelá, o que dá idea da penetración do galeguismo no ambiente universitario e mais do peso do elemento universitario no movemento galeguista. Durante este mesmo ano de 1931, quizais xa no curso 1931-1932, a A.P.E.D. elaborou unhas orientacións que consitutían un esbozo de programa de galeguización e normalización lingüística da Universidade, un programa que hoxe parecería bastante tímido, pero que supuña todo un avance para aqueles tempos. Esas orientacións serían asumidas polo conxunto da F.U.E. a comezos do curso 1932-1933[17]. Neste mesmo curso, pola altura do segundo semestre de 1932 a F.U.E. presentaba unha emenda ó Anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia referida ó galego no ensino. Naquel soamente se especificaba que no ensino primario era obrigatorio o estudio do galego e o castelán, e que no secundario e Escolas Normais se crearían materias de Lingua, Xeografía e Historia de Galicia. Na emenda da F.U.E., da que non coñecemos o contido literal, sinalábase a obrigatoriedade do estudio do galego e o castelán en todos os centros docentes do Estado e da Rexión.

No que atingue ó programa de galeguización, nel distinguíanse tres grupos de materias: o primeiro estaría constituído polas que por "su carácter de generalidad" non eran "suceptibles de galleguización", tales como as Matemáticas ou a Física; o segundo polas disciplinas que presentaban aspectos peculiarmente galegos, tales como a Economía, a Historia do Dereito ou as Ciencias Naturais; o terceiro por materias centradas no estudio de temas galegos, tales como Xeografía, Historia, Lingua e Literatura, Arte ou Agricultura. Verbo do segundo grupo, propúñase que os aspectos galegos fosen tratados en cursiños complementarios e seminarios, e que ó tempo se promocionasen os traballos de investigacións sobre eles. Verbo do terceiro grupo, reclamábase a dota-

16. Varela, I., *Op. cit.*, p. 255

17. Coidamos que a isto se debe referir o "Manifiesto de los escolares universitarios de Galicia", en *EPG* (15/III/1933) p. 14, cando di: "A cooficialidade estaría ben regramentada con arregro a unha bases que apenas variarían das formuladas en 1931 pol-a 'Asociación Profesional de Alumnos de Derecho', aceitadas integramente pola F.U.E. o mesmo ano". Segundo Varela, I., *Op. cit.*, p. 255, a asunción (polo menos pública) desas orientacións por parte do conxunto da F.U.E. produciuse non en 1931, senón en outubro de 1932. O programa foi publicado en *EPG* 31/X/1932, e atópase reproducido en Varela, I., *Op. cit.*, pp. 255-256.

ción das cadeiras correspondentes, e propúñase que ademais se creasen cadeiras complementarias para os estudiantes forasteiros (máis exactamente, para os que non entendesen o idioma galego).

No aspecto lingüístico, o programa prevía a obrigatoriedade do galego para as materias deste último grupo (exceptuando as cadeiras específicas para forasteiros, que se impartirían en castelán), mentres que para as dos grupos primeiro e segundo a lingua do profesor sería o castelán, con liberdade de opción lingüística para os estudiantes. Así se faría realidade o principio propugnado pola F.U.E., de recoñecemento de

> la oficialidad de los idiomas gallego y castellano con un régimen de amplia tolerancia y sin presión ni oposiciones en uno u otro sentido, y sin intransigencia tanto para los catedráticos como para los alumnos[18].

Pero seguramente o protagonismo dos galeguistas na F.U.E. non se podería explicar sen o consentimento do sector republicano autonomista, que pola súa banda tamén imporía limitacións ás aspiracións máis radicais dos primeiros no terreo da galeguización. Algo disto albiscamos nas noticias que posuímos arredor do boletín da F.U.E. compostelá, *Universitarios*, que tirou o seu primeiro número en marzo de 1932 e o segundo en abril de 1933[19], incluíndo artigos en galego e castelán. Segundo Francisco Fernández del Riego, que foi o que coordinou a segunda saída do boletín, o tema da lingua que se debía utilizar foi obxecto de polémica, pois o sector nacionalista pretendeu que o boletín fose monolingüe:

> Tentei que todo o seu contido [do segundo número] aparecese en idioma galego. Pero batín cunha chea de atrancos na propia Cámara Federal [da F.U.E.], que impediron a realización do propósito. Era forte a hostilidade no seo da F.U.E. ao emprego da nosa lingua, polarizada nun determinado sector. Mesmo por iso houbo que se resignar a que na revista se empregaran as dúas falas[20].

5. UN MOMENTO CRÍTICO: MARZO DE 1933

A segunda metade do curso 1932-1933 desenvolveuse na Universidade de Santiago no medio dunha forte axitación, en principio orixinada por reivindicacións de tipo "profesional" abandeiradas pola

18. Varela, I., *Op. cit.*, p. 255.

19. Noticia do primeiro número (marzo de 1932) en *Nós* 100 (15/IV/1932), p. 71; do segundo número en *Nós* 112 (15/IV/1933), p. 71.

20. Fernández del Riego, F. *O río do tempo. Unha historia vivida.* Sada-A Coruña, 1990, p. 61.

F.U.E. e comúns ás outras universidades españolas, pero finalmente complicada con outros problemas especificamente composteláns. Isto crearía un clima de gran crispación entre un importante sector do profesorado por unha banda e boa parte do estudiantado pola outra, no medio da cal se viu collido o rector Rodríguez Cadarso[21]. Nese contexto e en parte contaxiada pola tormentosa electricidade ambiental, remanece con forza a problemática da "galeguización", no lanzamento da cal ante a opinión pública o asunto "das Casas" xogou o papel de disparador.

O día nove de marzo, *El Pueblo Gallego* anuncia que se vai celebrar no paraninfo da Universidade unha conferencia do director do instituto de Noia e recoñecido intelectual galeguista Álvaro das Casas sobre "O momento universitario", que, polo que nos informa dous días máis tarde, foi presentado por un dirixente do movemento estudiantil compostelán, Francisco Fernández del Riego[22]. Na sucinta reseña que o xornal publica do acto, Álvaro das Casas aparece pronunciando un discurso máis ben tópico desde o punto de vista do galeguismo. O resumo que ofrece a revista *Nós*, que asegura que "unha moitedume de estudantes enchían o Paraninfo", produce a impresión dunha conferencia un chisco máis incisiva[23]. Pero só a lectura do texto da propia conferencia, posible gracias a que foi publicada polo autor[24], permite calibrar o verdadeiro alcance das intencións do conferencista. Das Casas ofrece unha visión do papel da Universidade desde a perspectiva do nacionalismo estricto. Xa no principio relembra a importancia das universidades nos movementos de liberación nacional, facendo especial fincapé no exemplo da Universidade checa de Praga:

> En todol-os países, na historia de todol-os pobos, na restauración de todal-as nazonalidás, na formación de todal-as culturas [as Universidades] máis que centros de estudo foron estados maores nas xénesis das loitas liberadoras [...] As universidades fixeron os novos pobos da Europa do noso tempo (pp. 3, 4).

Desde a devandita perspectiva, o papel principal da Universidade, máis ca a capacitación profesional ou a difusión de coñecementos científicos, é o de eixe vertebrador da cultura nacional, o de panca que a ergue ata capacitala para participar no diálogo internacional das culturas. Segundo o orador, a Universidade de Compostela

21. Varela, I., *Op. cit.*, pp. 345-348.

22. *Vid.* "Localidades. Información de Santiago", en *EPG* (9/III/1933), p. 10, e *EPG* (11/III/1933), p. 10. A conferencia publicouse en folleto, co título de *Verbas ôs mozos galegos. O momento universitario.* Santiago, 1933. *Vid.* "Os homes, os feitos, as verbas", en *Nós* 112 (15/IV/1933), p. 72. Remitiremos para o folleto abreviado: Das Casas. *Verbas ôs mozos galegos.*

23. *Vid.* "Os homes os feitos, as verbas", en *Nós* 111 (15/III/1933), p. 55.

24. Das Casas, Á. *Verbas ôs mozos galegos. O momento universitario.* Santiago, 1933.

> terá categoría científica o día que poida ourientar a vida galega, faguer a cultura galega, pôr a ialma galega, dende estas aulas, en fala e colaboración co-a inteleitualidade de todo o mundo. Ten de salvar a língoa do esquecimento inmerecido, procurar as fontes das forzas nacionaes, faguer unha cultura nova basada tradición i-enriquecida na esprencia, ser eixe e centro de gravidade de todal-as escolas galegas (p. 4).

Pero unha pre-condición para iso é que a Universidade se converta nun órgano do coñecemento da propia realidade nacional, isto é, do seu estudio científico e da transmisión e difusión dos resultados deste. É que, segundo Álvaro das Casas, o descoñecemento da realidade galega en tanto tal, isto é, en tanto que galega, é un dos factores fundamentais da febleza da consciencia nacional:

> Os galegos non coñecemos o noso país. Desta falla de visión do noso paisaxe, da nosa historia, da nosa xeografía, nascen dous dos nosos pecados capitaes: un por defeito e outro por eisceso; no primeiro caen aqueles que non poden sentir a Galiza na sua totalidade, na sua diversidade; na sua integridade nazonal; no segundo aqueles outros que, porque soio nunha pequena parte a coñecen (pequena no espazo e pequena no tempo) a sinten dunha maneira miúda e localista (p. 7).

Xa que logo, a Universidade tería que colaborar no espertar da nacionalidade galega artellando arredor da noción de "Galicia como nación" as achegas parciais á realidade galega que se podían realizar desde distintas disciplinas. No seu discurso a nación galega era un *dado*, unha realidade pre-existente, polo que segundo el soamente se podía coñecer cientificamente Galicia estudiándoa como nación[25].

Na situación na que se atopaba daquela, a Universidade de Santiago, un "órgao da cultura castelán" (p. 4), era inservible para achegarse ó ideal proposto, e a única esperanza de anovamento estaba depositada no estudiantado: "Nosa Universidade está en crisis, veleiquí o gran problema; os estudantes a teñen de erguer, esta é a tesis". Un dos atrancos máis serios para emprender o camiño da nacionalización da Universidade era segundo o conferencista, a pesante presencia de profesores foráneos, pois a Universidade de Santiago estaba inzada de

> profesores de vai e ven que chegan cobizosos de marchas, que toman posesión soñando no traslado, que caen eiquí coma en país de desterro (p. 4).

25. *Vid.* a título de ilustración: "os nosos feitos diferenciaes non son ensoño centifista de tal ou coal mestre, sinón, ampriados no tempo, a resultante percisa das relacións ente o home e o meio, que fan un caráiter independentemente do noso desexo e da nosa vountade [...] A xeografía determiña a historia" (pp. 8-9).

Sendo que

> a realidade amostra en xeral que nada pode agardarse de profesores alleos, que, salvas eisceicións honrosísimas de mestres benqueridos xa vinculados a nós, chegan no Castromil da mañán matinado o traslado pol-o correio da serán (p. 5).

En definitiva, Álvaro das Casas fai un chamamento á mocidade universitaria para que se enrole no movemento nacionalista, máis en concreto, no agrupamento xuvenil "Ultreya" que el mesmo fundara aproximadamente había un ano, e ó cal adica boa parte da súa conferencia.

Escasamente unha semana máis tarde, e aparentemente sen relación co devandito acto, un grupo de estudiantes galeguistas facía público un longo manifesto dirixido á opinión pública[26]. O manifesto, redactado por Ricardo Carballo Calero, está claramente inspirado polo seu discurso de inauguración do curso 1930-1931 e polo programa de galeguización da A.P.E.D. e a F.U.E., detrás do cal se atopaba el mesmo. No escrito apúntanse as aspiracións de tipo estrictamente universitario, tales como que a autonomía da Universidade e a orientación do ensino "ao práitico e ao seminarístico", pero o seu asunto principal é a "galeguización". Os principios xerais exprésanse con contundente laconismo:

> Galicia eisiste. E por eisistir ten dereito a unha cultura propia. Pra tela, precisa un centro de cultura. Este ten que ser a nosa Universidade. Ate o de agora, a nosa cultura foise creando ao marxe da nosa Universidade, cando non contra ela. O vello conceito de Universidade está en crisis. A nosa debe galeguizarse.

O concepto de galeguización desenvólvese nas liñas coñecidas: atención ás peculiaridades galegas nos estudios xerais ("queremos que se estuden os problemas xerás tendo en conta que os que os estudan son galegos"), institucionalización de estudios específicos das cuestións galegas ("cátedras permanentes de estudos galegos: Xeografía, Historia, Etnofrafía, Filoloxía e Literatura") e introducción da Lingua Galega na Universidade. No escrito, é a última das cuestións citadas a que máis se enfatiza: "Creendo n-unha cultura galega, temos que conceder ao probrema de língoa a máisima importancia". Así, despois de proclamar que "o respeto â nosa lingua é unha elemental eisixencia de cortesía e civilización", reclámase a "inmediata cooficialidade do galego co castelán nas aulas universitarias".

26. *Vid.* "Manifiesto de los escolares universitarios de Galicia", en *EPG* (15/IIII/1933), p. 14. O documento está reproducido en Carballo Calero, R. *La fuerza pública en la Universidad de Santiago*, pp. 107-112.

O programa da F.U.E. a que nos referimos antes é matizado nun sentido progresivo, pois naquel considerábase obrigatorio o uso do castelán por parte dos profesores nunha serie de materias, e agora propúgnase a liberdade de opción lingüística en todas as aulas:

> Réxime de amplia tolerancia e sólida garantía para as dúas línguas. Habería cátedras de cultura galega en galego i-en castelán[27]. No resto das cátedras o profesor e o alumno terían dereito a se espresar en calquera das duas falas.

O manifesto conclúe cunha táboa na que a "galeguización" lingüística e de contidos da Universidade aparece situada nun marco moi amplo de reivindicacións, no interior do cal e cabo da moderada reclamacion da "autonomía [política] de Galicia" aparece a bastante máis radical da "independencia universitaria con relación a Madrid" e a organización autónoma dos estudiantes galegos ("Federación Oficial Escolar Universitaria única e galega"). Entre os vintecinco estudiantes de todas as facultades universitarias que asinaban cóntanse, por citar os máis coñecidos, os nomes de Ricardo Carballo Calero (Filosofía), Francisco Fernández del Riego (Dereito), Álvaro Cunqueiro Mora (Filosofía) e Xoaquín Lourenzo Fernández (Filosofía).

Coidamos que, ademais de no contexto da propia maduración do movemento galeguista no seo da na Universidade, o manifesto debe entenderse á luz da mobilización a prol do Estatuto de Autonomía que o Partido Galeguista viña promovendo desde comezos de 1933 e da súa radicalización táctica ante as indecisións do republicanismo galego autonomista e as manobras dilatorias do seu líder Santiago Casares Quiroga. O caso é que a súa publicación se producía nun ambiente de grande tensión entre estudiantes e autoridades académicas, e non parece desatinado pensar que a descualificación implícita que contiña da Universidade de Santiago como institución galega contribuiría a acedar o humor de polo menos parte do profesorado.

Sorprendentemente, o día vinteún de marzo faise pública a nova de que un grupo de catedráticos universitarios esixe que se incoe un expediente disciplinario a Álvaro das Casas, motivado porque este fixera unha referencia ós catedráticos "de ida e volta" na súa conferencia pronunciada no paraninfo, e tendendo á súa cualidade de director do Instituto de Ensino Secundario de Noia[28]. Esta nova tensa os ánimos:

27. As segundas están concibidas para os forasteiros.

28. Uns días máis tarde saberemos que o promotor do manifesto era nada menos que Niceto Alcalá Zamora y Castillo, fillo do Presidente da República e profesor da Facultade de Dereito de Santiago. *Vid.* Das Casas, Á. "En propia defensa. Contestando a los catedráticos de la Universidad de Santiago", en *EPG* (26/III/1933), p. 1.

grupos de estudiantes mostran a súa solidariedade co profesor noiés, ó tempo que *El Pueblo Gallego* manifesta nun editorial a súa estima intelectual cara a el e denuncia a manobra dos catedráticos como unha reacción represiva e completamente desproporcionada. Neste editorial sobre a situación da Universidade o rotativo vigués insire un duro comentario sobre a actitude de boa parte do profesorado compostelán, denunciando a súa "insensibilidade" e "indiferencia" para cos problemas galegos, de xeito que a Universidade, na súa opinión, "no ha logrado aún sintonizarse con la palpitación regional, en el terreno rigurosamente científico, claro está". *El Pueblo Gallego* relaciona esta actitude coa virulenta reacción ás críticas verquidas por Álvaro das Casas:

> Los claustrales espiritualmete forasteros —con lo cual dicho también se incluyen algunos indígenas— reaccionaron contra el escozor indudable de una gran verdad promoviendo la inadecuada respuesta de un expediente.

Asemade, o presentador do acto que dera orixe á polémica, Francisco Fernández del Riego, publica un artigo no mesmo diario que axuda a entender mellor o trasfondo da referencia ós catedráticos "de ida e volta". Para del Riego, a Universidade compostelá "carece de esprito" pois está

> posta a mercede de cadeirádegos forasteiros, que pesié a esceicións honrosísimas, chegan sin outra preocupación que a de conquerir un traslado rápido que os leve fora dun país que non aman nin comprenden[29].

O artigo de Francisco Fernández del Riego, aínda que motivado pola circunstancia concreta creada pola iniciativa dos catedráticos, non renuncia a erguerse ó terreo doutrinal. Segundo el, na Universidade galega respírase o ambiente dunha "cultura feita", porque non se ocupa dos problemas galegos e porque "se ten desterrado â propia lingua". Pola súa banda, del Riego apunta como causa principal da esterilidade da Universidade na súa contribución á creación de tal cultura a de que "o cerne da ialma de Castela sigue informando" a súa orientación, ata o punto de atoparse convertida nunha "sucursal en Galicia do esprito madrileño". Aínda que o daquela dirixente estudiantil entende que a galeguización lingüística da Universidade implica o recoñecemento da igualdade de dereitos para os dous idiomas, non deixa de sinalar o seu "horizonte utópico":

29. Ferández del Riego, F. *Ánxel Casal e o libro galego*. Op. cit., pp. 131-132. *Vid.* "Los catedráticos de 'Ida y vuelta', la serenidad universitaria y un expediente", en *EPG* (21/III/1933), p. 1.

> Nós arelamos facer a Galicia totalmente galega e isto quer decir falando galego, posto que a nosa fala tense de trocar nun exquisito e refinado ademirabre meio de cultura, estormento espritúal[30].

Finalmente, sae á luz pública un manifesto dos catedráticos universitarios, que aparece reproducido na prensa galega dos días 24 a 26 do mesmo mes de marzo[31]. O manifesto expresa unha reacción corporativa (asínano vintenove catedráticos numerarios, entre os cales se inclúen os filo-galeguistas Alejandro Rodríguez Cadarso e S. Cabeza de León), reacción que ó noso entender non vai tanto dirixida contra Álvaro das Casas coma contra o movemento estudiantil que o respaldaba. O groso do escrito ocúpase en desmentir a crenza estendida de que o feito de que na Universidade de Santiago exercesen moitos profesores foráneos redundase en mingua da docencia ou a cualidade científica da Universidade compostelá. Sobre todo, rexéitase con firmeza a distinción entre profesores "forasteiros" e nativos, empregando un ton de exaltación españolista:

> Españoles todos, aquí hemos venido a profesar amparados por las leyes españolas [...] Por encima del nacimiento ponemos todos los firmantes nuestra encendida fraternidad de universitarios españoles, que al cooperar cordialmente al engrandecimiento de la región en que actúan, saben que están trabajando por el progreso de España, patria de todos[32].

Nunha interesante réplica a este escrito, o xornal *El Pueblo Gallego* volve editorializar sobre a cuestión[33]. O rotativo vigués subscribe as afirmacións de Álvaro das Casas sobre o "forasterismo docente" e as súas perniciosas consecuencias, e apoia con firmeza a crítica da figura do profesor de paso, "que vive obsesionado por la idea de abandonar una Tierra que ni ama ni comprende". Endebén, o editoralista de *El Pueblo Gallego* aclara que o termo "forasteiro" non se refire á procedencia xeográfica, nin se trata de defender un *ius soli* que excluíse do acceso á Universidade a todo profesor foráneo: no que atingue ó primeiro punto, lémbrase que un editorial anterior do xornal, ó que xa nos referimos, falaba de "forasteiros espirituais", e neles inclúense tamén profesores "indíxenas"; no que atingue ó segundo punto, afírmase que o mal que se tentaba evitar era o de que a Universidade compostelá se convertese nunha "estación de tránsito" para profesores non galegos ansiosos de promoción.

30. Lamentablemente, nas memorias do hoxe ilustre intelectual galeguista o incidente menciónase dun xeito moi sumario, e sen achegar ningunha clave de importancia para contextualizalo. *Vid.* Fernández del Riego, F. *O río do tempo*. Op. cit., p. 74. Tampouco se dan moitos detalles en Fernández del Riego, F. *Ánxel Casal e o libro galego*. Op. cit., p. 131.

31. *Vid. EPG* (24/III/1933), pp. 1 e 12. *La Voz de Galicia* 24/III/1933, p. 2, *El Correo Gallego* 26/III/1933, p. 1.

32. *Vid.* "Un manifesto de los profesores universitarios", en *EPG* (24/III/1933), pp. 1 e 12. A cita é da p. 12.

33. Vid. "Opiniones. Anécdota y categoría de la Universidad", en *EPG* (25/III/1933), p. 1.

De por parte, o editorial subscribe o autoeloxio dos claustrais cando afirman que o seu labor científico "tiene resonancia en toda España y aún fuera de ella", para axiña contrastar esta resonancia externa coa escasa incidencia do seu traballo na mellora e o progreso do país galego: "una cosa es la emoción científica y otra la racial, en puro rigor didáctico, absolutamente compatibles". Neste senso, ofrécese o labor do Seminario de Estudos Galegos como exemplo dun traballo científico comprometido coa realidade galega. O parágrafo final resume moi ben a censura que en nome da opinión galeguista lles dirixe o xornal vigués ós docentes que subscribiran o manifesto:

> Los "numerarios", con conmovedora solidaridad, se juntan en un manifiesto que defiende su indudable derecho al "traslado al amparo de la legislación vigente". Está bien. Pero a Galicia nadie le podrá negar el derecho a emocionarse si, en lugar de esta defensa de prerrogativas burocráticas, entreviese la de sus peculiaridades y aspiraciones legítimas. Porque hace mucho tiempo que sueña con ver girar, en torno a la labor universitaria, todo el sistema planetario de su cultura y la rectoralía de sus mejores sentimientos.

A polémica non remataría aí, pois aínda se produciría unha réplica en defensa propia de Álvaro das Casas e entre o líder galeguista. Alexandre Bóveda e o catedrático compostelán Carmelo Viñas y Mey[34]. A primeira cínguese ó caso particular do expediente que se lle incoara (e que por certo non sabemos cómo rematou)[35], e foi seguida de varios artigos del e do propio del Riego[36]. A dura polémica entre o filo-fascista catedrático compostelán e o líder galeguista reitera argumentos xa coñecidos arredor da cuestión do "forasteirismo"[37]. De por parte primeiro acusa ós nacionalistas de tribalismo e de tentar atraer

34. Carmelo Viñas foi un dos colaboradores, xunto a Santiago Montero Díaz, do único número da revista *Unidad*, a primeira publicación fascista que apareceu na Universidade compostelá. A súa ideoloxía españolista e imperialista é patente no folleto que lle editou en 1934 o Instituto de Estudios Portugueses, titulado *La nueva política colonial portuguesa*, que segundo A. Capelán "constitúe un alegato a prol dunha política colonialista como a emprendida pola Dictadura salazarista". *Vid.* Capelán, A. *Contra a Casa da Troia*. Santiago, 1994, pp. 225-227.

35. Das Casas, Á. "En propia defensa. Contestando a los catedráticos de la Universidad de Santiago", en *EPG* (26/III/1933), p. 1. O mesmo artigo reproduciuse cun título case idéntico en *El Correo Gallego* (31/III/1933).

36. Fernández del Riego, F. "Pol-a Universidade Nacional", en *A Fouce* 60 (15/V/1933) —sen indicación de páxina— e Das Casas, Á. "Aos amigos da Sociedade Nazonalista Pondal", en *A Fouce* 61 (1/VII/1933). O segundo escrito foi reproducido co título "Un manifesto", en *ANT* 298 (24/VI/1933), p. 2.

37. Varela, I. *Op. cit.*, p. 111, e Cores Trasmonte, B. *Las polémicas de Bóveda en la gestación del Estatuto de Autonomía*. Sada-A Coruña, 1986, p. 43. *Vid.* especialmente o durísimo artigo de Alexandre Bóveda titulado "A inconsecuente imprudencia d-un cadeirádego castelán", en *EPG* (28/III/1933), p. 1.

> a los elementos escolares intentando adormecerlos con el opio sentimental de la propaganda nacionalista [...] y cultivando en ellos la línea del menor esfuerzo, el anhelo de aprobados fáciles[38].

Escasamente un mes máis tarde, o 24 de maio, presentaba Otero Pedrayo unha interpelación nas Cortes españolas na que se facía eco explícito das reivindicacións da F.U.E. para reclamar a autonomía e a galeguización da Universidade compostelá, insistindo no aspecto lingüístico da cuestión:

> Como creemos que existe un peculiar espíritu gallego que debe animar y en cuya lengua deben ser expresados todos los motivos, todas las aspiraciones de la cultura. Al decir Universidad gallega queremos decir que no sólo el estudio de la Etnología, de la Prehistoria, de la Naturaleza, de todos los aspectos de vivir antiguo y presente de Galicia en el mundo de las ideas y de la Naturaleza, sino también de todo el cosmos inmenso de la cultura universal sea estudiado con ese espíritu gallego, que puede y debe aportar alguna solución, por lo menos algún matiz original al eterno diálogo de las ciencias y a la eterna investigación de los filósofos[39].

Para el, en resumo, a galeguización da Universidade significaba

> labrar, desear que nuestra tierra gallega y España tengan en Compostela un foco de cultura universal, pero considerada a través de un espíritu que no puede ser otro y de una lengua que no puede ser otra que los de Galicia.

6. A GALEGUIZACIÓN DO ENSINO UNIVERSITARIO: REALIZACIÓNS

Gracias á receptividade que mostrou fronte ós pulos estudiantís e da intelectualidade en xeral e gracias tamén ó seu propio compromiso na reforma da Universidade, o mandato de Alejandro Rodríguez Cadarso no rectorado de Santiago (1930-1933) foi verdadeiramente fecundo en iniciativas concretas cara á "galeguización" da "Alma mater" compostelá, que en boa parte se viron fanadas pola creba de continuidade de esforzos que supuxo o goberno universitario de Ricardo Montequi, que cadra nos seus inicios co "Bienio Negro" republicano. No curso 1930-1931 temos noticia dunha primeira iniciativa individual, pois Luís

38. *Cit.* en Varela, I. *Op. cit.*, p. 111. A autora do estudio remite na referencia bibliográfica desta cita a *El Eco de Santiago*, 24/V/1933. Á luz da referencia ó artigo de Bóveda, sospeitamos que o de Carmelo Viñas debeu de publicarse antes da data indicada por I. Varela (a non ser que a polémica se prolongase).

39. Otero Pedrayo, R. "Problemas de Galicia" en García, X. L. (ed.). *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte. Discursos parlamentarios (1931-1933)*. Sada-A Coruña, 1978, pp. 137-151 (a cita é da p. 148).

Tobío, daquela profesor auxiliar de Dereito Romano e Historia do Dereito, rematou o curso académico cun cursiño sobre o dereito galego dado en lingua galega, que segundo el mesmo tivo unha excelente acollida dos estudiantes[40]. Pero a mellor mostra da boa acollida e da vontade de institucionalización deste tipo de iniciativas por parte de Alejandro Rodríguez Cadarso témola nos acordos da Xunta de Goberno da Universidade de marzo de 1931, en que accedía á petición de establecer ensinanzas de Lingua, Literatura, Historia, Xeografía e Arqueoloxía galegas, e encargáballe ó S.E.G. e á Facultade de Letras que elaborasen os proxectos correspondentes. Igualmente, en 1932, a mesma Xunta acorda a creación de Laboratorios de investigación en Fitopatoloxía, Xeoquímica, Bromatoloxía e Hidroloxía galegas e o impulso das escavacións arqueolóxicas en Galicia[41].

Mentres os proxectos en curso non se podían pór en marcha, previuse a celebración de conferencias, leccións e cursiños sobre as devanditas materias. Así, segundo Alfonso Mato Domínguez, que rastrexou os acordos de Xunta de Goberno deses anos,

> en marzo de 1931 a Xunta autoriza un cursiño sobre Arte, Literatura e Gramática galegas con leccións en castelán e galego, proposto polos alumnos da Facultade de Filosofía e Letras[42].

Coidamos que este cursiño debe ser o mesmo Ciclo de Cultura Galega organizado polos alumnos de Filosofía e Letras do que temos noticia gracias á publicación na revista *Nós* da lección sobre a poesía galega contemporánea pronunciada no seu transcurso por Ricardo Carballo Calero contra o mes de marzo de 1931[43]. Pero este tipo de actividades intensificaríase no curso seguinte, 1931-1932. Así, pola revista *Nós* temos noticia de que Xosé Filgueira Valverde, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo pronunciaron cadansúa conferencia na Facultade de Letras, no primeiro caso organizada pola "Asociación de Estudantes de Filosofía e Letras", e nos outros dous pola "Seición de Estudos Galegos" da mesma Facultade. Xosé Filgueira falou sobre "Tópicos da sátira antigaleguista no século XVIII", Vicente Risco sobre "Introducción ô estudo do folk-lore galego" e Otero Pedrayo sobre "As vilas galegas"[44].

40. Tobio Fernández, L. *As décadas de T. L.* Sada-A Coruña, 1994, pp. 253-254.

41. Mato Domínguez, A. "Limiar" á edición facsímil de Pérez Bustamente, C. e González García-Paz, S. *La Universidad de Santiago (El pasado y el presente).* Santiago, 1934, p. 19.

42. *Ibidem.*

43. Carballo Calero, R. "Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea", en *Nós* 87 (15/III/1931), pp. 52-59.

44. *Vid.* "Os homes, os feitos, as verbas", en *Nós* 100 (15/IV/1932), p. 71; e "Os homes, os feitos e as verbas", en *Nós* 102 (15/VI/1932), p. 110.

Durante o curso académico 1932-1933 ponse en funcionamento coa estreita colaboración dos membros do S.E.G. o "Instituto de Estudios Regionales" da Universidade, que segundo A. Mato foi o que organizou durante ese mesmo curso

> os primeiros cursiños na Facultade de Letras sobre Xeografía, Historia, Literatura e Lingua, a cargo, respectivamente, de Otero Pedrayo, Risco, Filgueira Valverde e Abelardo Moralejo, que sustituirá a Lugrís Freire por non poder este facerse cargo das clases de Lingua[45].

Esta información pódese cotexar coa memoria de actividades do S.E.G. publicada baixo o título *Dez cursos de traballo (1923-1934)*, onde se consignan os cursiños de Vicente Risco sobre Historia de Galicia, de Xosé Filgueira sobre Literatura e de Abelardo Moralejo sobre Lingua, todos eles organizados polo "Instituto de Estudios Regionales" da Universidade durante o curso 1932-1933[46]; sobre o cursiño de Xeografía non se di palabra, o que nos fai sospeitar que finalmente non se levou a cabo. Na revista *Nós* unicamente se dá noticia da celebración no mes de xaneiro de 1933 do cursiño de Xosé Filgueira, que abrangueu desde a Literatura Medieval ata o Rexurdimento. Segundo a mesma información, as clases "foron un novo éisito", xa que "se viron amenizadas por unha grande cantidade de púbrico"[47]. Coidamos que son estes os cursiños a que se refire Xavier Castro cando relata que "na etapa de Cadarso, organizáronse na Universidade catro cursos libres, de quince días cada un, de historia, literatura, idioma e xeografía de Galicia", pero como el mesmo indica, segundo Vicente Risco, só se chegaron a celebrar dous deles[48]. Tampouco o testemuño de Fernández del Riego nos saca de dúbidas, pois coidamos que o memorialista confunde as conferencias do curso 1931-1932 cos cursiños do curso 1932-1933[49].

Fose como for, coa súa modestia e falla de regularidade, tratábase de iniciativas que situaban os estudios de Lingua, Literatura e Historia

45. Mato Domínguez, A. *Op. cit.*, p. 19.

46. S.E.G. *Dez cursos de traballo* (1923-34). Compostela, 1934 (2ª), respectivamente pp. 38, 50 e 48. Do cursiño de Abelardo Moralejo non se ofrece data precisa.

47. *Vid.* "Os homes, os feitos, as verbas", en *Nós* 110 (15/II/1933), p. 37.

48. Castro, Xavier. *Op. cit.*, vol. I, p. 452. A información debe estar tirada do informe que en 1933 elaborou Vicente Risco para acompañar o pedimento de ingreso de Galicia no "Congreso das Nacionalidades Europeas". *Vid.* "Fai un ano que Galiza foi reconocida como Nazón en Berna pol-o Congreso de Minorías Nazonales", en *ANT* 349 (22/IX/1934), p. 4.

49. "Funcionaba tamén por aqueles días na Facultade de Filosofía e Letras un 'Instituto de Estudios Regionales'. Profesaron nel varias figuras da nosa cultura. Vicente Risco desenvolveu un cursiño sobre 'Historia de Galicia', e explicou ademais unha lección co tiduo 'Introducción ao estudo do folklore galego'. Otero Pedrayo fixo outro sobre 'Xeografía', clausurado cunha palestra adicada ás vilas galegas desde o punto de vista da xeografía humana. Filgueira Valverde, en fin, tratou en quince lecciónS da lírica medieval, da primitiva prosa galega, da Decadencia e do Rexurdimento" en Fernández del Riego, F. *Ánxel Casal e o libro galego*. Op. cit., p. 115.

de Galicia por primeira vez no vieiro da institucionalización: nunca antes estudiantes universitarios tiveran a ocasión de contemplar estes aspectos da realidade galega tratados dun xeito serio e sistemático no ámbito académico. Desgraciadamente, o ascenso ó rectorado de Ricardo Montequi, nun período de hexemonía política das dereitas, significou a práctica paralización de todas as iniciativas que tiñan agromado durante o animado rectorado de Alejandro Rodríguez Cadarso.

8. RECUAMENTO DO MOVEMENTO ESTUDIANTIL E DEBALAR DA CUESTIÓN DA GALEGUIZACIÓN UNIVERSITARIA

O avolto curso 1932-1933 rematou mal para o movemento estudiantil progresista, con represalias e incluso apertura de expediente disciplinario a varios estudiantes, entre eles o vicepresidente da F.U.E., Poza Juncal e o representante dos estudiantes de Filosofía na Xunta de Goberno, Xurxo Lorenzo Fernández[50], e mais a clausura do local desta asociación estudiantil na Facultade de Dereito. O curso seguinte 1933-1934 tampouco non comezaría mellor: aínda que o incidente que entoldou o discurso de inauguración do curso, ó que nos imos referir axiña, parecía agoirar un período conflictivo, a victoria das dereitas nas eleccións xerais ás Cortes españolas de novembro do mesmo ano e mais o ascenso ó rectorado dun profesor decididamente anti-fuísta, Ricardo Montequi, debida á morte accidental de Alejandro Rodríguez Cadarso (acontecida en decembro de 1933), crearon un clima moi pouco propicio para a mobilización estudiantil.

Como viña sendo costume desde 1930, para a inauguración do curso académico estaba previsto que se pronunciase un discurso por parte dun estudiante nomeado pola F.U.E. e unha lección a cargo dun profesor designado polo Claustro. Os encargados para a ocasión nos inicios do curso 1933-1934 foron respectivamente o estudiante de Dereito e líder estudiantil galeguista Francisco Fernández del Riego e o catedrático de Latín Abelardo Moralejo Lasso. O discurso do primeiro, titulado "La Universidad gallega ante el momento actual" (nótese o emprego forzoso do castelán no acto)[51], constituíu un alegato a prol da

50. Varela, I. *Op. cit.* pp. 11 e 269. Ás represalias contra Xurxo Lorenzo Fernández, que o obrigaron a trasladar o expediente á Universidade de Zaragoza, refírese Fernández del Riego, *Ánxel Casal e o libro galego*. Op. cit., p. 115.

51. O discurso foi editado en folleto pola propia Universidade: Fernández del Riego, F. *La Universidad gallega ante el momento actual*. Santiago, s.d. (1934). O propio orador afirma que se ve precisado "por razones de protocolo oficial, a emplear el castellano" (p. 12). El mesmo ofrece nas súas memorias un resumo do texto, apoiado con referencias á prensa da época, e recrea o ambiente en que se pronunciou. *Vid.* Fernández del Riego, F. *O río do tempo*. Op. cit., pp. 62-64. Tamén se fai referencia ó mesmo suceso en Fernández del Riego, F. *Ánxel Casal e o libro galego*. Op. cit., p. 116.

galeguización da Universidade, e consiste en boa parte nunha glosa do programa de galeguización publicado meses antes polos estudiantes galeguistas. O orador entendía por galeguización "aquel sentido de nuestro saber que acogiese todo el universalismo dentro de su vernácula concavidad", e para conseguila consideraba urxente o establecemento oficial do bilingüismo e mais a creación de cadeiras permanentes de lingua e cultura galegas, incluíndo a Historia, a Xeografía, a Etnografía, a Filoloxía e a Literatura galegas. Del Riego remataba solicitando formalmente que o claustro universitario

> en su primera reunión oficial tome el acuerdo de pedir al Gobierno el Decreto de Bilingüismo para Galicia de idéntica manera a como fué concedido a Cataluña (p. 13).

O ton apaixonado debeu de caldear o ambiente, segundo narra o propio del Riego:

> A nutrida masa escolar aderiuse ao discurso, suliñándoo cunha forte e alongada ovación. Pediuse que a banda de música que comparecera no acto, interpretase o Himno galego. Coreárono tódolos asistentes, postos en pé[52].

Deste xeito, cando Abelardo Moralejo comezou a súa lección sobre "Los nombres propios personales con referencia a los españoles principalmente", "produciuse un inorme boureo de protesta, que lle impediu continuala". O propio rector tivo que intervir para tentar que se permitise seguir a lección, o cal se conseguiu a duras penas. O voceiro nacionalista *A Nosa Terra* explica o significado da repulsa estudiantil contra o profesor Abelardo Moralejo do seguinte xeito:

> Contra o forasteiro que odia â Terra onde lle dan hospitalidade e lle pagan. Contra o que debera ser (pol-o seu cárrego) modelador de espritos i-é solo forxador de xenreiras. E tamén [...] contra o reaccionario filofascista que a Universidade Galega, democrática e republicana, ten que repudiar e combatir por todol-os medios.

É que, segundo, a mesma fonte, o catedrático de latín era "duro, incomprensivo, rencoroso, desagradecido", e gabábase publicamente "de ser enemigo da galeguidade e de canto sexa erguemento da nosa persoalidade"[53]. Á vista diso, resúltanos bastante rechamante que o propio Abelardo Moralejo dispensase no mesmo curso académico un ciclo de leccións sobre gramática histórica galega.

52. Fernández del Riego, F. *O río do tempo*, Op. cit., p. 63.
53. *Vid.* "Na nosa Universidade", en *ANT* 312 (2/X/1933), p. 4.

O incidente tivo unha notable repercusión pública[54], que animou ós universitarios galeguistas a constituír unha organización autónoma para mobilizarse por mor de conseguir avances no programa de galeguización que xa coñecemos[55]. Pero tamén provocou a crispada reacción dunha boa parte do profesorado. Soamente unha semana despois do acto académico (que se celebrara o seis de outubro), celebrouse unha acalorada sesión da Xunta de Goberno da Universidade que "marcó el principio del fin de la F.U.E. gallega", na que o sector reaccionario do profesorado chegou a forzar a demisión de Alejandro Rodríguez Cadarso (finalmente non aceptada) e impor unha liña que, apoiada nos meses seguintes polo goberno de dereitas instalado en Madrid despois das eleccións de novembro, conducirá á exclusión da F.U.E. da participación nos organismos de representación da Universidade e á derradeira á súa práctica extinción[56].

Entrementres, creábase a "Federación de Estudantes Galegos" co seguinte programa mínimo:

> Galeguización da Universidade e de todol-os demais centros de Insiño. Cooficialidade na enseñanza dos idiomas galego e castelán. Creación de Cátedras permanentes de Cultura Galega. Asociación escolar oficial única e obligatoria [...] Que o insiño seña un dereito, non un privilexio. Autonomía integral da Universidade. Creación en ela de todal-as Facultades en todol-os grados. Escola de Arquiteitura, de Veterinaria e de Inxeñeiros e de Peritos Agrónomos. Renovación da enseñanza no orde moral e inteleitual e xubilación do profesorado rutinario e inepto[57].

A F.E.G., segundo o seu dirixente Francisco Fernández del Riego, dirixíase ós estudiantes de ensino superior e secundario:

> Por todol-os camiños da Patria, os estudantes galegos teñen de sementar os ares novos da propia cultura, primeiro na Universidade, alma mater da nosa conciencia futurista, e primeiro, tamén, nas Escolas Normaes de Maestros, das caes teñen de sair os cinceladores da concencia galeguista na ialma da nova xeneración. E despois en todal-as Escolas especiás e nos Institutos de Galiza, nas vilas e nas cibdades, e chantar e por ergueito o avante senlleiro da cultura nacional[58].

54. Fernández del Riego, F. *O río do tempo*. Op. cit., pp. 62-64 e Varela, I. *Op. cit.* p. 257.

55. *Vid.* neste senso a carta de Alexandre Bóveda a del Riego e as consideracións deste en Fernández del Riego, F. *Ánxel Casal e o libro galego*. Op. cit., p. 117.

56. Varela, I. *Op. cit.*, p. 258.

57. *Vid.* Taboada Tabanera, P. "Arengas da lembranza", en *ANT* 351 (6/X/1934), p. 3 [=*Guieiro* 5]; e Solobio. "F.E.G. Panorama da Universidade", en *ANT* 352 (9/II/1935), p. 3 [=*Gueiro* 6].

58. Fernández del Riego, F. "Movimento escolar galeguista", en *ANT* 9/II/1935), p. 4; tamén "Federación de estudantes galegos", en *ANT* 355 (2/III/1935), p. 4.

En realidade non coñecemos a fortuna posterior desta organización, pero supomos que o cambio na situación tanto política coma universitaria non deberon precisamente de favorecer a súa actuación. De por parte, todas as iniciativas que se emprenderan durante o rectorado de Rodríguez Cadarso (e canda elas a proxección cultural do "Instituto de Estudios Regionales") esmoreceron co ascenso ó rectorado de Ricardo Montequi[59]. Para o curso 1933-1934, soamente podemos consignar un curso de vinte leccións de "Gramática histórica de la lengua gallega", a cargo de Abelardo Moralejo[60]. Igual aconteceu con outra das empresas de Alejandro Rodríguez Cardarso que por razóns obvias contara co aplauso galeguista, o "Instituto de Estudios Portugueses", destinado a fomentar o intercambio científico-cultural entre Galicia e Portugal, que viña funcionando desde 1931[61]. Os órganos de prensa galeguista non cansarán de criticar a Ricardo Montequi, un rector que contemplaba a ciencia desde un "universalismo abstracto"[62], que definía a Universidade de Santiago como "la Universidad española de Galicia" e que criticaba publicamente as despesas que investira a Institución nos preparativos do proxecto de Estatuto de Autonomía[63]. A aspiración á galeguización da Universidade, adormecida no "Bienio Negro", abafada na guerra e na dictadura quedaba aprazada por décadas.

H. M.

59. *Vid.* unha valoración de conxunto, moi crítica para Montequi, en "Perfil dun Rector que se foi", en *ANT* 418 (12/VI/1936), p. 2.

60. Pérez Bustamante, C. e González García-Paz, S. *Op. cit.*, p. 197.

61. Sobre o "Instituto de Estudios Portugueses", *Vid.* Capelán. *Op. cit.*, pp. 75-227.

62. *Ibidem,* pp. 118-123.

63. *Vid.* "Novas indiscreicións reitorales", en *ANT* 328 (24/III/1934): 4. A crítica a Montequi é continua desde os primeiros tempos: "O noso Reitor da Universidá. Protestamos", en *ANT* 321 (28/I/1934), p. 1; "A galeguidade do novo Reitor da Universidade", en *ANT* 325 (24/II/1934), p. 4; "O novo Rector da Universidade", en *ANT* 415 (22/V/1936), p. 4.

Cervexa, salchichas, ideas pesadas. A imaxe de Alemaña en Camba, Risco e Tobío

Franck Meyer

Car on se soumet à de certaines idées reçues, non comme à des vérités, mais comme au pouvoir; et c'est ainsi que la raison humaine s'habitue à la servitude, dans le champ même de la littérature et de la philosophie.

Madame de Staël

INTRODUCCIÓN

Ás veces un queda estupefacto ante o que se divulga a través dos medios de comunicación. Lonxe de contribuír á mellora da comprensión do mundo, xa difícil dabondo, comprácense a miúdo en manexar conceptos que teñen como cualidade máis positiva e menos nociva a de consumir papel ou celuloide. Pero probablemente teñan tamén impacto na opinión da xente. Así, un día vese nun xornal español, que ten a mala sorte de ser citado aquí aínda que se podería tratar de calquera outro, unha caricatura cubrindo os tres cuartos da páxina e amosando un tigre e un porco (Alonso 96). O tigre con expresión fera adianta o porco que respira con esforzo e ten a ollada cansa e tontona. No tigre están debuxadas a bandeira dos Estados Unidos e unhas letras xaponesas, no porco vense a bandeira europea a medias, e o escudo alemán, a aguia, enteiramente. Esta caricatura ilustra un artigo longo co título "Alemania desfallece" (Comas 96a). Nel, parécese xirar do estereotipo de antes, do alemán que sempre traballa e nunca vive[1], ó de agora non menos simplista, do alemán que nunca traballa dedicándose só á

1. "Trabajan mucho y ganan dinero; pero no saben vivir". (Camba 68:37).

"dolce vita" (Comas 96a:4). Se en tempos anteriores se temía a Alemaña pola economía forte, o medo agora parece referirse á súa economía feble.

Outro exemplo dunha simplificación confusa constitúeo a calificación de "imagen viva de un burócrata prusiano" do antigo xefe do servicio secreto alemán nun artigo que se presenta como pura nova, e non como ensaio humorístico (Comas 96b). O xornalista non se serve de tal descrición sen ter a certeza de activar algún rexistro nos seus lectores. O exemplo demostra moi ben de qué forma se perpetúan imaxes estereotipadas máis alá do momento histórico en que tiñan unha mínima xustificación. Poderíase dicir que as imaxes sobreviven ás realidades, plasmando, non obstante, a percepción de todo o novo e cargándoo dunha significación que, no fondo, non ten: "Os tópicos culturais sepultan aquilo sobre o que se edificaron e non nolo deixan ver" (Toro 91:42).

Sirvan estas poucas frases para achegarnos ó tema do presente estudio no que se presentarán unhas consideracións ó redor da imaxe de Alemaña e dos alemáns que se atopan na obra de tres autores galegos. Sen ter intención de facilitar calquera filiación directa de estereotipos proponse máis ben botar unha ollada á tradición deles que se dá no contacto entre a Península e Alemaña. Os comentarios analizados refírense á Alemaña do primeiro tercio deste século abranguendo o Imperio guillermínico e a República de Weimar, e proceden de persoas tan distintas coma son Julio Camba, Vicente Risco e Lois Tobío[2].

Esta elección é en certo modo arbitraria. Tratar ós dous últimos nun mesmo estudio resulta coherente mentres que Camba sae do conxunto. É lícito discutir a súa denominación como escritor galego[3]. A relevancia do lugar de nacemento para a pertenza a unha literatura en particular é dubidosa (Toro 91:106ss), e Camba coñécese ou coñecíase polas colección dos seus artigos de prensa en lingua castelá. Entón, poderíanse incluír aquí outros coa mesma xustificación de falaren tamén de Alemaña[4]. Pero o marco deste artigo limita a temática, e un dos seus propósitos é o de sacar do esquecemento a Julio Camba sobre o cal é ben difícil de atopar bibliografía; basta unha ollada a calquera historia

2. Os textos tomados en consideración son: de Camba: *Alemania. Impresiones de un español* e *Aventuras de una peseta* publicados por primeira vez en forma de libro en 1916 e 1923, respectivamente; de Risco: *Da Alemaña/ Mitteleuropa* publicado como "artigos" na revista *Nós* entre 1930 e 1934, como "libro" comprendendo só a primeira parte (*Da Alemaña* pero baixo o título *Mitteleuropa*) en 1934 e 1984, o "texto completo" en forma de libro unicamente en Risco 1994 (*Vid.* tamén a nota máis adiante sobre as diversas edicións); de Tobío: *As décadas de T.L.* de 1994.

3. Isto non quita o feito de que algúns lle atribúan o especial humor galego (Onís 27:174, J.M.C.B. 56:380), pero, ¿canto hai aquí de estereotipo?

4. Algúns adúcense en Rodríguez Richart 80:52s e Schwarz 83:406. Para máis españois en contacto con Alemaña *Vid.*, por exemplo, Hoffmeister 80, Siles 85, Antón Andrés 70, López-Morillas 86 e Schwarz 65.

da literatura ou ben á *Enciclopedia Gallega* para comprobalo[5]. Un argumento maís para ocupármonos del é, finalmente, a hipótese de que a visión que Camba deu de Alemaña influira moito na imaxe posterior deste país (Schwarz 83:406).

CONSIDERACIÓNS TEÓRICAS

Este traballo insértase nun campo de estudio que algúns chaman "imagoloxía literaria" definida como "l'étude des représentations de l'étranger dans la littérature" (Moura 92:271; *Vid.* tamén Harth 94) e pertencendo á literatura comparada aínda que rozando ámbitos científicos máis amplos: "Appartenant à l'imaginaire d'une culture ou d'une société, les images de l'étranger excèdent de toute part le champ proprement littéraire et sont un objet d'étude pour l'anthropologie ou l'histoire". (Moura 92:271; *Vid.* tamén Boerner 75:319). Outros consideran superflua a introducción dunha disciplina nova para o feito de estudiar clichés na literatura (Riesz 80).

Estas incertezas académicas afortunadamente non impediron a ocupación coa problemática, habendo, non obstante, tamén dúbidas verbo da denominación do que se quere investigar: *imaxe* (Moura 92, Aranguren 57, Schwarz 83, Merlio 88, Tietz 80, Brenner 89, Boerner 75), *tópico* (Rodríguez Richart 80), *estereotipo* (Brenner 95, Fischer 90). A miúdo aparecen varios termos no mesmo artigo: *cliché*, *estereotipo* e *prexuízo* (Rehs 73, Harth 94), *tópico*, *lugar común* e *imaxe* (Caro Baroja 86), *imaxe* e *estereotipo* (Gruner 91, Krakau 85). Hai tamén quen constata que as diferentes palabras en uso son máis ou menos sinónimas (Ruf 73:21, Kleinsteuber 91:61). Sen embargo, hai preferencias segundo a disciplina en cuestión. Así, *imaxe* é máis frecuente nos estudios literarios, igualmente *tópico* como termo técnico literario, mentres que *estereotipo* é unha expresión procedente do xornalista americano Lippmann (Krakau 85:10, McDonald 93:220, Kleinsteuber 91:61), que se utiliza sobre todo nas ciencias sociais, como na psicoloxía social, por exemplo (Linssen/Hagendoorn 94, Hofstätter 73), e que ademais ten dous polos: un autoestereotipo para o propio grupo e, en determinación complementaria, un hetero-estereotipo para *os outros* (Krakau 85:12 e 15).

5. A causa parece estar en que non se sabe onde encaixar a Camba. No caso das historias da literatura galega só se menciona a pouca cousa escrita por Camba en galego, para o demais non se senten responsables (Carballo Calero 75:508). Nas historias da literatura española un dos problemas está en que, dentro do espacio restrinxido para unha literatura tan voluminosa, poucas liñas se sacrifican a un xénero considerado menor como o artigo xornalístico. Así, hai media páxina dedicada a Camba en Valbuena Prat 83:367 que, non obstante, fala de "alta adquisición literaria". Noutras moitas obras de consulta búscase a Camba incluso en balde.

Parece haber unanimidade en que os estereotipos ou imaxes son elementos necesarios na percepción do mundo, xa que lles facilitan ós humanos unha especie de filtro polo cal se escollen datos manexables dunha avalancha de informacións chegando ós sensos (Ruf 73:25, Brenner 95:13, Krakau 85:10, Husemann 90:89); eles constitúen, polo tanto, unha realidade cognitiva inevitable. Serven á orientación do individuo, e tanto máis cando o seu entorno se presenta estraño. Evidentemente, os estereotipos conteñen valoracións, simplificadas por definición, garantes da identidade do propio grupo (Rehs 73:8s, Husemann 90:90s, Fischer 90:271, Krakau 85:15). Como son moi cómodos poden substituír o coñecemento verdadeiro do mundo exterior e chegar a impedir procesos de aprendizaxe e a comunicación entre persoas e nacións (Martínez Sáiz 89:26).

En qué medida isto sucede no caso dos tres autores galegos arriba mencionados é unha pregunta á que se quere aquí dar unhas respostas. Non se vai intentar atopar o gran de verdade tras os estereotipos xa que "non dispomos de datos obxectivos sobre os trazos de pobos enteiros" (Hofstätter 73:17)[6]; demasiado ostensible é o feito de que os estereotipos din máis sobre quen os divulga que sobre quen queda caracterizado por eles (Tietz 80:25, Harth 94:8, Fink 94:75). Hanse contrastar soamente nalgúns exemplos as enunciacións coa realidade designada co gallo de ofrecer suxerencias para a estimación adecuada dos textos en cuestión.

SEMELLANZAS E DIFERENCIAS ENTRE CAMBA, RISCO E TOBÍO

Os tres autores en cuestión sérvense de xéneros distintos, escriben para cadanseu público non idéntico, están en situacións persoais diferentes no momento da redacción dos seus comentarios en torno a Alemaña, á parte de que un, Camba, non se refire á mesma época que os dous outros. Ademais, mentres que os escritos de Risco e Camba chegan, nas primeiras edicións, ó público como documentos contemporáneos, Tobío conta o pasado desde unha distancia de máis de sesenta anos. Todo iso fai que as afirmacións dos tres non se poidan valorar de igual maneira.

Camba non oculta as condicións ou os bos motivos que determinan o seu estilo e xeito de ver as cousas. Facilita a clave para os seus textos cando di o seguinte: "Los libros de viajes son una impostura, porque el escritor, que sólo ve sin prejuicios las cosas de que no habla [...] habla únicamente de las cosas que no ve [...] si hay un modo peor de ver el

6. Esta e as demais traducción desde a lingua alemana son miñas.

mundo que como escritor viajero, es como lector de las impresiones de los escritores viajeros. Advirtámoslo sinceramente [...]" (Camba 69a:10). Asemade, confesa como outro motivo o de querer vender os artigos e de percibir o mundo, por iso, xa en "forma de artículo" (Camba 69:9). Ridiculiza a idea de aprender algo a través de libros de viaxes. Escribe en función do seu público que caracteriza como "frívolo, ligero. Quiere que le digan las cosas de una manera rápida, fácil, agradable" (Camba 68:197). Camba viaxa polo mundó e paga as viaxes cos cartos que consegue cos seus artigos. Con iso, ten éxito. O seu "humorismo" faise coñecido e é constatado polos investigadores (Valbuena Prat 83:367; Onís 27; J.M.C.B. 56, Schwarz 83). En *Alemania. Impresiones de un español*, Camba escribe sobre e desde un país que nos anos anteriores á I Guerra Mundial en realidade está nunha fase dunha ata daquela descoñecida forza económica, cultural e política, e que participa, como a maioría dos estados europeos, no imperialismo histórico. Ó mesmo tempo, a patria do xornalista segue sufrindo da perda das últimas colonias, "con lo cual quedaba España reducida a su mínima expresión" (Ortega y Gasset 70a:24). É unha época de emigración masiva, da guerra de Marrocos, de revoltas e folgas como a de Barcelona en 1909, da definición e consolidación dos nacionalismos rexionais. A idea de *regeneración* ou de *europeización* ocupa a moitos intelectuais españois, algúns ven unha saída no achegamento ó espírito alemán que en parte substitúe a influencia francesa (Ortega y Gasset 70a, López-Morillas 86, Sotelo 89, Aranguren 57). Francisco Ayala comenta este fenómeno así: "culturalmente España había vuelto a ponerse en el mapa de Europa, y para conseguir este resultado el contacto con Alemania había sido decisivo. Es un proceso que se inicia con Sanz del Río a la conquista del vellocino de oro krausista, y que terminaría con los últimos becarios a quienes sorprendió la guerra civil española cuando estudiaban en Alemania". (Ayala 88:146). Sen embargo, na I Guerra Mundial as simpatías polos aliados parecen prevalecer. É cando se publica o primeiro libro de Camba sobre Alemaña. En *Aventuras de una peseta* que aparece en 1923 hai tamén unha parte sobre este país que mentres tanto cambiou dun xeito bastante radical: pasou dunha monarquía forte a unha democracia feble, dunha potencia mundial a país ocupado con finanzas en quebra, perdeu territorio e poboación coa derrota na guerra.

Risco vai a Alemaña no ano 1930 para estudiar etnografía, unha intención que finalmente non pode realizar, pero está obrigado a xustificar dalgunha forma a súa viaxe[7]. Publica as súas impresións na revista *Nós* en artigos soltos de forma irregular, de xeito que só un lector

7. Para evitar demasiadas repeticións remito aquí á miña ponencia no *Congreso Vicente Risco* en outubro de 1995 que se vai publicar nas *Actas* correspondentes.

asiduo pode valorar o conxunto[8]. Vai a un país en desorde onde xa se anuncia o auxe do nazismo, mentres na súa propia patria a dictadura está agonizando e pouco despois vai deixar paso á II República. Este viaxeiro é o grande teórico do nacionalismo galego e goza dun prestixio e respecto intanxibles. Ó contrario de Camba el escribe en galego, e para un público galeguista que vive unha das fases máis activas da súa cultura, establecendo o seu idioma en dominios antes non imaxinables. Aínda está o galeguismo no estado de autodefinición, sen constituír un movemento prioritariamente político; non será ata un ano máis tarde cando se funda o Partido Galeguista no que Risco vai perder o protagonismo de tempos anteriores. Cando vai a Alemaña, vai tamén encargado polos seus compañeiros a proporcionar informacións completas e análises brillantes como el adoitaba presentar.

A presión para Camba é o seu público que desexa diversión satírica, a presión para Risco é a de confirmar o seu papel de pensador importante. A situación de Tobío é máis cómoda. Despois dunha vida rica en experiencias e recoñecemento, despois de emigración e carreira diplomática publica as súas memorias que exceden en moito o volume dos escritos pertinentes de Camba e Risco aínda que a parte dedicada á estadía en Alemaña nos anos 1929-1930 comprende soamente unhas 40 páxinas das 700 do libro enteiro[9]. O seu autor non ten que demostrar nada. Na súa idade, xa por respecto, ninguén lle vai discutir a súa competencia nin a importancia que ten na vida cultural galega, por exemplo, como un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos. É coñecido tamén como traductor de obras de lingua alemana tanto ó galego como ó castelán, entre outros de Heinrich Mann e de Rainer Maria Rilke. Se di algo sobre Alemaña coa que estivo en contacto continuo desde a primeira visita, dío desde un punto de vista actual, é dicir, de despois da última guerra e sendo sabedor dos resultados daquilo que quizais se anunciou durante a estadía descrita. Tratándose de memorias, que conclúen cunha frase en alemán (Tobío 94:702), pódese esperar, finalmente, unha mestura de reflexións concluíntes e anécdotas importantes para a vida do seu autor por se gravaren na súa lembranza. A distancia axuda e os comentarios de Tobío han estar purificados dun apego á actualidade; comparado con Camba e Risco está na posición privilexiada de ter podido corrixir xuízos precipitados.

8. A confusión para o posible lector non diminúe pola publicación no ano 1934 do libro *Mitteleuropa* que non contén a parte nomeada así na revista; e prolóngase ás *Obras completas* onde se dá sen comentario o texto íntegro da versión de *Nós* ("Da Alemaña" e "Mitteleuropa") baixo o título *Mitteleuropa*, formando esta versión tamén un fragmento, interrompido antes dunha visita proxectada na casa de Freud.

9. Sería interesante investigar a vida dos intelectuais españois que por esas datas andan por Alemaña en grande número, coincidindo a miúdo en Berlín na casa do Profesor Gamillscheg e mencionándose mutuamente nos seus textos, como no caso de Risco e Tobío, tamén no de Ayala (Ayala 88:160s).

OUTRO MUNDO

En épocas en que poucos poden viaxar, en que non hai televisión, libros de viaxes ou tamén outros tipos de documentos sobre contactos interculturais constitúen unha das poucas posibilidades de conseguir informacións sobre países lonxanos, informacións que, non obstante, chegan a un público limitado xa que non todos saben ler e os que saben non sempre o fan. Libros de viaxes tematizan o encontro co estraño e remiten ó mundo propio. Aducindo os casos de Tacitus, Montesquieu, Staël e tamén Camba, un investigador austríaco constata o seguinte: "As condicións estrañas serven ora de exemplo positivo, ora de negativo; constante fica soamente a ollada inmóbil, dirixida cara á sociedade propia" (Schwarz 83:413).

En Camba as autorreferencias son tan frecuentes que incluso chega a escribir capítulos onde só se fala de España e de españois, nun libro que se titula, sen embargo, *Alemania* (por exemplo, "Falsificación de andaluces" e "El gabán de pieles", Camba 68:77ss e 89ss, respectivamente); e na retrospectiva el mesmo confesa: "cuando yo creía estar observando con mayor atención, por ejemplo, a Inglaterra y a los ingleses, en realidad observaba más bien a España y a los españoles" (Camba 69b:161s). Sobre *Mitteleuropa* Fonte di: "É certa e sotil a presencia de Galicia ó longo de toda a viaxe" (Fonte 86:115). E aínda que o libro de Tobío non é de viaxes en primeiro lugar[10] menciona igualmente a tensión entre o propio e o estraño/estranxeiro: "para os que viñamos de España co fardel de prexuicios da nosa sociedade vilega, era coma chegar a unha terra incógnita, a outro mundo" (Tobío 94:219)[11]. Poderíase dicir logo, que o tema dos textos aquí tratados é a problemática identidade/non-identidade. A diferencia está na presentación desta non-identidade.

A última frase citada de Tobío é moi típica do seu modo de ver Alemaña. As diferencias que lle chaman a atención explícaas normalmente con criterios socio-económicos, é dicir, que non recorre a supostas esencias eternas ou trazos raciais. No que toca á liberdade sexual, por exemplo, el veo como consecuencia da guerra, da arela da

10. Iso quere dicir que o xénero ó que se adscribe o seu libro é o de memorias, pero como persoa que estudiou no estranxeiro, que tivo que emigrar e que estivo no corpo diplomático, Tobío fai na súa vida moitas viaxes, coa consecuencia de que gran parte do libro estea dedicada a relatar as experiencias realizadas nelas.

11. Para esta bipolaridade na percepción do estraño, que moitas veces é interesada e pode callar en (auto/hetero-) estereotipos, a lista de exemplos pódese prolongar (aquí no caso España-Alemaña); sobre Sanz del Río e Ortega lese: "Alemania es, pues, para los dos remota atalaya desde la que, con un nuevo catalejo intelectual, otean la inquietante realidad española como etapa previa a una intervención en ella" (López-Morillas 86:23s); sobre Pío Baroja: "La Alemania del pensamiento es la que interesa injertar en el mortecino tronco español" (Antón Andrés 70:190).

xente de esquecer, e da situación económica das mulleres que por traballaren chegan moitas veces a certa independencia (Tobío 94:218s) —para Risco a mesma cousa é signo de decadencia e de materialismo marxista (Risco 94:313, 343ss e 462s). En canto a este tema político, Camba chama á Alemaña imperial "el país del socialismo" (Camba 68:53)[12], e Risco aplica a mesma xeneralización á República de Weimar: "Alemania está saturada de marxismo. O marxismo aquí xa manda, goberna [...]" (Risco 94:450). Tobío constata, en contraste, que hai "círculos intelectuais, sociais, políticos, artísticos" (Tobío 94:245) onde o tema marxismo se discute, ou sexa que refire o fenómeno ó seu marco correspondente que seguramente existía tamén noutros países, pénsese, por exemplo, nos surrealistas franceses.

Cando Tobío fala dos alemáns non os presenta como exemplos da raza alemana senón como individuos de nacionalidade alemana. Isto empeza xa no barco que o leva a Hamburgo no que se atopa con dous alemáns viaxando como el en terceira clase (Tobío 94:212). Unha vez no país fai amigos que lle permiten obter unha idea da vida alemana (Tobío 94:216s e 225ss) e tamén bota moza (Tobío 94:246ss e 372ss). Noutras palabras, coñece a alemáns medios ó contrario de Risco que trata case unicamente a outros estranxeiros (ou ó profesor de románicas Gamillscheg). Comenta trazos que observa na xente que coñece sen xeneralizar. Así, por exemplo, fala do "pouco xeito que tiñan para a crítica e o humor" referíndose ós "alemáns que tratei en Berlín" (Tobío 94:223); a maioría dos que chega a coñecer caracterízaos como simpáticos e abertos (Tobío 94:226). Menciona tamén o cambio que nota nos seus coñecidos nunha visita á Alemaña nazi en 1935-1936 (Tobío 94:374), contextualizando sempre eses cambios e xulgando o nazismo con palabras prudentes que evitan a opinión fácil e feita: "non é doado reducir o nazismo a un esquema sinxelo polo seu carácter esencialmente irracional e emocional ata a histeria" (Tobío 94:374).

Non deixa pasar o tempo sen gozar das posibilidades que ofrece unha cidade grande. Á parte de ir á universidade, visita bibliotecas (Tobío 94:230) e museos (Tobío 94:249), bota unha ollada a unha xuntanza política (Tobío 94:244s) e investiga tamén a boa vida nocturna de Berlín (Tobío 94:242ss). Pódese dicir que Tobío verdadeiramente *vivía* en Alemaña. Non é por nada que sesenta anos despois se lembre dese tempo con agarimo: "Eu sentíame feliz en Berlín, coma se estivese no centro do mundo" (Tobío 94:251), "Poucas cidades eran tan completas coma aquel Berlín do que se podía dicir que tiña de todo [...]" (Tobío

12. *Vid.* o comentario verbo desta idea estraña en Schwarz 83:416s, que interpreta a actitude de Camba como un medo atroz ante os cambios que supón a sociedade moderna e científico-industrial.

94:249), "o gran Berlín, daquela un dos centros de máxima tensión espiritual no mundo, un fervedoiro de saber e de arte" (Tobío 94:214).

Neste conxunto, a presencia de estereotipos ten carácter máis ben esporádico. Tamén Tobío di algo como que "eran tan bos militares" e que "a aquela xente [...] lle gustaba obedecer" (Tobío 94:223). Isto parece unha copia dunha frase de Camba: "El ideal del pueblo alemán [...] no consiste en gobernarse, que es en lo que consiste el ideal de todos los pueblos, sino en que lo gobiernen" (Camba 68:200). Sen embargo, repárese nas maneiras diferentes de dicilo, aquí "aquela xente", é dicir un grupo definido nun momento determinado, e alí o "pueblo alemán", sen excepción, para sempre[13]. Noutro lugar, distingue certo dualismo nos alemáns, cos polos de romanticismo por unha beira e de racionalidade por outra, pero sen infravalorar a situación histórica que favorece certa saudade "acrecentada naqueles anos polos desastres e desesperanzas da guerra perdida [...]. A catástrofe do estado repercutiría na situación persoal de moitos que perderan rango social e económico" (Tobío 94:220s)[14]. Á parte de dar aquí coa palabra *saudade* unha traducción adecuada de *Sehnsucht*[15] Tobío ponse no mesmo contexto a falar dos *Schlager*, das cancións modernas populares que para el conteñen moitos sentimentos románticos. Entón, orienta o interese cara a un fenómeno contemporáneo sen perderse en trazos eternos. Desta forma completa a visión da vida e cultura alemanas daquela época interpretando o que ve, pero ofrecendo sempre información sobre elementos determinantes do ambiente social do momento[16].

A visión risquiana, ó contrario, queda demasiado pegada a un pasado que xa non existe: *"Mitteleuropa* é, por riba doutras moitas cousas, a viaxe imposible á Alemania romántica que Risco non pode encontrar" (Fonte 86:114). Risco ten a mente extremadamente receptiva: "a sua ollada pescudadora [...] observaba, examinaba, avaliaba e criticaba canto vía, atopaba ou pasaba ao carón seu, cunha afouta curiosidade que endexamais se fartaba" (Tobío 94:241). Pero a pesar diso a

13. Ademais, Camba dío no contexto de máis necidades no capítulo "El pueblo alemán" (Camba 68:198ss).

14. Que diferencia tamén aquí a Camba que no capítulo titulado "La eterna Alemania" di: "Después de seis años yo estaba un poco más gordo y Alemania estaba un poco más flaca; pero, en el fondo, no habíamos cambiado gran cosa" (Camba 69a:22, *Vid.* tamén Camba 68:9).

15. Con iso refuta ós que, querendo conservar para eles o privilexio de certa emoción ou estado de ánimo, negan a posibilidade de traducir *saudade* e *Sehnsucht*, respectivamente.

16. Aínda que Tobío en ningún momento pretende dar unha imaxe global de Alemaña, contribúe, non obstante, co seu relato á mutua comprensión, algo que explicitamente ve como imprescindible: "Voltaba de Alemania máis europeu e máis galego pois non hai dúbida que o futuro salvador destas terras está no recoñecimento e na armonización das distintas e gloriosas singularidades, de todas, teñan hoxe estado ou non, nunha irmandade coa que desde hai xa tempo veñen soñando os seus máis ilustres fillos" (Tobío 94:252s).

súa percepción parte da decepción que lle produce o mundo moderno e valora os fenómenos en función dun ideal que non descobre, determinado polo espírito e non a materia. Aquela Alemaña, a "Alemaña romántica, a que todos levamos dentro e que o non atopala é un timo" (Risco 94:304) é unha idea que lle chegou a través do filtro de Madame de Staël (Staël 67). Risco mesmo di que se educou "en libros franceses" (Risco 94:517), e o feito desta influencia na maioría dos intelectuais españois da época en cuestión certifícano varios investigadores (Martínez Sáiz 89:9 e 12, Schwarz 65:19s, Aranguren 57:16, Schwarz 83:408, López-Morillas 86:17, Ortega y Gasset 70a:24). Que orixinariamente a parte maior do texto aquí analizado se chamara *Da Alemaña* ou sexa como o libro de Staël é outro argumento para esta hipótese. A francesa debuxa un país —daquela ocupado por tropas napoleónicas— de poetas e sabios, berce do romanticismo, pero como utopía en contraste a Francia e nun momento anterior á revolución industrial, e esta non se chama así por nada. Velaí o erro ahistórico de Risco do que non se decata cando critica "moitas cousas da Alemaña de hoxe que non me parecen responder ao seu espírito" (Risco 94:547); o espírito é algo moi abstracto e moi ancho que, se existe, non fica eternamente inmutable. A suposición de Risco de que vestixios desa súa Alemaña soñada se atopen aínda nalgúns "vales das montañas do Sur" (Risco 94:441) fai pensar ademais en que leu tamén a Camba que sitúa un idilio alemán en Baviera en oposición a Prusia (Camba 68:93ss). Xa Madame de Staël chama o sur de Alemaña "contrée paisible" (Staël 67:13) que inclúe aínda, claro está, Austria. E Risco confirma esta visión coas súas verbas sobre Viena: "todo moi comprensible e natural e adoitado, e non coma o de Berlín" (Risco 94: 523), "Atravesamos sitios moi fermosos [...] todo un pouco parisién, máis lindo e máis señor que en Berlín" (Risco 94:525)[17].

Industrialización, internacionalización, capitalismo, marxismo, materialismo, igualdade son termos que se converten para Risco en sinó-

17. Hai, ó mesmo tempo, diferencias fundamentais entre Madame de Staël e Risco. Ela presenta un libro voluminoso e bastante completo apropiado para dar unha imaxe global, a pesar das súas tomas de postura. Coñece persoalmente a gran número dos alemáns importantes da época, escritores e pensadores, facilitando co seu libro un panorama neste respecto abondo extenso. Tampouco cae no erro de equiparar ningunha rexión coa totalidade de Alemaña, senón que advirte explicitamente no comezo do libro: "Quelques traits principaux peuvent seuls convenir également à toute la nation allemande; car les diversités de ce pays sont telles, qu'on ne sait comment réunir sous un même point de vue des religions, des gouvernements, des climats, des peuples même si différents" (Staël 67:5), "Les allemands sont Saxons, Prussiens, Bavarois, Autrichiens; mais le caractère germanique, sur lequel se devrait fonder la force de tous, est morcelé comme la terre même qui a tant de différents maîtres" (Staël 67:6). As súas preferencias, sen embargo, están do lado do norte do país, que seguramente se distingue máis de Francia e dos países latinos en xeral que o sur. Isto constitúe un bo exemplo para o cambio nas valoracións dos mesmos trazos ó longo da historia e no paso da visión francesa á galega.

nimos anunciadores da chegada do xuízo final: "E agora, cando vexo as cousas, coido que o mundo ten merecido de abondo que chegue o seu día derradeiro [...]" (Risco 94:358). A idea da decadencia é obsesiva no ourensán, os exemplos ó longo do libro son múltiples e aparecen en moitas variacións, ás veces con conclusións curiosas, por exemplo, cando explica a relación entre estado socio-histórico e arquitectura: "cómpre considerar as cousas: aumento das psicopatías, aumento dos suicidios, baixa dos nacementos, baixa do índex de robusteza física, inmoralismo, afán de gozar, narcóticos, estupefacientes, etc. ¿Que ten de estraño que as casas dos homes destas sociedades se imiten aos sanatorios?" (Risco 94:447, no capítulo correspondente procura presentar a "nova Alemaña").

Evidentemente, un lugar como Berlín é un caso destacado dunha sociedade avanzada[18]. Pero, ademais do procedemento non moi científico de mesturar as nocións mencionadas, Risco non se refire ó estado socio-cultural para explicar a situación do país que visita senón que recorre a ideas abstractas e xeneralizadas. Fala da "violencia da raza alemana" (Risco 94:300), da "violencia xermánica" (Risco 94:301) cando está nun museo e describe obras de arte; o fenómeno de organizacións de masas[19] explícao coa "disposición asociativa, sistemática e ata militar da raza" (Risco 94:463); o capítulo sobre "nacionalismo" introdúceo coa frase libre de matices "Todo alemán é nacionalista" (Risco 94:466); o mesmo xeito de servirse de supostas esencias biolóxicas loce na presentación do militarismo: "Todo alemán é militar [...]. Non é militar por deber, por educación nin por hábito, senón por nacencia" (Risco 94:467); incluso o nazismo parece caerlles ós alemáns por idiosincrasia: "O nacionalsocialismo é alemán, ademais, e os alemáns tenden á esaxeración, ao excesivo, á violencia, nativamente" (Risco 94:468). Se é así, tampouco se puido facer nada contra el. Esta forma de explicar moitas cousas por algún carácter nacional leva á perda da conciencia histórica e acaba na idea de que son forzas irracionais e inexplicables, ou instintos[20], que determinan o curso do mundo[21], á parte de que fomenta visións deformadoras e ás veces racistas[22].

18. "Risco, coa sua punxente capacidade analítica, arrenegaba do 'progreso' en moitos dos seus aspectos, xusto naqueles en que Berlín era un dos centros máis vivos [...]" (*Tobío* 94:241).

19. Cómpre resaltar que tamén o galeguismo chegou daquela a formas colectivas de organización.

20. "O odio de razas radica nun fondo da alma inatacable polo razoamento. É un instinto" (Risco 94:469).

21. Trátase aquí dun feito que Schwarz observa tamén nos libros de Camba (Schwarz 83:419ss).

22. Isto pásalle a Risco máis dunha vez cos xudeus: "ela fea de gana e recomposta, posiblemente israelita, do tipo israelita de face achatada e coma esmagada cun mazuco dun carpinteiro" (Risco 94:308); "Manseliña e lene dinamita, o xudeu é a gran forza desorganizadora, o formento da disolución social, que vai rillando os fundamentos de tódalas cousas"

Á diferencia de Tobío, Risco queda sempre estraño a Alemaña. Aínda que constata que a súa "maneira de pensar e de enxergar as cousas é moito máis alemana que francesa" (Risco 94:547) non pode negar as dificultades fondas que ten coa realidade do país. Esfórzase en comprender, pero o seu mundo é outro: "A imposibilidade que ten para comprender ou asumir moitos dos fenómenos daquel tempo, fai que busque refuxio na vella idea do Romantismo, niso que para el son os tempos mellores" (Fonte 86:115). A estadía en Berlín é unha loita para Risco de maneira que para o momento da despedida apunta: "E o que sei, é que eu, odiador das grandes cidades, non hei esquecer endexamais, as miñas horas, as máis de tristura e soedade, pasadas en Berlín" (Risco 94:482). As súas valoracións e opinións sobre Alemaña non conforman ningunha excepción; tamén especialistas da cultura alemana como os xermanistas franceses de entreguerras deixáronse seducir por simplificacións que alguén comenta así: "[...] fallait-il donner de l'histoire allemande cette image diabolique ou ériger en qualités permanentes du peuple allemand des comportements auxquels l'histoire avait seulement donné l'occasion de se manifester?" (Merlio 88:79)[23]. E desde logo, de moitos estereotipos os mesmos alemáns teñen a responsabilidade (Gruner 91:46ss e 58).

Os pequenos textos de Camba son caricaturas en prosa. Hai moi poucos casos nos que os artigos simplemente informan sobre un tema e non pretenden divertir humoristicamente, tal como queda anunciado no prefacio de *Aventuras de una peseta* (Camba 69a:9s). A caricatura ten en común co estereotipo a simplificación, e distínguese normalmente polo seu obxectivo que pode ser facer rir ou tamén revelar. Isto non quita a posibilidade de que o estereotipo se presente baixo formas humorísticas como o chiste ou a caricatura (Fischer 90)[24], é dicir que nalgúns casos caricatura e estereotipo poden coincidir ocultando tras a face cómica un elemento agresivo, ou, noutras palabras: "É de supoñer que estereotipos constitúan máis que retratos caricaturas concibidas sobre a base de certas intencións" (Hofstätter 73:17)[25]. No caso de Camba sucede algo semellante aínda que a súa auto-ironía e concesión

(Risco 94:470); "a raza xudaica é unha raza hepática, de temperamento dominado polo fel, e de aquí a cor de ceruda dos máis puros" (Risco 94:473); "Teñen algo de ratas e algo de macacos" (Risco 94:498, no capítulo titulado "Os xudeus no seu tobo").

23. *Vid.* tamen Antón Andrés 70 (a imaxe que Pío Baroja construíu de Alemaña).

24. O estudio de Fischer trata de burlas e lendas xenófobas existentes en Alemaña sobre grupos como os turcos.

25. A coincidencia de estereotipo e caricatura descóbrea Rodríguez Richart en dúas obras de Arniches e Paso indicando tamén o efecto nocivo: "[...] claro que en los dos esas deformaciones de la realidad, en parte al menos, están hechas para lograr efectos humorísticos. Pero, no obstante, esa 'visión de los alemanes' se difunde ampliamente entre la gente que, en su mayoría, no dispone ni de experiencias propias ni de referencias de confianza que puedan contrarrestar y corregir esas plasmaciones abultadas, groseras, a todas luces exageradas" (Rodríguez Richart 80:52s).

da posibilidade de errar[26] exerce de factor relativizante e o salva de monstruosidades (Schwarz 83:406 e 426s)[27].

Xa nos títulos dos seus artigos se anuncia o estereotipo: "La vida mecánica" (Camba 68:52ss), "El método hasta en las diversiones" (Camba 68:65s), "El país de la cerveza" (Camba 68:95ss), "El 'colosalismo' berlinés" (Camba 68:169s), "La fuerza alemana" (Camba 68:185s), "El colosalismo" (Camba 69a:15s), "Un caos metódico" (Camba 69a:16s). As persoas, descríbeas en xeral como tipos, non é o individuo o que lle interesa, senón a persoa como tipo, como caricatura[28]. Incluso a forma de chamar á parte sobre Alemaña no libro *Aventuras de una peseta*, "La peseta en Teutonia" (Camba 69a:13ss), indica a valoración feita xa que a serie "Teutonia-Britania-Italia-Lusitania" presenta unha asimetría sendo a denominación neutra máis ben "Germania"[29].

Na imaxe simplista que ofrece de Alemaña[30] hai dous tipos humanos centrais e representantes do carácter do pobo: o soldado e o profesor (Schwarz 83:407). Dun xeito que non se ocupa de matices considera como "versión" normal "do" alemán o militar[31]. Á parte de reproducir un ideal certamente propagado polo exército prusiano e o mesmo emperador Guillermo II, continuado polos nazis, Camba insértase nun fenómeno europeo que consiste no deterioro da imaxe de Alemaña a partir da guerra de 1870 e máis pronunciadamente na I Guerra Mundial (McDonald 93:229)[32]. Se se ten en conta que durante esta se publicou o libro por pri-

26. Os casos máis destacados disto danse no capítulo "Si la torre Eiffel fuese berlinesa" (Camba 68:181s) onde lle consta a Camba que os estereotipos son autoafirmativos, e en "La España romántica" (Camba 68:179s) que trata dos estereotipos que se teñen no estranxeiro sobre os españois (por certo, estereotipos que a penas variaron ata hoxe). Camba aclara tamén o seu procedemento ó escribir: "¿Qué va a hacer el pobre periodista, obligado a poner un poco de amenidad en la vida de sus lectores, como no sea calumnia? [...] la realidad nos ofrece muy pocos canallas [...] Hay, pues, que inventarlos o exagerarlos, y esto es la calumnia" (Camba 68:127).

27. Pero cando fala do "pé alemán" e da "calvicie alemaña" chega a un límite discutible (Camba 68:139ss e148s).

28. Así, no primeiro capítulo de *Alemania* compara os berlineses cos edificios da cidade, demasiado limpos e novos (Camba 68:13).

29. Neste contexto é curioso que ata unha persoa como Ortega y Gasset, español coñecedor de Alemaña como poucos máis, se deixe seducir pola súa cultura clásica e vexa na *Gründlichkeit* alemana, que traduce por "entereza" e "lealtad radical", o que os romanos (hai dous mil anos) descubriron nos xermanos: o *furor teutonicus* (Ortega y Gasset 70b:191). Estamos de novo ante o feito da contribución de cualidades eternas que sobreviven pase o que pase. Unha visión menos mitolóxica diría que a *Gründlichkeit* é simplemente a actitude de querer facer ben unha cousa.

30. A palabra "simplista" tamén é a que Casares utiliza para a visión risiquiana de Alemaña (Casares 81:87). Camba e Risco non son casos únicos (*Vid.* Rodríguez Richart 80:52s sobre Carlos Arniches e Alfonso Paso), e, desde logo, imaxes simplistas existen case de todos os países, *Vid.* no mesmo Camba e nas súas *Aventuras de una peseta.*

31. Por exemplo, no capítulo "Carnaval perpetuo" (Camba 68:30s) que enteiramente parece un panfleto propagandístico. Compárese tamén a caracterización xeneralizante feita por Risco (Risco 94:467).

32. *Vid.* tamén Gruner 91:50ss, onde se constata que moitos imaxinaban ós alemáns como tipos guerreiros ávidos de sangue, algo que Camba insinúa —de modo humorístico, claro está.

meira vez, a intención resulta evidente. A isto engádese o seu uso da palabra "kolossal" para caracterizar a maneira de falar (e de ser) dos alemáns: o mesmo Risco aclara que era práctica dos aliadófilos[33]. En canto ó outro tipo, o profesor, chama a atención a perseverancia coa que intelectuais españois volven ó tema (Ortega y Gasset 70a:26ss, Ayala 88:159ss, Tobío 94:224s e 234ss, Risco 94:305ss, 366s, e 546ss). Parece verificarse aquilo que López-Morillas percibe xa en Sanz del Río (López-Morillas 86:10), unha idealización do sistema universitario alemán. Dela quérense emancipar os intelectuais deste século pero aínda pesa neles, e de aí que aborden tantas veces o tema. O segundo tipo descrito por Camba revélase desta forma máis ben como expresión dun complexo ou dunha obsesión dos seus compatriotas que como caracterización acertada da parte da poboación alemana que non ocupa o tipo do soldado.

Tanto como a atención prestada ó sistema universitario e ós seus representantes sorprende o caso que Camba lle fai á relación entre os sexos ou á moral correspondente manifesta na sociedade alemana, tal como fan tamén outros españois da época[34]. Que sexa un dos puntos que lles chama a atención deixa entrever a represión que en tales asuntos viven no seu propio país; Camba mesmo o constata, dicindo non obstante que prefire a moral de España á de Alemaña, (que esta vez é "La moral de Munich", Camba 68:103ss).

Pero nin aquí hai vestixio dun carácter frívolo ou sutil dos alemáns. Todo o contrario. Para Camba o trazo típico de Alemaña é a pesadez. Hai pesadez en todo, no idioma, nas formas e nos costumes, no pensamento, no físico e na comida: "Todo ello es fuerte y pesado" (Camba 68:25)[35]. E se por unha vez non se confirma a pesadez tamén é motivo para burla: "Han perdido toda su antigua gravedad de osos, y muchos de ellos no son siquiera filósofos. El berlinés de hoy se viste a la inglesa y es un hombre sociable. Se le puede llevar a una reunión de muchachas sin temor de que diga cosas muy importantes. Es un hombre fino, correcto, casi mundano, y estoy desencantado con él" (Camba 68:18, no capítulo "No hay osos").

33. "*kolossal*, como escribían os aliadófilos durante a guerra" (Risco 94:448).

34. Velaquí algúns exemplos: "Los aspectos más visibles [...] eran los relativos al comportamiento sexual. Esa libertad de que tanto se alardea en todas partes, sin excluir a España, como de una conquista última, era un hecho adquirido y bien establecido en el Berlín de aquellos años" (Ayala 88:155); as escenas na beira do *Wannsee* comentadas por Risco e Tobío: "a afección desta xente a andar en porrancha é cousa que moitas veces chega a ofender a un [...] é unha das manifestacións do materialismo, do culto ao corpo e do desprecio da alma [...] " (Risco 94:355), "Nos campos de todo arredor do lago víanse non raramente escenas de liberdade e recacho que a nós, afeitos a outros estilos, non deixaban de chocarnos" (Tobío 94:217).

35. *Vid.* tamén "Los extranjeros en Alemania" (Camba 68:32ss), "Gramática alemana" (Camba 68:44ss), "El método hasta en las diversiones" (Camba 68:65s), "La cocina alemana" (Camba 68:71s), "Las ideas alemanas" (Camba 68:117s), "Las fiestas de octubre" (Camba 68:132ss), "El cuello postizo" (Camba 68:142s), "El insano alemán" (Camba 68:171s), "La fuerza alemana" (Camba 68: 185s), "El pueblo alemán" (Camba 68:198ss).

Ridiculizar significa tamén quitar valor. É unha maneira de defenderse contra os grandes, a caricatura clásica a miúdo non fai outra cousa. Se Camba xa constata a "forza" dos alemáns non lles pode atribuír ó mesmo tempo elegancia, sutileza, humor fino e boas formas[36]. Ten que defender o seu para non perder respecto ante si mesmo e ante a súa propia terra, daquela nunha situación bastante difícil[37]: "Ustedes tienen el poderío, pero la civilización está hacia el Sur" (Camba 68:22). Para el e para os seus lectores isto pode ser un consolo grande. Que sexa reflexo fiel da realidade, xa é outra cousa.

PALABRAS FINAIS

Todo estudio dispón dun espacio limitado, este non constitúe ningunha excepción. Parte do discurso do xénero ensaístico universitario é tamén a constatación do que non se fixo e que se puidera facer.

No que toca ó ámbito máis especificamente literario, unha investigación máis minuciosa da filiación de ideas e maneiras de ver as cousas desde unha persoa como Madame de Staël a outros como Camba e Risco, podería traer coñecementos sobre cómo varía a avaliación dos mesmos fenómenos en contextos distintos[38]. Así sería quizais posible entendermos mellor o proceso do intercambio cultural e o seu impacto no comportamento cotián entre individuos de nacionalidades diferentes. Non se debe esquecer que é no contacto entre grupos grandes, as nacións, por exemplo, onde máis facilmente interfiren estereotipos (Rehs 73:5). A literatura non está a salvo deles, senón que polo seu vencello ó idioma que exerce de barreira cultural, case se ofrece como ámbito predestinado para a súa creación (Brenner 95:14). Na actitude fronte ós estereotipos, sendo eles "des figures imaginaires collectives" (Moura 92:281), é onde se pode comprobar o que unha obra literaria ten de expresión individual.

Cómpre mencionar que non era a intención deste artigo imputarlles ós autores investigados unha cegueira particular en relación coa situación dun país estranxeiro. Con igual dereito poderíanse aducir exemplos deles veren as cousas dun xeito máis claro que os alemáns pola distancia privilexiada entre observador e observado. Ademais, se se

36. Un factor parecido de autodefensa contra os pobos novos (Camba presenta como trazo elemental de Berlín a novidade de edificios e persoas) descóbrese tamén nos seus escritos sobre os Estados Unidos (Fernández 81).

37. Moi significativa neste sentido é a interpretación que Camba presenta da *casa europea* e dos seus habitantes (Camba 68:37ss, "En la planta baja").

38. Hai estudios que parcialmente van nesta dirección. Fink 94 ocúpase do cambio da imaxe francesa dos alemáns ó longo dos últimos 350 anos. Schwarz 83 fai un estudio comparatista para o caso das débedas ideolóxicas e intertextuais de Camba a Madame de Staël e a outros como Heine, por exemplo.

fixese unha investigación dos estereotipos en curso sobre os españois chegaríase a un resultado non menos desilusionante verbo dos coñecementos verdadeiros sobre eles. Aparecendo entre paella, corrida de touros, flamenco, ¡olé!, sol e praia non poucos se sentirían mal caracterizados, e desde logo e sobre todo, os galegos.

Aínda no ano 1980 un investigador español pode constatar con toda razón que "la generalidad de los españoles y de los alemanes se siente alejada, se desconoce mutuamente, se ve, se califica y caracteriza a través de tópicos más o menos burdos" (Rodríguez Richart 80:52). Unha forma de superar os tópicos é investigalos, facer visibles as causas da súa existencia e creación, e demostrar o lonxe que quedan da realidade, cando así é e cando a referencia directa é posible. O cal era unha das intencións deste artigo presente.

F. M.

BIBLIOGRAFÍA

W. P. Adams/K. Krakau (eds.) 1985. *Deutschland und Amerika. Perzeption und historische Realität.* Berlin: Colloquium.

Juan Ramón Alonso 1996. (caricatura), en *El País* (Madrid), 18-2-1996, "Domingo", 1.

Angel Antón Andrés 1970. "Baroja ante los alemanes y Alemania", en *Iberoromania* (Tübingen) II:3, 169-196.

José Luis Aranguren 1957. "Das Deutschlandbild der Spanier", en *Dokumente* (Bonn) 13, 15-22.

Francisco Ayala 1988. *Recuerdos y olvidos.* Madrid: Alianza.

Benjamin Bennett/Anton Kaes/ William J. Lillyman (eds.) 1983. *Probleme der Moderne. Studien zur deutschen Literatur von Nietzsche bis Brecht. Festschrift für Walter Sokel.* Tübingen: Niemeyer.

Peter Boerner 1975. "Das Bild vom anderen Land als Gegenstand literarischer Forschung", en *Sprache im technischen Zeitalter* (Berlín) XIII:56, 313-321.

Peter J. Brenner 1989. "Die Erfahrung der Fremde. Zur Entwicklung einer Wahrnehmungsform in der Geschichte des Reiseberichts", en Brenner (ed.) 1989, 14-49.

Peter J. Brenner 1995. "Die Lügen der Dichter und die Illusionen der Literaturwissenschaft. Probleme und Funktionen literaturwissens-

chaftlicher Stereotypenforschung", en *Mitteilungen des deutschen Germanistenverbandes* (Frankfurt a.M.) 42:1, 11-16.

Peter J. BRENNER (ed.) 1989. *Der Reisebericht. Die Entwicklung einer Gattung in der deutschen Literatur.* Frankfurt a.M.: Suhrkamp.

Ricardo CARBALLO CALERO ^{2}1975. *Historia da literatura galega contemporánea.* Vigo: Galaxia.

Julio CAMBA ^{4}1968. *Alemania. Impresiones de un español.* Madrid: Espasa-Calpe.

Julio CAMBA ^{8}1969a. *Aventuras de una peseta.* Madrid: Espasa-Calpe, especialmente 13-48: "Primera parte: La peseta en Teutonia".

Julio CAMBA 1969b. *Mis páginas mejores.* Reimpr., Madrid: Gredos.

Julio CARO BAROJA 1986. "Tópico literario y caracterización antropológica: caracteres nacionales", en *Revista de Occidente* (Madrid) 56, 91-103.

Carlos CASARES 1981. *Vicente Risco.* Vigo: Galaxia.

José COMAS 1996a. "Alemania desfallece", en *El País* (Madrid), 18-2-1996, "Domingo", 1-4.

José COMAS 1996b. "Los escándalos 'tumban' al jefe del espionaje alemán", en *El País* (Madrid), 1-3-1996, 6.

Pelayo H. FERNÁNDEZ 1981. "Norteamerica vista por Ramón Pérez de Ayala y Julio Camba (Temas paralelos)", en *Cuadernos Hispanoamericanos* (Madrid) 367-368, 71-80.

Gonthier-Louis FINK 1994. "Der janusköpfige Nachbar. Das französische Deutschlandbild gestern und heute", en Harth (ed.) 1994, 15-82.

Helmut FISCHER 1990. "Ethnische Stereotypen in der gegenwärtigen Volkserzählung", en *Fabula* (Berlín) 31, 262-271.

Ramiro FONTE 1986. "A xusta reedición de *Mitteleuropa*", en *Grial* (Vigo) XXIV:91, 114-116.

W. D. GRUNER 1991. "L'Image de l'Autre: Das Deutschlandbild als zentrales Element der europäischen Dimension der deutschen Frage in Geschichte und Gegenwart", en Trautmann (ed.) 1991, 29-59.

Dieter HARTH 1994. "Fiktion des Fremden. Vorbemerkung des Herausgebers", en Harth (ed.) 1994, 7-12.

Dieter HARTH (ed.) 1994. *Fiktion des Fremden. Erkundung kultureller Grenzen in Literatur und Publizistik.* Frankfurt a.M.: Fischer Taschenbuch Verlag.

Gerhart HOFFMEISTER 1980. *España y Alemania: Historia y documentación de sus relaciones literarias.* Madrid: Gredos.

Peter R. HOFSTÄTTER 1973. "Stereotype und auswärtige Kulturpolitik", en *Zeitschrift für Kulturaustausch* (Stuttgart) 23:3, 10-20.

Harald HUSEMANN 1990. "Stereotypen in der Landeskunde: Mit ihnen leben, wenn wir sie nicht widerlegen können?", en *Neusprachliche Mitteilungen aus Wissenschaft und Praxis* (Berlín) 43:2, 89-98.

J. M. C. B. 1956. "Las 'páginas mejores' de Julio Camba", en *Papeles de Son Armadans* (Madrid/ Palma de Mallorca) I:1, 379-381.

H. J. KLEINSTEUBER 1991. "Stereotype, Images und Vorurteile – Die Bilder in den Köpfen der Menschen", en Trautmann (ed.) 1991, 60-68.

Knud KRAKAU 1985. "Einführende Überlegungen zur Entstehung und Wirkung von Bildern, die sich Nationen von sich und anderen machen", en Adams/Krakau (eds.) 1985, 9-18.

Hub LINSSEN/Louk HAGENDOORN 1994. "Social and geographical factors in the explanation of the content of European nationality stereotypes", en *British Journal of Social Psychology* (Letchworth) 33, 165-182.

Juan LÓPEZ-MORILLAS 1986. "Sanz del Río, Ortega y el equívoco de Alemania", en *Revista de Occidente* (Madrid) 60, 7-27.

Sharon MACDONALD (ed.) 1993. *Inside European Identities.* Providence/ Oxford: Berg.

Maryon MCDONALD 1993. "The Construction of Difference: An Anthropological Approach to Stereotypes", en Macdonald (ed.) 1993, 219-236.

Pablo MARTÍNEZ SÁIZ 1989. "Schlußbericht über das Symposium", en VV. AA. 1989, 7-34.

Gilbert MERLIO 1988. "L'image de l'Allemagne chez les germanistes français de l'entre-deux-guerres", en *Allemagnes d'aujourd'hui* (París) 105, 66-83.

Jean-Marc MOURA 1992. "L'imagologie littéraire: Essai de mise au point historique et critique", en *Revue de littérature comparée* (París) LXVI, 271-287.

Federico de ONÍS 1927. "El humorismo de Julio Camba", en *Hispania* (Stanford et al.) X, 167-175.

José Ortega y Gasset [3]1970a. "Prólogo para alemanes", en *Obras completas,* t. VIII, Madrid: Revista de Occidente, 11-58.

José Ortega y Gasset [7]1970b. "Un rasgo de la vida alemana" (primeiro publicado en febreiro-marzo de 1935 nun xornal bonaerense), en *Obras completas,* t. V, Madrid: Revista de Occidente, 184-206.

Michael Rehs 1973. "Nationale Vorurteile – ein Problem internationaler Verständigung", en *Zeitschrift für Kulturaustausch* (Stuttgart) 23:3, 3-9.

J. Rodríguez Richart 1980. "Dos visiones de Alemania en la literatura española actual", en *Hispanorama* (Núremberg) 25, 52-64.

János Riesz 1980. "Zur Omnipräsenz nationaler und ethnischer Stereotype", en *Komparatistische Hefte* (Bayreuth) 2, 3-11.

Vicente Risco 1994. "Mitteleuropa", en *Obras completas,* t. I, Vigo: Galaxia/Xunta de Galicia, 243-560.

Werner K. Ruf 1973. "Der Einfluß von Bildern auf die Beziehungen zwischen Nationen", en *Zeitschrift für Kulturaustausch* (Stuttgart) 23:3, 21-29.

Egon Schwarz 1965. "The reception of German culture in Spain", en *Yearbook of Comparative and General Literature* (Chapel Hill) 14, 16-36.

Egon Schwarz 1983. "Reiseliteratur und Ideologie: Zum Deutschlandbild Julio Cambas", en Bennett/Kaes/Lillyman (eds.) 1983, 405-429.

Jaime Siles 1985. "Presencia de la cultura alemana en España: Una visión global", en *Insula* (Madrid) 466, 4.

Ignacio Sotelo 1989. "Vorbemerkungen zum Kulturdialog zwischen Spanien und Deutschland aus europäischer Sicht", en VV. AA. 1989, 35-47.

A. L. Germaine de Staël-Holstein 1967. "De l'Allemagne", en *Œuvres complètes,* t. II, reimpresión da edición de París 1861, Xenebra: Slatkine, 1-257.

Manfred Tietz 1980. "Das französische Spanienbild zwischen Aufklärung und Romantik: Inhalte, Funktion und Repliken", en *Komparatistische Hefte* (Bayreuth) 2, 25-41.

Lois Tobío 1994. *As décadas de T. L.* Sada: Ediciós do Castro.

Suso de Toro 1991. *F.M.* Santiago de Compostela: Edicións Positivas.

Günter TRAUTMANN (ed.) 1991. *Die häßlichen Deutschen? Deutschland im Spiegel der westlichen und östlichen Nachbarn*. Darmstadt: Wissenschaftliche Buchgesellschaft.

Angel VALBUENA PRAT ^{9}1983. *Historia de la Literatura Española. Tomo V: Del realismo al vanguardismo*, 9ª edición ampliada e posta ó día por María del Pilar Palomo, Barcelona: Gustavo Gili.

VV. AA. 1989. *Der Kulturdialog zwischen Spanien und Deutschland im Rahmen Europas. Ein Symposium am 27. und 28. Mai 1988 in Santillana del Mar*. Gütersloh: Bertelsmann Stiftung.

Entrevista a Xavier Alcalá

Silvia Gaspar

O nome de Xavier Alcalá deuse a coñecer na década dos 70, cando unha nova xeración de escritores asaltaba o mermado espacio da narración en galego: eran a promoción do Pedrón de Ouro, do Chitón, dos primeiros Blanco Amor. Novelas como A nosa cinza, Fábula *e* Nos pagos de Huinca Loo *afirmaban a este enxeñeiro como un perseguidor da transcendencia social, como un reconstructor da Historia. Desde mediados dos 80, as crónicas das súas viaxes americanas e as colaboracións (tan frecuentes como polémicas) na prensa escrita evidenciaban a súa vocación testemuñal e servían para preparar o seu novo desembarco na ficción novelesca. En* Código morse *resolve o autor o silencio deses dez anos e retoma os vieiros da súa memoria.*

Miúdo, pulcro e espelido, o escritor atrinchéirase nunha bufarda. Flanquean a porta retratos seus e caricaturas: Xaquín Marín, Siro e Xurxo Lobato asinan a cultivada vaidade á que Alcalá por veces se entrega. Un can, con quen o dono finxe ser inflexible, custodia unha habitación que semella de estudiante: estanterías de andeis esporádicos con diccionarios (galego, inglés técnico, ¡mapuche-español!...), enciclopedias, libros máis ou menos raros de viaxes pola Galicia decimonónica e outros lugares non menos remotos; na alzadeira dun armario, unha colección de aventuras de Emilio Salgari goza o seu retiro. Folios que se agrupan arredor dun P.C. e, no atril, o guión (esquemático sistematismo) dunha nova novela.

—Cun autor que mira para o pasado, tal vez conviría comezar polas orixes, sobre todo cando se fala dun escritor galego que nace en Miguelturra.

—En Miguelturra, no Campo de Calatrava, provincia de Ciudad Real. O meu pai era médico da Asistencia Pública Domiciliaria e non podía exercer en lugares de máis de mil habitantes porque era un depurado político. Mandárono, aínda que non lle correspondía iso nin moitos menos, e alá estivo de médico. Eu vivín alí dezaoito meses, e ben lle chega. Despois supoño que o rehabilitarían (supoño, porque o meu pai nunca o contou, que meu pai nunca falaba de nada: tiña a preocupación do que lle pasou metida no corpo), rehabilitárono e cadroulle nun concurso unha praza de médico en Ferrol, e déronlla, si, pero no barrio rural de Cobas.

Lembro, de pequeniño, unha casa que mal recordo na praza de Amboaxe, e despois unha casa nova, un espacio baleiro cun cheiro a pintura moi forte, na que despois sería a Praza de España: só había esa casa cando fomos nós alá. Realmente a miña vida consciente é a Praza de España, en Ferrol, sen coches, pero que se enchía totalmente de *bicis* cando tocaba a sirena da Bazán. E logo lembro cousas do Instituto (entrei na preparatoria no verán que me correspondeu, que daquela sería con seis anos). E a partir de aí xa teño memoria consciente e clarísima da miña vida. Por iso hai xente que di que un é de onde estudiou o bacharelato, eu teño que ser un pouco máis, porque empecei a ler *Cien figuras españolas* en Ferrol. Despois do *Catón*, esa era a lectura que che impuñan, e alí estaban como figuras fundamentais don Casto Méndez Núñez (que a min me gustaba moitísimo polo dos barcos sen honra e a honra sen barcos) e Concepción Arenal, que sempre se lía porque era a que daba o nome ó noso instituto.

—E nesa familia non galega e nese espacio non galeguista como era o Ferrol daqueles tempos, ¿como se inicia o contacto e a conciencia do galego e do que é Galicia?

—A resposta é moi fácil. Primeiro, meu pai era un home totalmente liberal, e ademais deuse conta de que para poder exercer a carreira onde a tiña que exercer ou entendía que "os cadrís" eran *los riñones* ou non tiña nada que facer. El nunca foi represor, senón que permitiu esa apertura [ó idioma galego]. E, segundo punto, na miña casa había dúas ou tres criadas normalmente (porque eramos seis irmáns), e ben se pode imaxinar o que falaban elas; así que o choque lingüístico foi inmediato dentro do propio fogar. E despois hai que darse conta de que en Ferrol estabamos divididos entre xentes de "fóra de portas", "dentro de portas", "desta banda" e "da outra banda", e o que quedaba claro era que os de "fóra de portas" e os da "outra banda" eran galegofalantes. E eu teño unha lembranza moi clara da clase de gramática cun profesor que se chamaba don Juan Luis Benavides, que nos facía repasar a ortografía castelá en función de como se dicían as cousas en galego, e as cousas que tiñan hache inicial ou intermedio en castelán



OVIDIO ALDEGUNDE

XAVIER ALCALÁ

era porque en galego tiñan efe. Eu tomei unha conciencia inmediata de que había dous mundos que se expresaban de igual maneira. O que non teño moi claro é cándo, pero o que si sei é con quen desde pequeno falaba galego; non sei qué galego, evidentemente, nin qué nivel de acastrapamento tería aquilo. E podo ir máis lonxe: cando fun estudiar a Madrid descubrín o nome de moitas cousas que non sabía en castelán: por exemplo xogar ás lombas para min sempre foi xogar ás lombas, aínda en castelán *jugar a las lombas*, e iso en castelán dise *jugar a la pídola.*

—*A súa carreira literaria é sinuosa: primeiro hai unha narrativa de referente real e a partir de* Tertúlia *pásase á crónica americana, pero recentemente apareceu unha novela que recolle os compoñentes de iniciación e mesmo o de aventuras. ¿Como explicaría vostede a relación entre eses ciclos?*

—É máis fácil de explicar por qué vou dar á crónica americana que por qué volvo. A crónica americana é como cando un se namora, que recibe, por dicilo cunha palabra moi efectiva traída doutra lingua e moi onomatopeica, un *flash*. Para min, descubrir o que os galegos non saben da súa historia (que non todos son almaceneiros, senón que hai galegos que fan de todo, ben ou mal pero dunha maneira epopeica) lévame á aventura americana. É máis, neste momento estou traxando unha nova aventura americana. É unha necesidade de saír por aí e de contarlle ó mundo que eu sei algo que paga a pena coñecer, sobre todo porque o que máis me interesa é a aventura e a epopea, fóra das vulgaridades da vida diaria. Necesito fuxir, pero dunha maneira épica. Ese é o porqué do ciclo de America.

En canto á volta, e que na miña última novela haxa elementos de *A nosa cinza* e de *Fábula*, o feito de volver a Ferrol e a Ferrolterra —e volver á posguerra, a elementos de vinganza e de arranxo de contas pendentes daquel tempo— está dado porque eu son quen son (que son do ano 47) e que eu no 57 aínda sentía os tiros ó meu arredor. E por tanto, de cando en cando un non pode evitar volver ó pasado profundo. E se hai vaivén, pois haberao como o hai na vida, pero non me vexo saíndo destes entornos. Eu vou dicir unha cousa que pode parecer unha arroutada: eu, que admiro profundamente a Jorge Amado, sempre conto o que me dixo, e é que el chegou a ser un escritor de fama universal sen deixar de escribir da Bahía. Probablemente todos sempre acabamos escribindo arredor do mesmo, as cousas que máis nos impresionan, ou as que son da infancia profunda, ou da etapa de formación da vida ou as que descubrimos polo mundo que nos deixaron estupefactos.

—*Ó falar da súa dedicación literaria a América di que é como cando un se namora, sobre todo respecto desa historia da Galicia esquecida. Sen embargo, en toda a súa narrativa, desde a primeira, con*

Voltar, *sempre é posible detectar o factor americano tomado mesmo desde o exotismo, en especial no referido a Brasil.*

—Esa é outra cousa que non entendo ben. Debo ter na xenética, como teñen moitas xentes peninsulares, unha estraña necesidade do oeste. Eu, que andei bastante polo mundo, non son capaz seguramente de relatar todo o que fun vendo. Pois observe: eu a Xapón ¡nunca máis!, nin a Israel, porque non me gustaron, como non me gustan outros países. Sinto unha atracción curiosa por Gran Bretaña, porque é un lugar que entendo moi ben. Agora, eu estaría continuamente indo a Portugal e de Portugal cara alá. E sen embargo non iría a África, aínda sendo unha cousa exótica e curiosa. Se me dás a escoller unha selva, eu non vou a unha selva africana, eu vou a unha selva americana. Se me dás a escoller un deserto, eu non vou ó Sahara, eu pérdome polas Travesías arxentinas, pola Puna. Non sei por qué, e non podo explicalo.

—O seu desinterese, algunha vez confesado, por formulacións críticas ou teóricas da literatura contrasta cunha intuición narrativa eficaz fronte ó público, pero esa combinación é pouco frecuente e moitas veces debida a un proceso de aprendizaxe. O curioso, sen embargo, é que vostede procede do campo da técnica.

—En canto ó que penso da teoría literaria é que para min a teoría é moi sinxela: eu só quero ser narrador, non quero ser literato. Se fago uso máis ou menos elegante do idioma é pola mesma razón; cando me visto, trato de non parecer un espantallo, pero non me importa excesivamente a beleza do idioma usado. A min o que me importa da narración, o que quero, é transmitir unha mensaxe; con iso me chega. No meu caso non hai, en absoluto, ningunha aprendizaxe disciplinada. Nunca estudiei, fóra do Bacharelato, nada que tivese que ver coa literatura. Pero si hai que ter en conta que na universidade confluén xentes de disciplinas moi diferentes, polo que supoño que haberá unha especie de ósmose por medio da cal vas recibindo —como na antiga universidade, cando o papel era ben custosísimo— unha formación de palabra que che vai centrando as ideas. Eu nunca estudiei nada de literatura dunha maneira formal, pero o que si hai no meu caso é lectura e deducción da lectura. Un exercicio moi propio das carreiras de enxeñería, para probar a aptitude, é a deducción de leis. Entréganche un documento de calquera tipo e ti deduces a lei pola cal ese documento está construído, sexa de palabra, sexa en números, sexa por medio de debuxos, etc. E sucede que cando les unhas poucas novelas e tes unha mente exercitada na deducción das leis, o resultado é bastante concreto. Este, para min, é bastante sinxelo: o primeiro, ter unha boa historia que contar, e o segundo saber desenvolvela cun inicio, un desenvolvemento central e un final que cerre o ciclo que comezaches. Paréceme que non hai máis arte ca esa.

—Hai unha fortísima vinculación coa realidade na súa obra. Tense dito que bebe nas fontes de Blanco Amor en canto á aprendizaxe narrativa. ¿Ata que punto se sente vencellado coa realidade?

—En certa ocasión escribín por aí que eu distingo os autores entre os lidos e os relidos; non lle podo negar a ninguén que Eduardo Blanco Amor non só foi relido senón exahustivamente relido por min, e que considero *A esmorga* un paradigma literario (aínda que, se Blanco Amor me deixase, eu rescribiría *A esmorga*). Eu non nego a influencia grandísima que tivo sobre min. Eduardo Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro eran xa grandes figuras literarias galegas que circulaban por Madrid cando eu recén acabara a enxeñería e traballaba alí. Entón eu tiven trato, en Madrid e logo en Galicia, con Eduardo Blanco Amor, ata pouco antes de que morrese. Do que non me cabe dúbida é dese paso inmediato entre o xornalismo e a novela, que nel era unha realidade palpable, e no meu caso un intento de imitación.

—Pero, á parte dese factor testemuñal, algunhas das súas creacións (como Código morse*) conteñen uns sorprendentes elementos máxicos.*

—Hai dúa realidades (ou tres) no mundo. Eu fun formado estrictamente nas matemáticas: o único que estudiei en toda a miña vida son matemáticas aplicadas; polo tanto teño unha mente moi especializada en entender as cousas segundo unha disciplina formulable. A pesar diso, non podo negar que a experiencia da vida me levou a saber que hai outra realidade, unha realidade que eu non sei controlar a través do manexo das matemáticas. Se eu non escribise o que comprobei como realidade na vida e que pertence a esoutro ámbito, estaría sendo falso comigo mesmo; e como non quero ser falso comigo mesmo, debo escribir historias que conteñen elementos máxicos que dan solución en determinados problemas da vida real. E fágase por aí unha enquisa, un inquérito exahustivo, e verase que a experiencia do inexplicable na vida de tanta xente é tan clara que non hai por qué negala, mesmo dentro dunha narración realista.

—Alguén dixo que todos os autores contan sempre a mesma historia, e esta idea aplícase particularmente no seu caso: A insua *transfórmase en* Fumes de papel*, e trazos de* A nosa cinza *e* A fundación *están presentes en* Código morse*. Sen embargo, a lexitimidade da reatroalimentación segue sendo cuestionada.*

—Ando aí nunha idea que nunca darei feita porque para iso hai que ser escritor, non dedicarse a escribir. Eu teño a idea de que o que un debe facer é construír un mundo e sempre falar dese mundo. Se eu puidese ser escritor, se tivese tempo para ser escritor, moi probablemente tería creado un mundo que vai de Valdoviño a Pontedeume no que pasa todo: para *A Insua*, *A nosa cinza* e todas esas novelas de Ferrolterra. E estaría sempre con esa xente, con eses personaxes pasando duns a

outros. E tamén crearía outro mundo que comeza ó sur de Bos Aires, na Pampa, e que acaba en Tierra de Fuego, que é un mundo de galegos que van dun lado para outro e que van descubrindo aquelas vastedades. O que pasa é que non teño tempo para triloxías nin para cousas polo estilo, e vou facendo algo de maneira fraccionaria. ¿Que se é lexítimo tratar o asunto e repetilo? Todo vale mentres guste, é a miña resposta inmediata. E despois outra cousa: eu coido que o que nos vai deparar a telemática nos próximos tempos é que a nosa historia vai estar "en rede", ofrecida a todo aquel que queira retraer e ler, e que imos recibir moita retroinformación de xente que le as nosas historias, ó punto de que as teñamos sempre en edición permanente, superándoas. Respecto da miña última novela, recibín algunhas críticas (que non son críticas da calidade senón que son críticas de solución da trama, do problema de intriga que hai nela), que moi probablemente me servirán para retocar a próxima edición —se me deixa o editor—, porque me propoño contar a mesma historia pero contala con máis precisión.

—¿Como a narración oral?

—Como a narración oral, que está continuamente modificándose porque se lle engaden elementos ou se reforman os elementos de cara a que a intelección sexa maior. Pois eu creo que coa narración escrita, coa narración alfanumérica, vai ocorrer o mesmo.

—Apunta logo a unha maior inmediatez, no futuro, das relacións editoriais.

—É que eu non teño ningunha dúbida de que iso vai pasar. É máis, eu suxeriría ós editores que empezasen a pensar neste servicio, de pór en servidor de rede uns textos coa posibilidade de que os lectores os devolvan modificados. E vou máis lonxe: eu estou traballando continuamente cun programa de correo electrónico, dentro do funcionamento que teño, por medio do cal eu entro nun documento, e mo devolven coas suxerencias de corrección, e eu acéptoas ou non, pero continuamente, e non gastamos papel.

—As súas novelas presentan unha forte referencialidade de circunstancias e caracteres, tanto entre si como en relación á súa experiencia vital. ¿Existe un límite para a retroalimentación das situacións reais? E apunto en especial ós personaxes, ¿como acepta a xente que o arrodea verse exposto á mirada do lector?

—Ben e mal. O que pasa é que, por exemplo na última novela, hai xente que está moi claramente retratada (xa estou tendo algún problema en Ferrol), pero hai que entender que os personaxes nunca son a persoa, senón que son varios caracteres mesturados. Eu fuxo de sinalar os personaxes, pero aínda así hai moitas anécdotas que contar ó respecto, xa que nesta charla se tocou *A nosa cinza*. Claro que non son

comparables ás do meu adorado profesor Jorge Amado. A este home veulle unha comisión para pedir o seguinte: que lles permitise cambiarlle o nome á súa vila, que el retratara con outro nome nunha novela. Esta é unha anécdota real, pero eu a tanto non chego; sen embargo, sei de xente que afirma ser un dos meus personaxes de novela, e nalgúns casos non ten nada que ver. Isto, empezando xa por aquela primeira *Voltar*, coa que eu intentara unha novela e que vai facer agora 25 anos no verán do 97: mandárame uns exemplares Ramón Piñeiro ó Centro Galego de Lisboa, cando eu estaba traballando alí. O que si hai, porque me prezo de facelo, é unha certa inclinación cara ós caracteres que poderían ser reais. Eu normalmente non son capaz (o meu filtro persoal non me deixa) de imaxinar un personaxe que non puidese ser real.

—Dá a impresión por veces de que os seus protagonistas sempre son unha reelaboración de vostede mesmo. ¿Non se sente incómodo no terreo desa fabulación autobiográfica?

—Non, ademais penso que o único que importa contar é a vida propia. Polo demais, en calquera novela da primeira á última, desde o Xoán de *A nosa cinza* ó Xosé Antonio de *Código morse* que son eu claramente, tampouco me pinto como son. Poida que en *A nosa cinza* a miña personalidade estea dividida entre dous personaxes, unha parte de Xoán e unha parte de Hinojares, iso está claro. Na outra novela, en *Código morse*, todo o que se refire ó experimento da termoluminescencia é unha vivencia miña directa, incluído o episodio da espionaxe industrial. Eu non teño preocupación ningunha, porque as cousas que conto non son canallescas. Como tampouco teño por qué ocultar que o relato da verdade inmediata, da verdade do ano 79 que se conta en *Fábula*, é tamén vivencia directa. Sempre hai aspectos dos meus personaxes que nunca son partes completas de min, e non me vexo espido dunha maneira vergoñenta. Se cadra, se eu fose un tipo de escritor interiorista que dese máis valor ó detalle dos interiores, se eu escribise así en lugar de tender por completo á aventura e á épica, moi probablemente sería máis perigoso porme en primeira persoa. E tamén lle podo dicir outra cousa: que non se debe esquecer que o que conto en *Tertulia* é vivencia directa e anuncio do diario literario que podo chegar a escribir, e digo isto non por polemizar, senón porque en termos de literatura (en concreto da literatura galega) vexo grandes inxustizas. Iría máis lonxe: se cadra diría que a imaxe literaria que de Galicia se está proxectando no exterior non está ben seleccionada máis que no campo da literatura infantil.

—Nos últimos tempos perfílase unha dicotomía que enfronta a eclosión da tecnoloxía e os medios cibernéticos con ese milenarismo que con frecuencia rodea o mundo editorial e os actos de lectura.

—A literatura alfanumérica, segundo a entendemos neste momento (e uso ese termo coa precisión de teórico e práctico das teorías da informa-

ción), a narración e o discurso alfanumérico, están baseados nunha realidade que é a da fala. Iso é imparable: imos seguir narrando de maneira falada e de maneira escrita. Pero o que non podemos negar é que o aumento pavoroso da potencia dos sistemas de procesado lóxico é tal que moi probablemente os que temos unha idade madura pero que nos deixa unha longa vida por diante (se non nos saca do medio a enfermidade ou o accidente, e segundo a estatística podemos vivir decenas de anos) veremos escribir directamente en sistema icónico-sónico. Jorge Gil, que é realizador de cine e televisión, que ten sempre comigo pendente converter unha novela en película, sempre me di "hai boa película se hai bo guión, e hai bo guión se hai boa novela. Na orixe está a novela". E eu vou máis adiante, e sempre lle digo "e haberá boa novela se hai bo esquema montado para facela"; e o esquema xorde dunhas ideas (por certo, moitas veces confusas) que se van deliñando nun papel ata dar a solución final da narración. Pois pode chegar un momento en que isto se faga doutra maneira; é dicir, eu teño unha idea que ordeno nun determinado esquema e voume diante do teclado da pantalla a unha grande iconoteca da cal o que tiro son paisaxes, personaxes, etc., e monto xa en audiovisual directamente. Isto vai acontecer, iso ímolo ver nós, e o mundo da literatura ten que estar preparado para casos semellantes.

—Pero ese camiño implica, dunha parte, unha formidable revolución dos medios (algo difícil de imaxinar a medio prazo) ou ben a estabilización dunha elitización dos medios literarios, de información e de poder en fin.

—Ese camiño está diante e temos que consideralo como unha posibilidade; se iso conduce a unha elitización, por qué non todo o mundo vai ter acceso a esa posibilidade; eu diría que non será polo custo material, porque o abaratamento é progresivo. Precísase, en efecto, unha mentalidade determinada, sobre todo se temos en conta que hai escritores hoxe vivos que se negan a escibir con ordenador. Non quere dicir tampouco que xa vexa o libro desaparecido, porque é moi fácil ler, e ademais a lectura ten dúas compoñentes: a compoñente sónica, de fondo, e a compoñente imaxinativa. Eu escoitei un eloxio grande dunha novela de Víctor Freixanes, que facía unha amiga común nosa que é locutora de radio, e dicía que ela andaba polo corredor da casa lendo en voz alta a novela de Freixanes para gozar do son do que oía, para gozar da palabra... Polo tanto, eu non vexo que se vaia perder, por un lado. E por outro lado, que é un exercicio que cando se aprende engancha e é difícil liberarse del. É unha pequena droga o exercicio de converter o que está en negro sobre branco en imaxes completas, por iso é polo que lemos, a fin de contas. Quédannos da infancia Verne e Salgari, sobre todo Salgari, porque daquelas cousas que eran un papel cunhas letras nós conseguiamos estar cos tigres de Bengala.

Notas arredor da peza breve na literatura dramática galega. A brevidade como imposición e como elección

Manuel F. Vieites

I

Galicia é unha terra condenada á brevidade. Foi a primeira das agora chamadas nacionalidades históricas en ser anexionada ó que despois sería a coroa de Castela. As revoltas promovidas desde o século VIII ó XI mostran a vontade dun sector da nobreza galega por constituír un reino independente, desexo que se vai ver cumprido tras a morte de Fernando I, cando o seu fillo don García é proclamado rei de Galicia. Mais o seu reinado será breve (1065-1080), como case todo nesta terra.

En 1109 o bispo Xelmírez proclama novo rei a Afonso Raimúndez, fillo de dona Urraca, que renunciará a tal dignidade para se proclamar, como Afonso VII, *Imperator totius Hispaniae*. Coa execución de Pardo de Cela en 1483 e coa morte de Pedro Madruga en 1486, Galicia perdeu definitivamente toda posibilidade de construír un futuro diferente, á marxe do férreo centralismo que exerceron Isabel e Fernando. A represión posterior á unificación manifestouse en todas as ordes e coa eficacia e a saña necesarias.

Ramón Villares no histórico e Pilar Vázquez Cuesta[1] no literario analizaron con notable acerto as circunstancias sociais, políticas, económicas e culturais que propiciaron a entrada de Galicia nos que se veñen denominando "séculos escuros". A chegada á península do espírito renacentista que deu un gran pulo á creación artística, coincidiu cun absoluto silencio na literatura galega, que se prolongará ata

1. Vázquez Cuesta, Pilar. "Literatura gallega", en *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, coordinada por J. M. Díez Borque, Taurus, Madrid, 1980.

mediados do século XIX; pouco se escribiu nesta periferia atlántica e mentres a meseta está a vivir a febre creativa do Século de Ouro, Galicia sofre unha brutal represión cultural e lingüística. As traxedias non sempre implican efusión de sangue. Hai outras feridas máis fondas e duradeiras.

Como mostra do que supuxo a colonización cultural castelá, mesmo en países que gozaban dun espacio cultural e político propio, abonda con citar un parágrafo no que Luiz Francisco Rebello analiza o desenvolvemento do teatro portugués durante o período no que ambos reinos viven baixo a mesma coroa:

> En la segunda mitad del siglo XVI, el Santo Oficio primero y después la dominación castellana esterilizaron las fuentes originales del teatro portugués, o por lo menos desviaron el curso de sus aguas[2].

A dominación política implica una dominación cultural que se manifesta, con especial crueza, no ámbito lingüístico, cultural, literario e artístico. Déixase de falar galego nos espacios do poder político, do ensino e da creación, abandónase a escrita en galego e as compañías de teatro da meseta gozan do favor dun público que perdeu o hábito de asistir a espectáculos en galego pois hai moitos anos que desapareceron. As modas, os usos e costumes, os valores e as normas veñen de Castela.

Co paso dos anos, o poder central disporá novas medidas para abortar calquera tentativa de cambiar esa situación. Daniel Cortezón reproduce parte dunha Real Orde, de 11 de marzo de 1801, na que podemos ler:

> En ningún teatro de España se podrán representar, cantar ni baylar, piezas que no sean en idioma castellano...[3]

Posteriormente o *Boletín Oficial* do 29 de xaneiro de 1967 inclúe una nova Real Orde que retoma a mesma problemática, para dictaminar:

> En vista de la comunicación pasada a este Ministerio por el Censor interino de teatros del reino con fecha del 4 del corriente, en la que se hace notar el gran número de producciones dramáticas que se presentan a la Censura escritas en los diferentes dialectos, y considerando que esta novedad ha de contribuir forzosamente a fomentar el espíritu autóctono de las mismas para que se generalice el uso de la lengua nacional; la Reina (Q.D.G.) ha tenido a bien dis-

2. Francisco Rebello, L. *El teatro portugués*. Centro Editor de América Latina, Bos Aires, 1968, p. 40.

3. Cortezón, D. *Teatro e Nacionalismo. Cuadernos da Escola Dramática Galega* 45. A Coruña, 1985, p. 5.

> poner que en adelante no se admitan a la censura obras dramáticas que estén exclusivamente escritas en cualquiera de los dialectos de las provincias de España[4].

O galego xamais gozou dun estatuto similar ó do castelán, e por iso o nacemento e desenvolvemento dunha literatura propia sufriu os continuos avatares dunha lingua que cando non foi marxinada ou minorizada, foi prohibida, como ocorre a partir de 1939, cando a victoriosa cruzada proclama a nova orde:

> Hable bien. Sea patriota. No sea bárbaro. Es de cumplido caballero que Ud. hable nuestro idioma oficial, o sea, el castellano. Es ser patriota. Viva España y la disciplina y nuestro idioma cervantino. ¡Arriba España![5]

E así chegamos á brevidade, pois ben curtos foron os períodos nos que a nosa lingua puido mostrar sen atrancos, censuras ou prohibicións todas as súas posibilidades no ámbito da creación literaria ou artística. E se difícil é para un poeta ver publicados os seus versos nun idioma marxinal e marxinado, cánto máis difícil non vai ser que un dramaturgo vexa escenificados os seus textos debido á total ausencia dunha estructura teatral propia: nin actores, nin actrices, nin directores, nin empresarios, nin teatros, nin público. Se hai dous ámbitos que mostran con claridade a proxección social da nosa lingua, eses son, sen dúbida, o da creación dramática e o da realización teatral; dous campos que reflicten a loita permanente por conquistar os espacios públicos de expresión e comunicación (¿que mellor tribuna que un escenario?). A historia da nosa dramática e do noso teatro vai unida pois á historia da nosa comunidade e, neste sentido, o número de autores e autoras, os xéneros cultivados, a dimensión cualitativa dos textos ou a súa transcendencia escénica estará directamente relacionada coa maior ou menor amplitude dese espacio cultural propio que desde principios do século XIX se vén tentando configurar[6].

En 1896, Galo Salinas Rodríguez, un rexionalista moderado, autor de diversas pezas dramáticas, director da *Revista Gallega* e fundador da Escola Rexional de Declamación (1903-1904)[7], xa establecía a evidente relación entre "soberanía nacional" e o desenvolvemento das culturas periféricas, cando afirmaba:

4. *Ibidem,* p. 6.

5. Tarrío Varela, A. *Literatura galega. Aportacións para unha historia crítica,* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1994, p. 300.

6. González-Millán, Xoán. "O discurso literario galego e a configuración dun espacio público nacional no primeiro tercio do século XX: un marco de reflexión", en Arturo Casas (coord.). *Tentativas sobre Dieste.* Sotelo Blanco, Compostela, 1995.

7. Pillado Mayor, Francisco. O teatro de *Manuel Lugris Freire.* Ediciós do Castro, Sada, A Coruña, 1991.

> *Corolario*: En Galicia habrá dramática en el momento en que haya buenos intérpretes; en el momento en que los dramaturgos, perfeccionándose por el estudio, sepan despreciar a sus impugnadores; en el momento en que reconozcan en el Regionalismo el *Deus ex machina* propulsor de nuestro progreso literario[8].

Brevidade, pobreza, emigración; como en Irlanda[9]. Desde o ano 1080, no que morre o último rei galego, don García, a cultura galega mantén unha loita desigual por ocupar o seu espacio propio; desigual por canto a cultura castelá contará para a súa progresiva implantación e supremacía co poder das armas e co poder político, sinónimo de poder administrativo, académico e económico. A sociedade galega vive deste xeito unha inmersión obrigada e obrigatoria na cultura castelá. As consecuencias son de todos coñecidas: desprezo do propio e amor polo alleo. O teatro, a máis pública das artes, desaparece; a literatura dramática non ten tempo a se desenvolver plenamente.

II

A dramática breve ten unha orixe popular e, ata certo punto, marxinal; nace e desenvólvese ó abeiro das formas "maiores" da dramática grega e durante séculos maniféstase nas composicións circunstanciais da dramaturxia popular. Neste sentido cómpre retomar aquel parágrafo no que Juan Crisóstomo criticaba os espectáculos que se representaban nas prazas públicas de Bizancio:

> En pleno mediodía se cuelgan telones y aparecen en escena numerosos actores con máscaras. Uno de ellos hace de filósofo, aunque él mismo no lo es; otro hace de rey; y, un tercero, representa al médico, y son reconocibles como tales únicamente por su atuendo; un analfabeto hace de maestro...[10]

A dramática breve, fiel herdeira desa mesma tradición profana, xamais perdeu o favor do público e subsistiu nas prazas de vilas e aldeas, para sufrir desde o século XV un permanente desenvolvemento, como puxo de manifesto Javier Huerta Calvo en diversos estudios:

8. Salinas, Rodríguez, Galo. *Memoria acerca de la dramática gallega. Causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el regionalismo.* Imprenta e Librería de Eugenio Carré, A Coruña, 1896, p. 62.

9. Usandizaga, A. *Teatro y política. El movimiento dramático irlandés.* Servicio de Publicaciones de la Universidad de Barcelona, Barcelona, 1985.

10. Berthold, Margot. *Historia social del teatro I.* Guadarrama, Madrid, 1974, p. 192.

> Comenzaré por constatar una obviedad, ya señalada por otros muchos estudiosos y es el hecho de que en toda nuestra historia teatral los únicos géneros que han venido siendo cultivados de forma casi ininterrumpida a lo largo de los tiempos son los géneros populares[11].

Esa orixe popular é un dos motivos que facilitan que, durante centos de anos, a creación dramática e a realización teatral en galego sobrevivan acollidas ás manifestacións festivas, fundamentalmente aquelas que tiñan carácter anual, como o Entroido, o ciclo do Maio, o ciclo de Nadal e outras celebracións relacionadas con tarefas de carácter agrícola como a colleita, a preparación do liño (fiadas e fiadeiros) ou as veladas nocturnas que se celebraban nos muíños (muiñadas). Nestas ocasións representábanse pequenas composicións e xogos dramáticos de carácter popular, herdeiros do teatro profano medieval e, posteriormente, da tradición entremesista. A recuperación dalgunhas destas pezas e a existencia documentada doutras[12], indica que en Galicia existiu unha dramaturxia popular baseada na representación de pezas breves de carácter cómico e festivo que se improvisaban ou escribían para cada ocasión ou circunstancia concreta. Foron estas manifestacións dramatúrxicas tradicionais e populares, as únicas nas que a lingua galega se constituíu en vehículo de expresión e comunicación dramático-teatral, pois os demais espacios estábanlle vedados. Ese é un dos motivos da singular raizame que a dramática breve ten nas primeiras etapas do lento renacemento dramático que se inicia a remates do século XIX. A recuperación do diálogo durante a guerra contra a invasión francesa é outra mostra da pegada dos xéneros populares na tradición cultural galega[13].

III

Para proseguir a nosa análise, teremos que explicar que cando utilizamos o sintagma "dramática breve", non falamos dun único obxecto, pois tras esa denominación atopamos dous tipos moi diferentes de textos. Dun lado temos aqueles que seguen o curso evolutivo marcado polo paso, o entremés e o sainete para logo derivar nas diferentes manifestacións do chamado *género chico*, do *vodevil*, do café-teatro e dos espectá-

11. Huerta Calvo, J. "La recuperación del entremés y los géneros teatrales menores en el primer tercio del siglo XX", en *El teatro en España. Entre la tradición y la Vanguardia, 1918/1939*. Coordinación e edición de Dru Dougherty e Mª F. Vilches, CSIC, Madrid, p. 285.

12. Bouza Brey, F. *Etnografía y folclore de Galicia*, I e II. Xerais, Vigo, 1992.

13. Carvalho Calero, Ricardo. "Diálogos gallegos de tradición renacentista", en *Estudios e ensaios de literatura galega*. Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1989.

culos de *cabaret;* na outra banda temos un conxunto de obras que, a pesar da súa brevidade, participan das características formais das de maior extensión e, por suposto, dun afán similar de transcendencia no tratamento dos temas. Un exemplo disto último atopámolo na peza *O drama do cabalo de axedrez* de Rafael Dieste, publicada en 1926 e que constitúe, a pesar da súa extrema brevidade, un singular tratado respecto dos límites da liberdade humana. As diferencias entre esta peza e aqueloutros textos que o autor escribiu para o "Teatro de Guiñol de las Misiones Pedagógicas", que entroncan coa tradición breve popular, son máis que evidentes e serven para determinar as dúas liñas predominantes na dramática breve: a tradicional e a contemporánea.

Seguindo a autorizada opinión de Luciano García Lorenzo[14], que, en certa medida, resumimos aquí, entre os trazos pertinentes ou distintivos da dramática breve tradicional deberiamos destacar:

1. Menor en extensión, aínda que o concepto de brevidade varía considerablemente.
2. Considérase cunha cualidade inferior debido ós temas presentados e ó seu tratamento e á pobreza psicolóxica dos personaxes (xeralmente tipos integrados en cadros costumistas).
3. Carácter cómico e humorístico que non impide nin elimina a visión crítica da realidade, cando existe.
4. Técnica realista.
5. Unha acción, un espacio e un tempo, xeralmente o do espectador.

Na dramática breve tradicional e popular están presentes as cinco características que sinalamos, mentres que, por regra xeral, na dramática breve contemporánea só podemos documentar a primeira. A lectura da versión que de *Electra* (1994) ten escrito recentemente Manuel Lourenzo é unha excelente mostra de canto acabamos de dicir.

Noutros ámbitos xeográficos e literarios o xénero breve tradicional contribuíu á descuberta de novos camiños no eido da renovación dramática e teatral; a obra de Valle, Lorca ou Dieste é unha boa mostra da insospeitada riqueza da tradición dramatúrxica popular.

Mais cabo desta brevidade primixenia, a principios de século empeza a manifestarse en toda Europa un novo tipo de peza que, aínda participando dalgunhas características das anteriores, presenta unha especial relación coa dramática considerada "maior" (en extensión), tanto no ámbito das temáticas como no do seu tratamento. Sen embargo a súa finalidade é outra, pois mentres a dramática breve de

14. García Lorenzo, L. "¿Teatro menor? ¿Teatro breve? Sobre la obra inédita de Lauro Olmo", en *El teatro menor en España a partir del siglo XVI. Actas del coloquio celebrado en Madrid, 20-22 de mayo de 1982*, CSIC, Madrid, 1985.

carácter popular e tradicional procura o entretemento (Uxío Charlón e Manuel Hermida) ou a crítica social (Álvaro de las Casas), a dramática breve contemporánea, que nace coas primeiras vangardas, persegue comprimir nuns poucos minutos e cun reducido número de palabras, xestos e movementos, un mundo contradictorio e por veces absurdo, sempre en constante mutación. A forza e a fugacidade do instante. A influencia do movemento futurista e do *teatro sintético* de Tommaso Marinetti foi determinante[15].

A peza de Álvaro Cunqueiro, *Rúa 26 (diálogo limiar)*, que vén de publicar Edicións Laiovento, nunha edición non venal a cargo de Teresa López e que debe ser inserida, ó igual que *O drama do cabalo de axedrez* (1927) de Rafael Dieste ou as pezas que Otero escribe en 1934 para o seu *Teatro de máscaras*, nesa tendencia, é un bo exemplo do que denominamos como dramática breve contemporánea.

As diferencias entre estes dous tipos de brevidade, a imposta polas circunstancias e a elixida por vontade propia, están presentes na nosa literatura e maniféstanse en dous momentos moi definidos da nosa historia política e literaria. A diferencia das pezas que enmarcamos na etapa precursora ou rexionalista, as obras dos autores máis contemporáneos (a corrente iníciase coas pezas escritas con anterioridade á Guerra Civil pertencentes ó que denominamos "dramática nacional"), mostran unha complexidade formal e temática moi próxima á de calquera obra convencional, ben que presenten un maior sintetismo e unha maior economía canto ás técnicas e recursos empregados no tratamento da materia dramática (algúns textos de Ramón Otero Pedrayo escritos en 1935 e incluídos no seu *Teatro de máscaras* dan fe do que acabamos de dicir).

A continuación realizaremos un breve percorrido por esas dúas etapas, sinalando aqueles autores e autoras que suscitan maior interese, tanto pola cualidade da súa obra como polo momento no que foi escrita. Para facilitar a lectura e o seguimento desta viaxe literaria, por forza breve e descritiva, e para mellor orientar ós lectores e lectoras, reproducimos a nosa proposta de periodización da literatura dramática galega[16].

LITERATURA DRAMÁTICA GALEGA

DRAMÁTICA MEDIEVAL

Ciclo galego-portugués (1100-1354).
Ciclo galego (1354-1482).

15. De Torre, Guillermo. *Historias de las literaturas de vanguardia*. Guadarrama, Madrid, 1965.

16. Vieites, Manuel F. *Manual e escolma da literatura dramática galega*. Sotelo Blanco, Compostela, 1996.

Os Séculos Escuros

A Creación Dramática Contemporánea

Os Precursores (1812-1868)
A Dramática Rexional (1868-1919)
Os iniciadores (1868-1903)
Os continuadores (1903-1919)
A Dramática Nacional (1919-1936)
O movemento inaugural (1919-1936)
O grupo *Nós* (1928-1936)
A xeración do vintecinco (1921-1936)
A diáspora (1886-1936)
O exilio (1936-1964)
A dramática silenciada (1936-1958)
Dramática social e primeiras vangardas (1959-1968)
Da dramática social á vangarda (1959-1968)
A corrente mítica (1962-1968)
A nova dramaturxia (1969-1999)
O grupo de Ribadavia (1969-1977)
A xeración dos oitenta (1977-1985)
A xeración dos noventa (1985-1999)

IV

Da mesma maneira que noutros ámbitos xeográficos e literarios, na Galicia de finais do século pasado, se temos en conta os subtítulos que os autores elixen para as súas obras, triunfa o entremés e o sainete, e con eles unha serie de variantes entre as que destacamos o xoguete cómico, os diálogos, o apropósito, a zarzuela nun acto, a comedia nun acto, o cadro lírico, a comedia de costumes, o "parrafeo", o "palique", as alegorías, o cadro dramático, o bosquexo cómico e outras composicións que non son máis que variacións sobre un mesmo modelo: a corrente máis tradicional da dramática breve. A maioría das pezas deben ser encadradas na corrente do realismo costumista (abunda o drama rural e o melodrama), que perseguía a exaltación dos sinais de identidade do "rexional" fronte ó foráneo, loita simbolizada pola oposición campo/cidade, sendo o primeiro o depositario das verdadeiras esencias dunha Galicia labrega e mariñeira, que se quería e sentía como a auténtica, como a única posible.

A partir de 1916 os textos presentan unha maior dimensión social, na que destaca a crítica do caciquismo e a censura das actitudes de rexeitamento e renuncia á propia identidade, conductas tipificadas, a través da caricatura e do exceso, na figura do emigrante que retorna

logo de ter feito fortuna nas América ou do quinto de permiso ou licenciado que adopta comportamentos e pautas de conducta alleas. Trátase tamén dunha dramática necesariamente breve, que ten unha finalidade esencialmente didáctica e que non persegue outro obxectivo que a exaltación rexional e unha tímida galeguización da sociedade. Ó mesmo tempo, e xa desde finais do século anterior, prodúcese unha inicial aproximación a temáticas máis complexas, como a recreación do pasado histórico de Galicia, recuperando mitos históricos como Pedro Madruga ou Maricastaña, unha vez máis recreadas desde a brevidade.

Desde un punto de vista estrictamente literario, o valor do conxunto de pezas que podemos incluír neste apartado (as creadas nos séculos escuros, polos precursores ou polos rexionalistas) é certamente escaso, pois trátase dunha dramática excesivamente mimética e tópica, mais o seu valor é indubidable á hora de analizar os procesos de recuperación e normalización cultural e nacional. Un eido fertilizado para todos os que, máis alá da simple análise morfolóxica ou sintáctica, investigan a permanente interacción entre literatura e sociedade, desde os presupostos da Socioloxía da Obra Dramática ou da Socioloxía do Teatro.

A primeira peza dramática en lingua galega é un entremés. Trátase do xa célebre *Entremés famoso en que se contiene la contienda que tubieron los labradores de la feligresía de Caldelas con los portugueses sobre la pesca del río Miño*, foi escrito polo licenciado Gabriel Feixóo de Araúxo en 1671. De 1812 data a segunda peza conservada, *A Casamenteira*, da que é autor o periodista liberal Antonio Bieito Fandiño. Durante o século XIX e unha boa parte do primeiro tercio do XX, a maioría das pezas que se escriben en Galicia en galego están feitas segundo o modelo establecido por esas dúas; na súa inmensa maioría son breves, elección que non debe sorprendernos pois os autores, sempre circunstanciais, nin posuían un correcto dominio dunha lingua aínda por recuperar e normativizar nin tiñan un dominio dos recursos e técnicas básicas da escrita dramática. Por outra banda, as posibilidades de escenificar os textos eran realmente escasas e tampouco existía un público específico para as funcións en galego, feito que motivou que nas primeiras veladas teatrais organizadas polos rexionalistas se combine a presentación dun espectáculo en castelán coa representación dunha peza breve en galego, co obxectivo non só de familiarizar o público coa lingua senón de superar as inhibicións e rechazos que tal feito producía.

Hai que ter en conta que a primeira peza da nosa dramática cunha relativa extensión estréase en 1903; trátase de *A ponte*, de Manuel Lugrís Freire, que entusiasmado polo resultado obtido, e aínda a pesar das críticas recibidas polo desenlace do conflicto (morte violenta do cacique), decide escribir unha segunda peza en tres actos, *Mareiras*, que estrea en 1904. Podemos dicir que este feito é un verdadeiro punto de partida para

o que vai ser o nacemento da nosa dramática nacional, na que a cualidade literaria primará sobre a intencionalidade social, política ou crítica do texto, síntoma evidente dunha progresiva normalización cultural impulsada polo nacionalismo e favorecida, sen dúbida, polo clima de liberdade, tolerancia e convivencia que trouxo a II República.

A brevidade foi pois, nesta primeira etapa, una imposición, unha consecuencia da nosa propia historia. Coa aparición da dramática nacional, período coincidente co espallamento do ideario galeguista e coa acción de dinamización sociocultural das Irmandades da Fala, a brevidade pasa a ser unha elección, un experimento, unha descuberta de novos camiños na creación dramática.

V

1919 é un ano inaugural para a dramática e para o teatro galego. A estrea de *A man da santiña*, peza de Ramón Cabanillas, un dos xenios poéticos da nosa literatura, abría aqueles camiños que desde 1916 viña sinalando Antón Villar Ponte, coñecedor (coa axuda de Plácido R. Castro) da obra de W. B. Yeats e grande admirador das experiencias e da singular proposta desenvolvida polo Abbey Theatre[17], e que o director do semanario *A Nosa Terra* trataría de trasladar, sen éxito, ó teatro galego. A universalización da creación dramática, sen renunciar á propia tradición, é quizais o signo distintivo de tres xeracións de autores que contribuíron a construír un corpus literario de considerable entidade e no que xa se apuntan certas tendencias de innovación e vanguarda, tal é o caso de Xaime Quintanilla, Villar Ponte, Otero Pedrayo, Álvaro de las Casas ou Rafael Dieste. Os catro últimos deixaron escritas excelentes pezas breves, sen esquecer outros autores como Leandro Carré (velaí *A venganza*, estreada en 1922) ou Armando Cotarelo.

Mourenza, publicada en 1931, é, sen dúbida, o mellor dos textos escritos polo profesor Cotarelo Valledor; unha peza breve que destaca polo singular tratamento da materia dramática, baseado na síntese e na brevidade. Neste sentido a obra resulta verdadeiramente anovadora, sobre todo polo seu ton decididamente expresionista, ben que Cotarelo pretendese escribir unha peza a medio camiño entre o naturalismo e o simbolismo. A débeda con Valle-Inclán resulta a todas luces evidente e non só no ámbito formal, senón tamén no temático; como destacou Xulio Lago[18], as forzas que orientan a acción dos personaxes son,

17. Vieites, Manuel F. Prólogo a *W. B. Yeats. Dúas pezas: A ola de caldo e O gato e a lúa*. Colección Cadernos de Teatro, A Coruña, 1996.

18. Lago, Xulio. "Esbozo para unha aproximación a Mourenza" en VV. AA. *Armando Cotarelo e o teatro. Cadernos da Escola Dramática Galega* 44, A Coruña, 1984.

como en Valle, a avaricia, a luxuria e a morte. Foi esa "negrume" a que chamou poderosamente a atención de directores como o propio Xulio Lago, Manuel Lourenzo ou João Guisan, que de sempre recoñeceron a insólita fermosura desta estraña e extraordinaria peza.

Antón Villar Ponte foi, antes que calquera outra cousa, un animador sociocultural que impulsou iniciativas[19], proxectos e experiencias de indubidable transcendencia na normalización da nosa cultura (as Irmandades da Fala, o semanario *A Nosa Terra*, ou o Conservatorio Nazonal de Arte Galego e o seu cadro de declamación que, dirixido por Fernando Osorio do Campo, supuxo a primeira proposta de teatro profesional en Galicia). Tampouco renunciou á escritura dramática e velaí temos o excelente *Nouturnio de medo e morte, bárbara anécdota realista en dous tempos (sen literatura) que puido andar nos romances dos cegos* (1935), peza cun subtítulo que proclama con claridade a súa filiación estética.

Ramón Otero Pedrayo é autor, como xa se dixo, dun conxunto de pezas agrupadas baixo a denominación de *Teatro de máscaras* que foron escritas en 1935 como material literario para un Teatro da arte que Castelao xamais deixou de imaxinar e soñar. Otero publicaría ademais, na prensa compostelana, outro grupo de obras de moi similares características, aparecidas entre 1929 e 1950 e editadas recentemente pola profesora Aurora Marco baixo o título de *Teatro ignorado* (1991). Todas elas sorprenden pola súa audacia formal e pola permanente busca de técnicas e recursos dramáticos cos que recrear unha materia narrativa e dramática extraída do que Otero entendía como a eterna esencia de Galicia. A peza *Os espectros das doenzas*, é un claro exemplo desa adscrición vangardista da que falabamos. Velaí un exemplo:

> DON ATANASIO *(Ledo)*. Setenta e catro fago no San Martiño, e sei de doenzas pola miña experiencia máis que todo o Colexio médico. Vinte meses estiven nun leito cun lumbago que me facía ouvear como un lobo *(Pasa un home tusindo e fumando)*. Ese que vai aí non ten nada. Eu tódalas mañás vomito cuartillo e medio de biles *(Pasa un coxo)*. Ese tipo vaise dando importancia. Eu cando foi o choque do mixto e do expreso, o 76, en Alcázar de San Xoán, indo eu para Andalucía a curar a tise co inverno en Málaga, rompín entrambos fémures con fractura conminuta. ¿Queres un refresco?
>
> DON HIXINIO *(Distraído bebe o refresco. Logo lémbrase asustado)*. Son un temerario. O parte de sanidade anunciaba tifo. Menos mal que estou vacinado.
>
> DON ATANASIO. ¿E eso que? Catro veces me vacinei e tivera tres o tifo experimental cando me pillou e estiven tres meses medio morto co duodeno crebadizo como un vidro.

19. Bernárdez, C. L. e Vieites, M. F. *Ramón Cabanillas. Obra dramática.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1996.

> DON HIXINIO. Adeus, déixote. ¡Mais ti tiveches tódalas doenzas!
> DON ATANASIO *(Despreciativo).* Iso non é nada. Mira, catarro e farinxite crónica, reumatismo articular, tuberculose herdada, ataxia locomotriz en grao primeiro, fígado infartado de resultas do vómito negro que padecín na Habana o 72, pulmonías tódolos xaneiros, colite tódolos veráns de resultas da febre marela que apañei en Filipinas sendo Delegado de Facenda... *(DON HIXINIO foxe.)* E arterioesclerose con dexeneración graxenta do corazón. *(DON HIXINIO corre e DON ATANASIO berra.)* E elefantiase, e os mellores cálculos urinarios que hai no mundo, e gota militar e parálise do gran simpático *(DON HIXINIO xa fuxiu. Só.)* Son El Rei das doenzas, O Emperador da Patoloxía, o Xuíz supremo da Terapéutica, o *aplech* dos microbios, o Mitríades dos Fármacos. Só sinto non ser unha muller para ter antes de morrer unha boa febre puerperal ou un fermoso parto distócico[20].

Outro tanto ocorre con Álvaro de las Casas, autor silenciado e desconñecido que deixou unha interesante obra na que atopamos elementos e técnicas propias do expresionismo e do esperpento de Valle, mesturadas con permanentes alusións, temáticas e formais, ó saudosismo, o movemento poético de orientación "atlantista" que tivo grande incidencia na poesía galega da época e que na obra de Álvaro de las Casas transfórmase nunha especie de nihilismo existencial, presente en *Sabel* (1934) ou *Pancho de Rábade* (1930), dúas das súas pezas máis salientables.

Dieste, como xa avanzamos, é autor de *O drama do cabalo de axedrez*, unha peza singular, actual e moderna e na que o autor traslada ó ámbito da creación dramática a depurada técnica narrativa que sobrancea no conxunto de relatos titulado *Dos arquivos do trasno* ou nas *Historias e invenciones de Félix Muriel*, obras nas que o *minimal* como proposta estética e artística é algo máis do que unha simple e afortunada intuición.

Nesta mesma época, durante a II República, concibe Álvaro Cunqueiro unha obra dramática da que escribe, en 1933, o prólogo; trátase de *Xan, o bo conspirador*, peciña de excepcional importancia pois contribúe a mostrar a importancia desa liña creativa próxima á experimentación formal e temática que apuntabamos, sempre relacionada coas vangardas europeas. Téñense sinalado con acerto as evidentes claves surrealistas presentes neste "prólogo" e os paralelismos con outras creacións da época, particularmente coa pioneira *Tres sombreros de copa* de Mihura ou coas pezas breves de Lorca, pero non queremos deixar de considerar o prólogo de *Los cuernos de don Friolera*, obra dun autor reverenciado, respectado e imitado na Galicia da época.

20. Otero Pedrayo, Ramón. *Os espectros das doenzas.* Peza incluída en *Teatro de máscaras.* Galaxia, Vigo, 1989, pp. 60-62.

Rúa 26 (diálogo limiar), quixo ser como a anterior, o prólogo dunha obra que Cunqueiro xamais chegaría a escribir. O interese e a importancia deste fragmento radica en que, amais da súa cualidade literaria, constitúe unha proba evidente da incidencia da experimentación vangardista na dramática galega, e permite albiscar cáles terían sido as súas liñas de desenvolvemento se, no seu día, a legalidade constitucional da II República non fose salvaxemente quebrada. Este excelente "fragmento" de Cunqueiro publicado en 1932 no número 6 da revista lucense *Yunque*, e agora recuperado, é unha proba máis de que, naquela altura, Galicia tiña xa restablecido a secular ponte con Europa, a mesma que promoveu o florecemento inaugural da nosa literatura.

A aprobación do estatuto de Autonomía en xuño de 1936, abría posibilidades de autogoberno que sen dúbida terían que influír positivamente na normalización definitiva da nosa dramática e, de igual maneira, na posta en marcha dun teatro nacional que tantó Villar Ponte como Castelao non dubidarían en crear e promocionar; sen embargo, unha vez máis o futuro soñado esmoreceu e as malfadadas "circunstancias", que tantos insisten agora en esquecer e mesmo en negar, mutilaron coa maior crueldade posible a vida e as esperanzas de tantas e tantas persoas. Unha vez máis, torna a brevidade.

VI

A represión lingüística, cultural, política, ideolóxica, social e económica do franquismo conseguiu abortar a prodixiosa andaina que a creación dramática en galego realizara en tan poucos anos. A absoluta falla de liberdades en todos os ámbitos de actividade imaxinables, a censura e as prohibicións que pesaban sobre o teatro en galego, sumada á imposibilidade de reconstruír a rede editorial da II República, levan ós poucos autores que se aventuran no xénero dramático a optar, unha vez máis, pola brevidade, pois esa opción era a única que permitía a publicación do texto en revistas como *Grial*, que mantivo aberta durante moitos anos unha porta aberta á esperanza. Hai que sinalar que as peculiaridades do sector editorial galego, que só na fin dos anos oitenta parece iniciar a súa consolidación definitiva, determinan a enorme distancia que separa a creación ou a estrea dunha obra e a súa publicación.

Sen embargo, a prometedora traxectoria das nosas letras non se truncou definitivamente. Co remate da Guerra Civil, a dramática breve de signo tradicional e costumista deixa de cultivarse, agás algunha excepción pouco significativa. No seu lugar reaparece aquela concepción do texto breve, que presenta, como xa se dixo, unha maior com-

plexidade temático-formal e unha maior dimensión crítica, acorde coas necesidades expresivas do momento.

Na posguerra, Álvaro Cunqueiro prosegue a súa actividade no eido da dramática con pezas como *Palabras de víspera*, bosquexo unha vez máis "de una pieza larga, en tres actos, con muchos cuadros", (1974) ou *Función de Romeo e Xulieta, famosos namorados,* incluída no texto narrativo *As crónicas do Sochantre* (1956). Otro tanto fai Ricardo Carvallo Calero, que escribe un interesante grupo de obras, entre as que podemos destacar, *A árbore*, escrita en 1948 e *O prisioneiro*, datada en 1969, as dúas publicadas no seu *Teatro completo.*

Desde as páxinas de *Grial* danse a coñecer pezas breves de autores como X. L. López Cid (*Eilbrief,* 1978) ou Otero Pedrayo (*Noite compostelá*, 1973), pertencentes ás xeracións de pre- ou posguerra; pola publicación viguesa tamén asoman as composicións de dúas novas xeracións que van desempeñar un rol determinante na recuperación e progresiva normalización da creación dramática. Na primeira delas destaca Jenaro Marinhas del Valle, autor que contribuíu notablemente ó desenvolvemento do xénero breve; un bo número de obras súas aparecen en *Grial: O triángulo ateo, A chave na porta, Escaparate de baratillas* e *A redención*, (publicadas en 1964 baixo a denominación de *Monifates*), *Pequena farsa dos amores desencontrados* (1968), *Loucura e morte de peregrino* (1972), *Dúas pezas de teatro inerte* (*Os ausentes, No palleiro,* 1974), e *O bosque* (1977). Logo publica, noutros medios, *Acurrados* (1981) e o monólogo *Home frouxo* (1990), e recentemente a *Revista Galega de Teatro* (1995, II) recupera a súa peza *A gaiola*. A creación dramática de Jenaro Marinhas presenta unha gran riqueza formal e temática, e en toda ela déixase sentir, con verdadeira crueza, unha conciencia tráxica da existencia, ás veces cun certo ton nihilista, trazo distintivo que atopamos nas pezas máis simbolistas *(A gaiola)*, naquelas que posúen unha vertente social *(A chave na porta)*, ou en textos máis experimentais *(O triángulo ateo, Escaparate de baratillas).*

Outro autor que cultivou a peza breve, desde o exilio en Arxentina, foi Eduardo Blanco Amor, defensor dun teatro popular adaptado ó que el consideraba a nosa realidade sociocultural. Para ese teatro asentado na tradición escribe diversas pezas breves contidas no volume *Teatro pra xente* (1974), que van precedidas dun prólogo no que explicita un ideario estético, do que *A medosa Blandina, A tía Lambida* ou *A lebre das ánimas,* son excelentes exemplos. En 1973, presenta unha edición bilingüe de *Farsas para títeres*, que contén oito pezas breves, algunhas publicadas anteriormente, todas de diversa factura e nas que domina a farsa e a sátira, nunha lectura certamente crítica da realidade. Especial interese teñen *Un refaixo pra Celestina* e *Anxélica no umbral do ceio.*

No segundo grupo xeracional atopamos a Bernardino Graña (*Sinfarinín contra don Perfeuto*, 1975), Arcadio López Casanova (*Orestes*, 1963), Xosé M. Rodríguez Pampín (*Creón, Creón*, 1975) ou Manuel María, un dos poetas contemporáneos máis sobresaíntes, que publica diversas pezas entroncadas coa tradición dramatúrxica popular, como a serie dos "autos", entre os que destacamos o *Auto do taberneiro* (1957), o *Auto do labrego* (1961), o *Auto do mariñeiro* (1970), ou o *Auto do maio esmaiolado* (1982), nos que sempre agroma unha lectura crítica da realidade sociocultural e política.

VII

En 1969 o grupo coruñés Teatro Circo estrea un espectáculo baseado na obra de Manuel Lourenzo, *Tres irmás parvas*; con el iniciábase un período determinante no desenvolvemento, cualitativo e cuantitativo, da nosa dramática. O "novo teatro" galego[21], que nace en 1965 coa creación do grupo de teatro O Facho, vai acompañado dunha "nova dramaturxia" na medida en que unha boa parte dos actores e directores deste movemento teatral tamén son autores. En 1973 la A. C. Abrente pon en marcha a Mostra de Teatro de Ribadavia e un concurso de textos dramáticos que contribuirá a consolidar o novo teatro e a dramaturxia que lle servía de soporte; nesta vila ourensá configúrase o "grupo de Ribadavia", integrado, entre outros, por Manuel Lourenzo, Euloxio Rodríguez Ruibal e Roberto Vidal Bolaño, autores cunha obra considerable e dunha cualidade incontestable, ben que este último non se ten prodigado no xénero breve.

Nova Dramaturxia (1969-1999)

O grupo de Ribadavia (1969-1977)
A xeración dos oitenta (1977-1985)
A xeración dos noventa (1985-1999)

Novo Teatro (1965-1999)

O teatro independente (1965-1978)
O teatro profesional (1978-1984)
O teatro institucional (1984-1999)

Manuel Lourenzo, debido a súa condición de director teatral, é o autor que con maior insistencia cultivou a dramática breve e mesmo podemos afirmar que unha boa parte da súa obra pode ser catalogada

21. Vieites, M. F. "Una nueva dramaturgia para un nuevo teatro. Ribadavia, 1973-1980", na revista *Primer Acto* 262, Madrid, 1996.

nese ámbito. Desde as primeiras pezas, recollidas en *Edén e outros paraísos* (1981), ata outras máis recentes como *Xoana* (1991), *O camiño das estrelas* (1993) ou o conxunto de textos titulado *O perfil do crepúsculo* (1995), Lourenzo elabora unha obra que destaca por unha permanente investigación formal na que alterna a referencia á realidade sociopolítica e cultural gallega, coa exploración de temáticas más universais. Particular interese posúe o que denominanos "ciclo mítico", un amplo grupo de obras nas que recrea temáticas procedentes da dramática grega, unhas veces en relación coa realidade galega *(Forzas eléctricas)* e outras para reelaborar, desde unha nova perspectiva, un determinado conflicto, situación ou personaxe (*Electrà*, 1994).

Euloxio Rodríguez Rúibal é autor de *O cabodano*, *Cousas da morte* e *A sombra do bon cabaleiro*, reunidas nun volume que se publica en 1977; en 1979 publica en *Grial*, *A volta do vello emigrante* e en 1991, sete brevísimas pezas baixo o título xenérico de *Teatro mínimo*. A obra breve de Euloxio destaca pola súa dramaticidade, producto dun peculiar tratamento da materia dramática baseado na concisión, no sintetismo, na economía expresiva, na acertada construcción da trama e na precisa caracterización dos personaxes. Pero tamén destacan, por outro lado, polo singular tratamento que reciben eses pequenos problemas cotiás que, en realidade, son a antesala de moitas das incertezas, angueiras e pequenas miserias que afectan á existencia humana.

Un feito de singular transcendencia no desenvolvemento e proxección editorial da dramática breve actual, foi a posta en marcha da colección dos *Cadernos da Escola Dramática Galega*, iniciativa promovida pola Escola Dramática Galega e dirixida por Francisco Pillado e Manuel Lourenzo. Nesa colección publícanse traballos de carácter divulgativo sobre as máis diversas temáticas e un número considerable de textos dramáticos. A colección serve para recuperar textos inéditos dos primeiros autores (Precursores e Dramática Rexional, fundamentalmente), editar obras clásicas da nosa dramática, traducir textos de autores como Becket, Camus ou Jarry, e presentar un numeroso grupo de novos autores e autoras. Pero ademais, a EDG convocou desde 1979, un Concurso de Teatro Breve, co obxecto de potenciar un xénero que se consideraba necesario e para estimular a aparición de novos valores. Tanto os Cadernos como o certame, foron os dous factores máis determinantes na promoción da nosa dramática breve máis recente.

Entre eses novos valores, e tendo en conta o ámbito específico da peza breve, cabe sinalar, sen menosprezo o menoscabo para os non incluídos, e reseñando só aquelas pezas que consideramos más interesantes, a Miguel Anxo Fernán Vello, autor de *A extraña señorita Lou* (1982) e *Auto insólito do autor* (1985); João Guisan autor de *Um cenário*

chamado Frederico (1985), texto que a pesar da súa extensión, é un dos máis fermosos, lúcidos e sobresaíntes de toda a literatura dramática galega contemporánea; Xesús Pisón, autor de *O pauto* (1983), *O rei aborrecido* (1985) e doutras dúas interesantes pezas breves, *A vía láctea* e *Como Jekyll e Hide*, editadas baixo o título de *Venenos* (1994) coas que mostra a súa enorme madureza creativa; Luísa Villalta, poeta notable que leva publicado *Concerto para un home só* (1989) e *O paseo das esfinxes* (1991); Lino Braxe, que en 1991 publica *A promesa*, conxunto de 12 pezas, e en 1993 o monólogo *A actriz*, ou Inma A. Souto, actriz e autora de *Como cartas a un amante* (1987), e *As augas mudas* (1989).

VIII

Esta interesante producción dramática non tivo, agás naqueles casos nos que o autor tamén exerce de director, gran transcendencia escénica. Galicia, tamén no que fai ó teatro, é un país en proceso de construcción, que xamais contou cunha estructura teatral propia. Todo o que podemos certificar é a existencia dun número considerable de salas de teatro (unhas en estado ruinoso, outras en trámite de recualificación urbanística e as menos —moitas menos—, felizmente recuperadas pero pouco utilizadas), que aínda hoxe serven para que as compañías de Castela fagan as xiras por provincias. Non hai pois unha programación galega estable.

O teatro galego máis contemporáneo nace coa loita política e cultural; xamais tivo a dimensión comercial propia das culturas normalizadas e o seu renacemento débese en boa medida á forza do teatro independente. Eis unha das causas de que o teatro galego non goce aínda da aceptación necesaria, na medida en que os usos lingüísticos neste país implican connotacións de carácter sociocultural, político e ideolóxico. O teatro galego conseguiu crear o seu público pero non puido, ou non soubo (de todo un pouco), gañar o favor da maioría do público.

Neste sentido, non podemos deixar de sinalar, por moito que nos doia e por moito que non coincidamos co actual estado de cousas, que o teatro galego profesional é hoxe un teatro subsidiado economicamente e subsidiario institucionalmente. O manifesto desinterese que as autoridades autonómicas mostraron por definir un programa marco de actuacións en materia de política teatral está en consonancia coa notoria pasividade coa que os colectivos de teatro fixeron fronte á incapacidade e ó abandono institucional[22]; todo iso conduce a unha

22. Pazos Varela, X. M. "O teatro galego hoxe. Visións —incompletas— desde o recanto sur" en VV. AA. Rafael dieste, Letras Galegas 95. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Compostela, 1995.

especie de pacto tácito (non firmado pero xamais denunciado), segundo o que a Consellería de Cultura ofrece subvencións a cambio de non entrar a analizar, debater, discutir (entre todos os sectores implicados) un plan de normalización da actividade teatral nas súas moi diversas manifestacións; uns outorgan e os outros calan.

Esta situación de crise permanente, que mesmo afecta á cualidade dos productos, inflúe na posibilidade de potenciar espacios alternativos nos que a dramática breve podería ver ampliadas as posibilidades de converterse ou servir de pretexto para un espectáculo, mais son posibilidades que, agás algunha interesante experiencia, non foron aínda experimentadas suficientemente. Dunha parte ábrese a posibilidade de levar o teatro a novos espacios, de explorar novas posibilidades de relación e comunicación entre o actor e o espectador, mais triste é o sino dun país no que, unha vez máis, o espectáculo breve constitúe a única posibilidade de supervivencia teatral e a itinerancia (polos máis variados espacios, moitos deles sen condicións) a única alternativa.

M. F. V.

Hippogriffe, de Antón Risco: unha metáfora poética

Marie-Thérèse Dumont

Nun principio, un séntese inquedo, un tanto desnortado. ¿Que significa todo isto? Para quen non coñeza o galego nin o español, *Hippogriffe*, a única obra de Antón Risco ata de agora traducida ó francés, será a única referencia do autor. Péchase o libro e a vida continúa. Iso si, ante todo terá sido un excelente divertimento. Pero, de súpeto, de novo o interrogante: ¿Que significa todo isto? Non se trata dunha historia de amor e, sen embargo, aí están Zor e Tara, Carlos e mais as mulleres. Non se trata dunha obra de ciencia-ficción e, sen embargo, aí están o comunicador, os cerebros cúticos... Non se trata dun tratado de moral e, sen embargo, aí está o inferno... Non se trata dunha novela filosófica e, sen embargo... Non se trata de... e, sen embargo... E, de súpeto, diante dos nosos ollos prodúcese o prodixio. Éo todo. É todo a un tempo, é o *Aleph* de Borges, é o universo e a humanidade, o tempo e o espacio, é un todo onde todo é necesario, onde nada sobra, está firmemente concibida, e máis firmemente esculpida. É a procura tráxica do senso da vida expresada nunha lingua luminosa, a da intuición que tende cara á totalidade da significación, cara á súa unidade.

O lector modelo aborda este libro, clasificado coa etiqueta de "novela", e isto malia a "suxestión" ou "intrusión" que o precede, de maneira habitual, é dicir, a partir da primeira páxina. O lector é sabedor xa, gracias ós avisos do autor, de que esta novela "está dividida en tres partes que se complementan, ou que, se cadra, se opoñen, ¿quen sabe?", (p. 9) e que pode deambular por toda ela ó seu gusto, e que de todos xeitos o seu propio pensamento vaise apropiar dela e refacela de novo. Calquera que sexa a pista asumida polo lector, o resultado non variará pois a forma inusitada da novela ten algo que

dicir e dío dun xeito tan perfecto que o círculo se pecha sobre o lector e o envolve, xustamente no propio corazón do que vai dito. E o seu propósito é inmenso. Que o presente sexa lido á luz do futuro ou ben que sexa este mesmo futuro o que enxendre o presente non ten importancia ningunha porque de calquera xeito a evidencia vaise impoñer, a do todo, sempre presente.

¿Trátase dunha obra fantástica, realista? *Hippogriffe* é, ante todo, unha metáfora poética. Metáfora é aquilo que permite aunar todos os elementos da totalidade e, como di Ricoeur "pensar conxuntamente a unidade horizontal das significacións do ser e a unidade vertical dos seres"[1]. E aínda engade: "A metáfora, ó servicio da función poética, é esa estratexia de discurso pola cal a linguaxe se desprende da súa función de descrición directa para acceder ó nivel mítico onde queda liberada a súa función de descubrimento"[2]. A linguaxe asume o pensamento a través do cal se desenvolve. O discurso da poesía é, de todos os niveis de discurso, o máis dúctil pois asume e dá conta do maior número posible de compoñentes do pensamento, e condúcea a un lugar luminoso onde habitan a conciencia e mais a esperanza. E ese é o lugar da felicidade. A poesía conduce á felicidade cando esta cumpre coa súa función de descuberta. E velaí as razón polas que eu creo no propósito de Antón Risco.

O percorrido da vida humana está delimitado por múltiples contactos que afectan ó ser. A felicidade é o resultado da comunicación que busca ó outro, do amor que atopa o outro, e o outro mesmo, árbore, home, deus, palabra, que permanece nel e actúa nel enxendrando todas as metamorfoses do devenir. Con todo, o home queda marcado por unha obra maior "dunha audaz traxectoria como unha rabuñadura salvaxe" (p. 184). E esta última e sublime metamorfose é a que a linguaxe poética intenta apreixar para así podela testemuñar. E velaí as razón polas que eu creo no propósito de Antón Risco.

E o home resulta constantemente atravesado de humanidade. Fina ironía. E velaí as razóns polas que eu creo no propósito de Antón Risco.

"Sinto dentro de min un estraño desexo que me abrasa" (p. 98), dicía o pallaso. Aquí, no caso do lector atento, o seu corpo abandonado na tranquilidade dunha existencia de augas estancadas na superficie e afogado na brétema, esta frase crávase dentro del, introdúcese nel, e por máis que permaneza inmóbil, que o seu corazón e os seus pulmóns cesen, o seu movemento involuntario e repetitivo, que o pensamento se funda na brétema tranquila desa superficie lisa, non lle di nada, non esperta nada nel, non lle causa mal ningún. E despois debe remontarse

1. Ricoeur. *La métaphore vive*, p. 337.
2. *Ibidem* p. 311.

á superficie, asumir o premio do aire e o da carne, perpetuar a vida en si e, de novo, o corazón e os pulmóns toman vida, e a frase-obxecto esperta e, agachada neste seu recanto, nesta forma redonda na que tan perfectamente se suxeitou, velaí que se ergue e que por mor dela xorden sangue e suor que salferen a propia duración que a resume. O desexo esperta de novo, na procura do seu propio sentido. Fronte a el unha arrogante mirada, e a entreverada claridade do seu sorriso electrónico desvela o infantilismo e a vaidade do desexo estraño que abrasa ó lector. Daquela, o arrogante, recoñecendo a súa culpa, manifféstase. Xurdiu o poder. ¡Hipogrifo violento! Eu rabuño a nada.

Hippogriffe é, xa que logo, unha obra que trata sobre o poder e a manipulación practicados e sufridos, sobre o ser humano como único obxecto de toda experimentación. E a práctica do poder constitúe, nun principio, un desexo, unha idea, unha abstracción que rara vez se corresponde cunha realidade efectiva, toda vez que o espírito humano non pode reter dentro de si mesmo todos os elementos da totalidade. O poder recoñécese as máis das veces no espello do cego. De aí que "Zeo Kan dialogase consigo mesmo diante dun espello, pois todo individuo importante ten necesidade dun dobre que o afirme ou o negue, aínda que, se cadra, estas dúas realidades conflúan no mesmo" (p. 63). A voz do poder atopa así a súa orixe na inocencia humana, a súa pureza, a súa boa vontade. É a mirada do arrogante quen a mancha, el, ofuscado por si mesmo, obsesionado e limitado soamente por si mesmo. E dun cego, fai un xordo.

Zeo Kan e Juan pensan que están imbuídos dun certo poder e utilízano. Chun, o axuda de campo de Zeo Kan, é un home que actúa como un robot a través do cal se mirarían e se admirarían todos os aspirantes a dictadores do mundo sen comprederen que as relacións ambiguas, as adulacións e a ambición son tamén unha especie de espellos. "Fuches ti quen me fixo ser o teu diaño" (p. 154) dirá Chun a Zeo Kan, volvéndoo contra el mesmo. Nós atopamos en Zeo Kan e mais en Juan este mesmo desexo estraño e que os abrasa por dentro: o de transcender os seus límites manipulando o destino común, os soños, acaparando as forzas dos outros.

Nestes tempos, a autoridade habitaría no interior do home, nesa "greta" desde onde ordena e ameaza. Esa "greta" é unha das imaxes ó mesmo tempo magníficas e inquietantes que deambulan polo imaxinario da novela. Significa que non é necesario promulgar interdictos pois cada un leva, integradas nel mesmo, a regra e o castigo que acarrea o incumprimento da mesma. "Isto representa, en consecuencia, unha reacción instintiva compensatoria destinada a restablecer a orde, a disciplina e a coherencia do grupo" (p. 299). Así, Zor e Tara non accederon á intimidade, nin á identidade sexual, nin ó segredo. E afogan, prisoneiros, porque unha voz no seu interior non quere nin pode se

someter. E, "detrás de Carlos, hai unha manchea de xente que o oprime" (p. 185). En consecuencia, Carlos foxe.

Zeo e Juan erraron na especie que debían reprimir. Nós non somos formigas programadas para fornecer felicidade á raíña e continuar a especie. A natureza humana diferénciase do resto precisamente por esta consciencia que posúe de si mesma e do lugar que ocupa no universo. Desde o punto e hora en que esta especie tende á súa completa actualización, desde o momento en que accede a un certo estadio da súa evolución, calquera que sexa o seu entorno, correrá na procura da liberdade, irá alén dos múltiples graos de autoridade que a constrinxen e a seducen. E o individuo afástase, procura a soidade. Pero, ó mesmo que o bater das ás da bolboreta a escala cuántica, así as ondas do pulo liberador serán experimentadas por todos, e todos serán sacudidos por elas. "Hipogrifo violento".

Hippogriffe é tamén unha novela que trata acerca da identidade, da hipotética intimidade do individuo nun mundo invadido, sometido á especie. Os obxectos están reducidos á súa estructura enerxética. Os humanos poden desprazarse e comunicarse sen obstáculos, gracias a aparellos altamente sofisticados, comunicadores, presentadores, etc... Os corpos carecen de sangue e son asexuados. Todas as conversas son de dominio público. Zor e Tara viven o momento de extremo límite da nivelación do individuo en proveito da comunidade (dirán Zeo Kan e Juan). Este mundo deixa de ser un acubillo. Os corpos non son xa un acubillo. O ollo da autoridade, como o ollo divino, é omnipresente, omnipotente. Pero a voz está no interior deles, perdura alén do corpo, fala daquel desexo estraño que os abrasa, condúceos á metamorfose que os levará á liberdade, que os converterá en seres.

Carlos, pola súa banda, vive no mundo das cousas, no mundo da aparencia, onde "...na súa escuridade de meiga e de ogro, tremendo de angustia, un neno fuxitivo perdido..." (p. 199) busca un refuxio. Carlos é este neno. El desprázase sen cesar, insiste e espera. Pouco e pouco a súa búsqueda tomará visos de fuxida. Pero, ¿onde atopar ese lugar privilexiado, ese acubillo? ¿Hai que restituír o home a ese lugar que presenta o poeta, conducilo alén do exilio? Só o pensamento pode realizar esta fuxida e con el as palabras que o soportan fóra do corpo, as palabras da toma de contacto pois o concreto non se pode realizar no abstracto e o abstracto non se pode converter en algo concreto, agás por medio da palabra.

Hippogriffe é antes que nada unha novela, unha palabra seria e aloucada, sombría e luminosa, inmóbil e vertixinosa, flexible e dócil, fabulosa e estricta. A forma de *Hippogriffe* concíbese a si mesma como unha totalidade, é asemade o narrador e o narrado, con esta forma de contar tan precisa que o lector avanza sen se decatar que non é el o que inventa a

lectura, que é ela a que a reinventa, a que a cuestiona e a marca. E, unha vez rematada a lectura, esta non se esvae na confusión dunha vaga sensación, permanece, chea de significado, inquisidora. Permite que xurda do seu interior un mundo fortemente marcado polas pegadas dos homes; suxire, dubida, busca, e o xesto que dirixe cara a nós é case tanxible. É ó mesmo tempo a voz do ceo e a da terra, é sagrada e sensual, é entrega e ausencia, é unha e múltiple, testemuña que aquí é ela a única de todas as metamorfoses que permanece verdadeira.

No tempo de Zor e Tara, cando os xestos dos corpos etéreos reemprazan á palabra como elemento de comunicación, a linguaxe corre un risco continuo, pois dentro dela habita a única intimidade posible. É unha linguaxe que toca, fala baixo, posúe e entrégase. Cada vez que unha palabra é pronunciada, o ser arríscase e asume ese risco. A linguaxe non é a dunha comunidade que se expresa e alcanza un vasto consenso preestablecido, senón a dun ser que chegou a un punto de ruptura, a ese segundo que precede a explosión e, na urxencia, "busca outras zonas máis nobres do ser humano" (p. 102):

—"Este corpo rudo e brutal..."
—"¡Admirable!"
—"Denso e tendido..."
—"¡Como un escudo!"
—"...pesado e afoutado..."
—"¡Soberbio!"
—"...disoluto e corrompible..."
—"¡Único!"
—"...mudou de substancia, perdeu a súa consistencia..."

Avanza por metamorfoses, busca o indicible e múltiple, oscila, tanto afoga como revive. E, de súpeto, solta as amarras, vai alén de si mesmo, convértese en onomatopeas, sinxelos signos á procura dun significado, ata nacer por completo nesta inxel expresión: "Hipogrifo violento", ata nacer como "xermolo dunha idea, palabra en proceso de formulación... navegando á procura, ¿quen sabe?, dun autor". E a linguaxe e o home bótanse a perder, logo de ser negadas. E a linguaxe e o home asócianse, cara adiante, "...proxectos de algo que algún día se cumprirá" (p. 62). Pero a linguaxe traiciona, encerra dentro de si profundas escuridades e luces cegadoras. Non queda senón o corpo para sentir e expresar. E o corpo vénse abaixo e só queda a linguaxe para dar testemuño. A Zor e a Tara, os seus corpos reducidos á máis simple expresión, a súa intimidade reducida a nada dado que o corpo de garda está desarmado, só lles queda o espírito para completar a súa vida. Xa non é, xa que logo, o home carnal senón o home espiritual o que pode enxendrar non a carne senón o espírito. E é a fin do home, é

Hipogrifo violento, é a chegada dun sentido que expurga ó ser da súa carne. E, sen embargo, a escritura permanèce marabillosamente sensual, pois o amor non se pode expresar senón a través da linguaxe corporal: "...podès esvarar pola miña boca e así entrar dentro de min e encherme toda enteira como un vaso, e podes refuxiarte no meu interior, como paxaro que treme no seu niño", dirá Tara a Zor-espírito (p. 140). E todo o que o amor enxendra queda marcado pola beleza e pola eternidade. E é aquí onde a poesía cumpre o seu cometidò, absorbe e pacifica todos os combates. A linguaxe é fráxil, aberta, ten significado alén dela mesma. Está aberta a todos os significados, sempre está inserida de humanidade, non existe sen o home pero expresa máis que o propio home. A linguaxe é unha esfera e no seu interior non cesan de se escoitaren as mesmas palabras que, para un oído pouco atento non é máis que o eco, para o resto é o silencio e a contemplación.

A forma de discurso de Zeo Kan e de Juan é diferente. Igual que a ciencia, formula as preguntas e contéstaas, afirma, bástase a si mesma. O consenso que implica é control, dominación. Perdeu a súa flexibilidade, a súa finura; a súa sagacidade e o seu senso son agora rectilíneos, prácese e comprácese en si mesma. Imbuída dela mesma, considera tardiamente unha determinación que, sen embargo, levaba dentro de si. Pero *Hippogriffe* non é nin un comentario nin sequera unha crítica sobre ou contra a ciencia e o discurso científico. Só afirma que o carácter primeiro de fondo non consiste en ser fantástico, senón virtual, e que toda afirmación científica é un "como" ou un "semellante", en resumidas contas, unha metáfora, unha palabra que contén no seu interior un obxecto particular.

Carlos busca un senso a este mundo que o esgota e empobrece. Quere incluílo nunha novela, captalo nunha mirada, explórao e apróp iase del... no seu pensamentò. O discurso de Carlos permanece ancorado no universo dos sentidos, a linguaxe convértese en acenos, miradas, persecucións e capturas das que tenta desesperadamente fuxir... apoiándose na linguaxe. Ó igual que Zor e Tara, séntese atrofiado, mutilado, nun universo de repeticións, de lugares comúns, de banalidades, un exilio feito a medida polo poder e as palabras doutros, todo o que existe e o constrinxe. Berra: "Nós imos arrincarlle ó abismo este mundo negro e secreto, condenado e reprimido" (p. 187). Para Carlos, o universo vén sendo o teatro dos pobres e desexaría ser un actor talentoso. Mima e anima a vida, "imaxina que se abalanza á exploración dun mundo estraño, fabuloso, hostil..." (p. 179), idea múltiple proxectos, múltiples amores, múltiples aventuras que nunca levará a cabo. Os móbiles fantásticos de Carlos, as súas posibles creacións, obxectos ou novelas, será Zeo Kan quen as realice, ou Galileo, ou Leonardo da Vinci, ou Borges. A realidade de Carlos é un pozo sen

fondo, unha novela dentro doutra novela, un discurso sobre o discurso, unha búsqueda que se fragmenta e se dispersa. Carlos interpreta. De feito el mesmo afirmará: "Creo que neste mundo o que realmente merece a pena é interpretarse sabiamente a un mesmo" (p. 250). O discurso de Carlos é o absurdo que se tende sobre o sublime, é desesperanza e aglaio ó mesmo tempo, embebeda e aturde. Do que realmente carecen Zor, Tara, Carlos e todos os demais, non é de ceo, senón da terra de Adán e Eva, virxe, acolledora, pacificante, o paraíso perdido. Se cadra é esta a traxectoria que tan cruelmente lles falta, esta promesa tan mal mantida. En vista das probas ás que se deben someter Zor e Tara antes da súa transmutación, Carlos tenta esgotar o universo tanxible, e o intenta ata a saciedade, mesmo ata a renuncia. Por outra banda, a historia de Carlos ben podería substituír estas probas, pois todo se corresponde, cada faceta da humanidade —no sentido da especie— asumida, desenmascarada, amosada en todo o seu esplendor e a súa desesperanza. ¿Que se pode esperar desta terra de exilio?

E Carlos, o mesmo que Zor, busca a salvación na muller; por ela, con ela, nela, subsiste a esperanza, porque a muller pode mantela no seu interior, pode acubillala. Zor e Carlos viven todos os amores, esgótanos todos, na súa imaxinación. Morrerán a causa dese amor imposible, a causa desa última e imposible fusión, mentres a palabra accede a todo poder da creación na procura da totalidade, da completa realización.

Neses tempos... O tempo non existiría. Curiosa novela esta *Hippogriffe*. Sabemos que Zor e Tara poderían ter existido, que Carlos existiu, que quizais existirán porque son aínda xermolo, son idea en espera de existir. O tempo será, xa que logo, o que nace dunha existencia e volve a ela.

O discurso impúlsanos dun punto de referencia temporal a outro, escurecendo as pegadas, borrando todas as certezas. En primeiro lugar os tempos verbais: é, será, sería, foi... Ou sexa, o tempo por todas partes e por ningures. E, sen embargo, todos os tempos aparecen unificados, así como as narracións, gracias á mitoloxía que percorre a novela de principio a fin e que salienta a posible irrealidade. ¿Non é a mitoloxía, certamente, o que persiste ou confirma ó home na duración temporal da historia universal, así como os nosos costumes nos reforzan a idea que posuímos de nós mesmos, e nos reafirma neste múltiple ser que de non ser así se dispersaría? E a mitoloxía suxírenos unha finalidade a medida que santifica os nosos desexos e as nosas accións.

Sen embargo, esta mitoloxía que tece a trama temporal do relato, aparece confundida, á súa vez, desenmascarada. Tras os monstros e titáns, nós sabemos atopar o home, sempre, o home e as súas metamorfoses. O universo do *Hippogriffe* semella, en efecto, o *Aleph* de Borges, no interior do cal se semellan todos os posibles, pero é tamén

un círculo do que nada pode escapar, onde todo está condenado a volver, incansablemente, así como esta historia que agarda ó seu autor, como os círculos de Platón que nas súas circunvolucións deberían dirixir ó home cara a un ben e a unha beleza maiores, mentres que Antón Risco devolve o home ó home, sempre renovado, refeito, e sempre o mesmo. Pero o círculo non é unha metáfora, os universos semellan inmóbiles e, sen embargo, están en continua expansión. Con todo, a ciencia suxire agora un posible punto de ruptura a partir do cal o movemento se invertirá. E o home e o universo, conforme as súas propias duracións, volveranse, sen remisión, cara ó centro.

O tempo e a liberdade non son máis que unha ilusión, como o pensamento, tomado e deixado sen cesar polo cerebro humano e, sen embargo, non deixa de existir fóra del, e simplemente esta ilusión se rodea das súas irmás nun insconsciente colectivo yunguiano, á procura dun autor. O acto de pensar, como a vida, como o tempo e mais o amor, aceptarían por un momento "...que se producisen ó mesmo ritmo que noutra persoa ata nos movementos máis sutís..." (p. 290), atravesándoa, termando dela, como un bo libro. E nós, nós pasamos e convertémonos en pura posibilidade, á procura dun futuro pero tamén dun Autor. O home, ó mesmo tempo que é suxeito e obxecto da Historia, é tamén unha constante nos cambios imperceptibles. O círculo permanece intacto.

E isto tanto para o espacio como para o tempo. O espacio da identidade, da intimidade, do segredo, vén sendo a primeira dimensión do *Hippogriffe*.

> —"No centro".
> —"Concéntrico".
> —"Nel, nela..."
> —"Alí, no seu interior..."
> —"Eu agáchome".
> —"E eu medito..." (p. 141).

Aquí o ser asóciase á luz ou á escuridade, aquí se fraguan os desexos, aquí, nos ocos do corpo. Este é o espacio do exilio, pero tamén o de todas as iniciacións pois que fomos botados do paraíso e que temos que volver a facer todas as cousas de novo. Os sentidos, cada vez máis afastados dos seus obxectos naturais, xa non abondan para alimentar a contemplación, a sede de sublime. O que eles agora apreixan son só simulacións, ecos dunha antiga realidade, ou dunha nova que se vai descubrir, depende da perspectiva. E, sen embargo, o que eles apreixan agora constitúe a súa única certeza pero convenlles tan pouco que non poden quedar aí ancorados. Pois nós estamos feitos

de representacións sensuais e espirituais. ¿Quen son?, ¿onde estou? "Quen vos di que non somos senón, en realidade, as ideas dun cerebro-mundo que explotou, non se sabe cómo nin cándo" (p. 266). É aí precisamente onde todas as representación se xuntan, onde aparece o verdadeiro espacio da novela, e este espacio está na palabra, a moradía do home, o único refuxio a medida. E este espacio existe por el e nel! Nós non podemos escapar a el. "¿E cal sería a avantaxe? —pregunta Mario". "Saber que, a fin de contas, nada é definitivo" —contestaría Carlos" (p. 268).

Resulta imposible esgotar todos os traxectos e todas as posibles representacións dunha novela como *Hippogriffe*. A cada lectura correspondería un comentario se cadra totalmente diferente. Só permanecerá o gran pracer da descuberta.

M. T. D.

Sobre a "demisión" de Rosalía: unha carta inédita de Manuel Murguía

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

1. ROSALÍA E A PRIMEIRA ANTOLOXÍA DA POESÍA GALEGA CONTEMPORÁNEA

En 1882, o escritor pontevedrés Francisco Portela Pérez publica, na súa cidade natal, un volume titulado *Coleución de poesías gallegas d'algúns autores*[1]. Ten este libriño a principal virtude de ser a primeira antoloxía da poesía galega contemporánea, pois o seu inmediato predecesor, o *Álbum de la Caridad* (1862), acolle, como é sabido, poemas en galego e en castelán.

Precede á antoloxía unha nota-dedicatoria, en galego, na que Portela Pérez manifesta o seu desexo de dar a coñecer a nosa "rica fala" en España e en América; o estudio introductorio, en castelán, corre a cargo de Luís Rodríguez Seoane. A continuación insértanse 39 composicións pertencentes a 31 autores, todas publicadas con anterioridade, a excepción de oito, inéditas. Xunto ós nomes dos clásicos do Rexurdimento, como Xoán Manuel Pintos, Añón, Curros, Pondal, Lamas Carvajal, Barcia Caballero, Benito Losada e os irmáns De la Iglesia, encontramos autores hoxe practicamente descoñecidos, como Vicente Calderón, Heliodoro Cid Rozo, Pío Lino Cuiñas e Heliodoro Fernández Gastañaduy. Cérrase a colección con seis cantares populares.

1. Pérez, Farruco P. *Coleucion de poesias gallegas d'alguns autores*, c'un prologo do Excmo. Sr. D. Luis R. Seoane, Pontevedra, n'a casa de Luis Carragal, 1882 (datos tomados da cuberta). En portada consígnase o título paralelo en castelán.

O exemplar que manexei, pertencente ó Museo de Pontevedra (signatura G/476), leva unha dedicatoria autógrafa de Portela a Xosé Casal Lois, autor, por certo, dunha antoloxía inédita de poesía e prosa galegas, datada en 1865, na que, curiosamente, tampouco está presente Rosalía. *Vid.* Filgueira Valverde, Xosé. "A antoloxía galega de Casal (1865)", en *Quinto adral*, Ediciós do Castro, 1989, pp. 34-38.

Deixando á parte o seu valor histórico, non cabe dúbida de que o intento de Portela tivo máis entusiasmo que acerto. Os únicos criterios manexados polo antólogo parecen ser a lingua empregada (o galego, naturalmente) e unha certa pretensión de exhaustividade en canto á nómina de autores. Así, poetas hai que teñen ingresado na literatura galega mercé a esta antoloxía, como Luís de la Riega e Lino G. González, de quen non se coñecen outras composicións. Polo demais, a escolma está exenta de toda ordenación (cronolóxica, temática ou sequera alfabética) e carece de indicacións bio-bibliográficas. Non obstante, a colección alcanzou un discreto éxito de público e a crítica xulgou con benevolencia simpática ó antólogo, entón un rapaz de dezaoito anos.

Hoxe, o nome de Portela interesa fundamentalmente por esta dimensión, digamos, bibliográfica, en detrimento da súa obra orixinal. Así, o recente *Diccionario da Literatura Galega*[2], que define a Portela como "antólogo e prosista do rexionalismo", consagra unha especial atención ó volume que acabamos de describir brevemente. Non deixan de reparar os autores do *Diccionario* na que parece eiva gravísima de Portela, cal é a non inclusión, na antoloxía, do máximo poeta da época: Rosalía de Castro. De curiosa califican os prudentes autores do *Diccionario* esta circunstancia, pero eu direi que, máis que curiosidade, causa estupefacción a ausencia da autora a quen en gran parte se debía o rexurdimento poético de que o volume quería dar fe.

2. MANUEL MURGUÍA ESCRIBE A PORTELA PÉREZ

Hai pouco tempo, frecuentando eu a Biblioteca da Real Academia Galega, encontrei unha carta de Manuel Murguía a Francisco Portela Pérez, que creo inédita, e que explica, ata certo punto, tan estraña omisión.

A carta, transcrita na súa literalidade, di así:

> Señor Don Francisco de P. Pérez. Pontevedra
>
> Muy señor mío:
>
> Mi esposa, la señora doña Rosalía Castro, recibió la Circular que se ha servido Vd. remitirle con objeto sin duda de que le autorizara para insertar en el volumen de versos gallegos que Vd. intenta dar a luz una de sus poesías publicada en los *Cantares*. Agradeciendo infinito la honra señalada que Vd. le hace, desearía sin embargo, por razones puramente personales, que no se insertase nada suyo en dicho libro; sin que esto quiera decir que desdeña o tiene en menos

2. Vilavedra, Dolores (coord.). *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*. Galaxia, Vigo, 1995.

el obsequio que se le hace al recordar su nombre y reproducir sus trabajos.

Deseamos tanto mi esposa como yo que se persuada que en esta negativa no hay empeño alguno de singularizarse, ni menos desdén ni cosa que se le parezca hacia una empresa de la cual creemos, con fundada razón, que resultará alguna gloria para el país gallego, sino que le obliga a tanto razones de índole privada que creemos deban respetarse.

Sin embargo, y aun cuando mi esposa esté en su perfecto derecho al negar la autorización que se le pide, como no quiere que se tome a mala parte su negativa, le ruega encarecidamente le dispense el favor de no insertar en el libro cosa suya, añadiendo que si esto pudiera parecer a Vd. un desaire o una impertinencia indisculpable, puede desde luego incluir en el volumen dicho la poesía que Vd. indica, una vez que su autora está dispuesta a sufrir en toda su extensión la tiranía que en nombre de Galicia se ejerce a todas horas y con todos los motivos sobre aquellos de sus hijos que desgraciadamente para ellos escriben alguna cosa.

Aprovecho gustoso la ocasión que se me ofrece de decirme su atento s. s. q. b. s. m.

Manuel Murguía
Madrid, 3 abril 1882
s/c. Desengaño, 19-3º

A carta que acabamos de ler libera ó noso antólogo de toda responsabilidade intelectual, pero suscita unha nova e máis transcendente incógnita: ¿que razóns asistían a Rosalía para tan tallante negativa?

As durísimas expresións que contén a carta indican que a escritora vivía en gravísimo conflicto co medio literario galego, e ata tal punto que nin sequera se ve capacitada para tomar a pluma e delega en Murguía, neses momentos en Madrid. En ausencia doutros datos, é inevitable relacionar a actitude de Rosalía cun episodio que, segundo parece, a marcou profundamente. Refírome, claro está, á polémica que suscitou a publicación, en 1881, do seu artigo "Costumbres gallegas"[3], onde sinalaba a pervivencia, no noso país, do ancestral costume da prostitución hospitalaria. Rosalía foi acusada, desde as páxinas de certos periódicos, "de intentar el extravío de la opinión pública"[4] dando a coñecer feitos que prexudicaban o bo nome de Galicia. Da doída reacción da escritora temos constancia por unha carta que dirixe ó seu esposo, onde escribe estas famosas palabras: "Hazle, pues, presente al editor [...] mi resolución de no volver a coger la pluma para nada que

3. En *Los lunes de El Imparcial*, Madrid, 28-3-1881 a 4-4-1881.

4. A frase provén dun solto de *La Concordia* (Vigo) exhumado por Juan Naya Pérez en *Inéditos de Rosalía*, Santiago de Compostela, Publicaciones del Patronato Rosalía de Castro, 1953, pp. 95-96.

pertenezca a este país, ni menos escribir en gallego [...] No quiero volver a escandalizar a mis paisanos"[5]. Rosalía mantivo a súa promesa e non volveu publicar, en España, ningún escrito en galego[6].

A "demisión" de Rosalía, en célebre expresión do profesor Xesús Alonso Montero[7], é asunto que ten ocupado escasamente á crítica. Todos coinciden en afirmar que na decisión de Rosalía hai unha gran compoñente emocional, pero disenten na percepción dos motivos profundos da autora. Das dúas posturas básicas, unha vincula o abandono do galego ó fracaso da ideoloxía política que, supostamente, Rosalía profesaba; así, Catherine Davies: "Este episodio supuxo o cumio da crecente decepción que desde mediados dos 70 Rosalía viña manifestando con respecto á causa galega en particular e á radical en última instancia. Despois de 1881 considerouse liberada das obrigas que voluntariamente contraera coa literatura galega"[8]. En total oposición, a profesora Marina Mayoral cre nunha reivindicación da liberdade creadora da artista, independente de calquera compromiso ideolóxico ou político, e opina que, de non ser pola súa prematura morte, en 1885, a autora tería reanudado a producción en lingua galega: "La muerte vino así a dar una transcendencia enorme a unas palabras que, sin duda, el tiempo hubiera paliado"[9]. É posible, ¿quen o dubida? Pero en abril de 1882, xusto un ano despois de publicado o artigo da discordia, a determinación de Rosalía seguía sendo firmísima.

3. ALGO MÁIS SOBRE PORTELA PÉREZ

Queremos terminar dedicando algunhas liñas á simpática figura de Portela Pérez, hoxe bastante esquecida. Pertence Portela a unha familia que ten dado ilustres personalidades á cultura galega, como o seu fillo, o debuxante Agustín Portela Paz, e o seu neto, o arquitecto César Portela Fernández-Jardón. Nado en Pontevedra en 1864, Portela Pérez faleceu na mesma cidade o 12 de xullo de 1948, datas nas que non acerta ningún dos repertorios bibliográficos que coñezo; e o erro é sensible, sobre todo polo que respecta á de falecemento, xa que a maioría,

5. Datada en Lestrove o 26 de xullo de 1881, foi publicada por Juan Naya no volume citado, pp. 93-95.

6. Si o fixo, como ben se sabe, na publicación portuguesa *Almanach das senhoras para 1885* (Lisboa, 1884), onde apareceu o poema "Dende as fartas orelas do Mondego".

7. Alonso Montero, Xesús. *Rosalía de Castro*. Júcar, Madrid, 1972.

8. Davies, Catherine. *Rosalía de Castro no seu tempo*. Galaxia, Vigo, 1987, p. 384.
Na mesma liña, pero cunha opinión máis matizada, está Francisco Rodríguez, *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, ASPG, 1988.

9. Mayoral, Marina. "Introducción biográfica y crítica" á súa edición de *En las orillas del Sar*. Clásicos Castalia, Madrid, 1986, 3ª ed., p. 29. Moi parecidas palabras escribe no máis recente prólogo a *Follas novas*, Xerais, Vigo, 1990, p. 24.

seguindo a Couceiro Freijomil, dáo por morto en 1918 (algún outro retrasa a data ata 1931)[10].

Viviu Portela en Pontevedra toda a súa vida, excepto na década de 1921 a 1931, en que, por causas profesionais (era funcionario do Ministerio de Fomento), trasladou a súa residencia a Madrid. Membro correspondente da Academia Galega desde a súa fundación (1905), Portela participou activamente na vida cultural pontevedresa, a través da Sociedade Artística Musical, que presidiu, e da Económica de Amigos del País, da que era socio de mérito (1928). En Pontevedra organizou, con éxito, un certame de Maios e varias veladas de homenaxe a artistas e escritores galegos, como a celebrada para recadar fondos con destino ó monumento, en Santiago, a Rosalía de Castro. Fundador e redactor do semanario *La Voz de Helenes* (1883-1984) e redactor do semanario *A Tía Catuxa* (1889; 1891), colaborou noutras moitas publicacións galegas (*A Monteira, Faro de Vigo, Vida Gallega, Galicia* da Habana...). Á parte da antoloxía citada, publicou dous folletos: *Apuntes biográficos acerca de los marinos Nodales, hijos de Pontevedra* (Pontevedra, Andrés Landín, 1891) e *Notas descriutivas sobre as romarías en Galicia* (*id.*, ¿1892?)[11]. Ademais, contribuíu, cun artigo en castelán, á obriña colectiva *Álbum de recuerdos a la memoria del joven poeta Albino Simán* (Pontevedra, Viuda e hijos de Madrigal, 1891). Antonio Rodríguez Fraiz cita un volume de *Narraciones breves*, con ilustracións do seu fillo Agustín, pero non consigna data nin lugar de publicación[12].

Foi Portela, por outra parte, un amoroso coleccionista de noticias relativas a escritores galegos, e a el débese o achado da poesía que

10. Os datos que aporto están tomados da partida de defunción, inscrita no Rexistro Civil de Pontevedra, distrito de Pontevedra, co número 742, que copio na parte que nos interesa: "En Pontevedra provincia de ídem a las doce del día doce de julio de mil novecientos cuarenta y ocho ante Don Isidoro Lino Sánchez Juez municipal y Don Luis Díaz Aboy Secretario se procede a inscribir la defunción de Don Francisco Portela Pérez nacido en esta Capital; de ochenta y cuatro años de edad hijo de Don Francisco y de Doña Josefa domiciliado en la Plaza de V. Gª Escudero número nueve de profesión [*en branco*] y estado viudo de Carmen Paz Martínez; de cuyo matrimonio deja dos hijos llamados Francisco y Agustín. Falleció en su domicilio el día de hoy a las seis a consecuencia de coma según resulta de la certificación facultativa y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el cementerio de esta Capital".

11. Non teño atopado a primeira edición deste libro e, por tanto, non teño seguridade na data. Segundo Portela Pérez publicouse en 1892; segundo Couceiro Freijomil, en 1889.

Si encontrei a segunda edición aumentada (Pontevedra, Andrés Landín, 1894) e a reimpresión desta (*id.*, 1896).

12. Portela Pérez anunciou reiteradamente a publicación de dous libros: "Moxenas", de contos galegos, que supoñemos non se editou; e "Potaxe", recompilación de artigos con ilustracións, que quizais se poida identificar co citado por Rodríguez Fraiz (*Gran Enciclopedia Gallega, s. v.* "Portela Pérez, Francisco"). De todos xeitos, nin a familia do autor posúe ningún exemplar de tal volume nin este se encontra en ningunha das seguintes bibliotecas: Academia Galega (A Coruña), Biblioteca Nacional (Madrid), C.S.I.C. (Madrid), Facultade de Filoloxía (Santiago), Municipal de Pontevedra, Museo de Pontevedra, Penzol (Vigo) e Xeral da Universidade de Santiago.

Pondal dedicou a Rosalía enferma, exhumada por Bouza-Brey[13]. O Museo de Pontevedra custodia varios álbumes de recortes que lle pertenceron e multitude de folletos sobre certames literarios, curiosidades do tempo vello que revelan que o noso autor nunca abandonou aquela súa primeira e humilde afección bibliográfica.

V. A. R. de O.

13. Bouza-Brey, Fermín. "Poesía de Pondal a Rosalía enferma", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. V, fasc. 15, 1950, pp. 144-145; recolleito en *Artigos rosalianos*, Xunta de Galicia, 1992, pp. 23-24.

Por un ateísmo como Deus manda

Lluis Álvarez

A meirande revolución do pensamento do noso tempo reza así: como Deus non é xa obrigatorio, converteuse en necesario e conveniente. Este texto pretende resumir os antecedentes e as consecuencias de tal acontecemento.

O desenvolvemento da cuestión lóxica amósanos unha metaverdade que era ata de agora patrimonio exclusivo da sabedoría esotérica. Non me estou a referir a ningún esoterismo ritual e máxico. Todos os desa especie son superstición, aínda que ás veces benéfica. Refírome a un esoterismo lóxico e aristocrático. A saber: que as verdades máis altas son necesarias en cada momento pero que varían de sentido segundo sexa o adversario. Isto pode e debe proclamarse agora ós catro ventos: en canto unha verdade necesaria se converte en linguaxe dialóxica entra na estructura do dilema expresado polo culto refrán de que "hai que ser tirio cos troianos e troiano cos tirios". Mostraremos que esa é unha instrucción de máis calado que outra tamén refraneira que se lle opón: "en terra de lobos, ouvear coma todos".

En realidade, todo o mundo se comportou ata hoxe no tema teolóxico seguindo o mesmo refrán. Primeiro os sabios antigos, que respectaban a crenza nos deuses como un deber para coa tradición ou que a impugnaban como un deber de respecto cara ós homes, como fixeron algúns audaces epicúreos. O esencial en ambos os dous casos, como se ve, é o respecto ó máis alto, ben sexa de acordo coa maioría teísta ben sexa coa minoría atea. (Así que xa podemos ir deducindo: hai alomenos un deus verdadeiro e necesario que é a función baleira de "o máis alto".) Logo veu o cristianismo, que converteu ó Deus único na *ultima ratio* do dominio occidental sobre as terras, pobos e razas do

mundo. Nisto non caben equívocos "matereialistas": non era Deus unha ficción ideolóxica que cubría a auténtica ideoloxía burguesa da explotación e o imperialismo. Era o Deus auténtico feito home que inspiraba a forza moral do cambio, da destrucción, da riqueza, do dominio (aínda que tamén, da pobreza voluntaria, da humildade, da rebelión contra a inxustiza). Baixo o alfa e o omega, baixo a cúspide e o fundamento, baixo o Deus xudeocristiano —en suma— a humanidade concibiuse como obxecto dun progreso cara á salvación e á liberación. Nesta etapa a proba do *consensus gentium* para amosar a racionalidade do teísmo transmútase varias veces pero sempre co mesmo resultado: "ouvear coma todos" porque *ninguén* pode pensar fóra da idea de Deus, porque Deus se manifesta como violencia e constricción sobre o pensamento e sobre a acción. Deus é absoluto chámese como se chame, historia, vontade do eu, paraíso e victoria na loita final.

Pero estes mesmos momentos nos que estamos a filosofar viven baixo a influencia do anuncio da morte de Deus. Non cabe dúbida do que o voceiro desa noticia mundial, Federico Nietzsche, quería dicir e para quen o quería dicir. Parafraseando un dos seus subtítulos: o que anuncia anúnciao para todos e para ningún. Daquela, chegados son os tempos en que a antiga forma da verdade tal como era vivida polos mellores pasa a todos. E pasando a todos, o igualitarismo transvalórase. Así se alguén afirma seriamente que a verdade é a mesma para todos, o filósofo contestará que a verdade é distinta para cada un. E se alguén se aventura alegremente con que non hai verdade e que cada quen se goberne para si, daquela o filósofo sairá ás prazas para asegurar que a verdade é necesaria para todos. Este exemplo lóxico amosa unha das consecuencias da morte de Deus: a disociación nunca vista ata de agora entre o absoluto e o necesario. Se Deus morreu, ou se está agachado na inexistencia —o que vén sendo o mesmo— daquela morreu o valor absoluto. Pero esa conversión do absoluto en relativo (relativo a algo que non sexa o *ens necessarissimum*) non converte o relativo nun "novo" absoluto. Isto explicouno moi ben Vattimo en varios sitios: o relativismo segue sendo relativo. E, daquela, o lugar ocupado antes polo absoluto énchese coa presencia da necesidade. A verdade non é absoluta, pero é necesaria. Un exemplo sinxelo que vén aquí a colación sería este: "Deus existe" non é unha verdade absoluta pero pode ser unha verdade necesaria, baixo certas condicións; "Deus non existe" non é unha verdade absoluta pero é, sen dúbida, unha verdade necesaria segundo e cómo.

Se cadra, todo isto pode parecer un galimatías caprichoso. Asegúrolles que non o é. De feito, pasando á vida moral, hai xente que di crer en Deus e non cre en Deus de ningunha maneira, senón que é, máis ben, un idólatra, un supersticioso ou un demoníaco. E hai xente

que di non crer en Deus e no fondo cre nel e profundamente. Isto explícase porque en xeral a crenza non é tanto un acto intelectual como un hábito para a acción. Non é de agora, hai varios mestres que o afirmaron. O rabino deixouno claro: "Polas súas obras os coñeceredes". E hai pouco Marx, aínda que a propósito de algo demasiado positivista, tamén o dixo: "Non o saben, pero si o fan". Sen embargo, o importante, conforme eu vexo o asunto, o que sobresae desta maravallada é o feito empírico de que Deus, logo de morto, converteuse nunha necesidade positiva. Ou sexa, que é conveniente. Unha toma de posición como esta posibilita se cadra mellor que a contraria (Deus é inconveniente) o avance da razón no mundo. Así: di o impío no seu corazón —como reza o salmo xudeu— "non hai Deus". Pero, claro, o que di tal cousa non está afirmando unha tese científica senón que está falando desde o fondo práctico da súa vida. Por iso coincide exactamente con aqueloutro que se ergue no medio da sinagoga para manifestar a Deus, en quen cre, que el —un fariseo— é, por certo, puro e fiel, non como eses indignos colaboracionistas contaminados polo invasor. En ambos os dous casos non hai ateísmo nin teísmo, senón falta de piedade. E o resultado cognitivo da falta de piedade é a blasfemia. O que di ser piadoso e non o é, é blasfemo. O que di ser ateo e non é piadoso é igualmente blasfemo. O que di, como tantos, "algo hai" e é piadoso, manifesta a Deus. O que di non ser piadoso pero si o é, manifesta a Deus.

Así están as cousas. Segundo a broma de Fernando Savater, algúns ateos contumaces son no fondo monoteístas. "¿Como vai haber Deus se xa hai un, que son eu?" Si, os ateos doutrinarios practican unha medicina decimonónica como a do chiste do coidador de tolos: "Fíxese se estará tolo este paciente que cre ser Napoleón, cando todo o mundo sabe que Napoleón son eu", (sendo Napoleón=Deus). O caso é usurpar para un mesmo a función de "o máis alto", cousa na que poden coincidir, desde logo, ateos e fariseos. Logo hai ateos moi relixiosos, uns porque adoran ídolos substitutorios de Deus-propiamente-dito e máis frouxos ca el: o Gran Reloxeiro, a Materia, a Historia, o Sexo, a Informática... hai unha manchea. Outros porque actúan a favor do Deus verdadeiro mentres o combaten de palabra. Adoitaba contar Miguel Espinosa —o grande escritor— as súas relacións cun amigo seu desa cofraría. "Ti non o comprendes, Miguel, porque estás preso dos prexuízos pequenoburgueses, pero todo é materia que nos leva dialecticamente cara ó Home Total", dicía o tal home mentres daba o biberón á máis pequena das súas catro criaturas e coidaba de que o resto da tropa non introducira demasiado desorde na pequena cociña.

Deus é conveniente porque é común, empírico e práctico. E chegou a ser así porque a Ilustración fixo que os deuses das relixións —incluído o noso, o Deus de Abraham e de Xacob— se relativizasen: se son ado-

rados como existentes, convértense en ídolos, se son negados como inexistentes reaparecen transmutados baixo a figura absoluta de "o máis alto". Por iso a chamada *teoloxía negativa* asumiu esa herdanza ilustrada. Só se pode defender a fe —a Fe con maiúscula e con ela o sistema paradoxal da subxectividade— se Deus non existe. Pero, por favor, non pretendo escandalizar porque tampouco o pretenden os bos teólogos. Nós —un nós en formación— non dicimos que Deus é conveniente por razóns de control social, como se fosemos Voltaire ou Schopenhauer. Nós non dicimos que somos ateos para fastidiar ou para sermos científicos. Somos ateos para non sermos idólatras. É dicir, somos ateos como Deus manda. A vía negativa consiste en certificar que a morte de Deus é un resultado interno do cristianismo, que pide adhesión á verdade absoluta e logo vén a verdade absoluta ("Deus non é necesario") e mata ó seu creador. Así pois, chegou o momento, seguindo a Nietzsche, de "baixar uns cantos chanzos" na ascensión do confiado pensar antimetafísico: hai que restaurar un Deus máis mundial e máis mítico, que nos libere de tanto Deus ritual, social, civil, esencial, impío. E dígoo sen ironía e querendo comentar unha coñecida frase da última filosofía: só un Deus discreto e por-vir pode salvarnos do resto dos Deuses contundentes, parciais, falsos e demasiado existentes. De querer: Deus non existe pero está. Esta é a vía positiva. A realidade de Deus, que está distribuída en múltiples aspectos da vida empírica e práctica, procede de fontes antropolóxicas inexcusables. Deus é, neste aspecto, unha cuestión de feito.

Adentrámonos no núcleo máis duro da cuestión. Di o ateo impío: "Xa, pero esa é a vella posición de que Deus é un símbolo de valores morais no mellor dos casos, o mesmo que é símbolo da falsidade e da alienación, as máis das veces, ou sexa, que en todo caso, Deus non é máis que unha *idea*". ¡Madia leva!, digo eu, din que Deus non é máis ca unha idea, ¿e iso parécelles pouco? Pois a min, con perdón, paréceme moitísimo, mesmo demasiado. Non comprendo por qué Deus vai ser menos efectivo que a Xustiza ou a Democracia, ou o S.M.E. —Sistema Monetario Europeo— que tamén son ideas ideais. ¡E como nos afectan! Hai que entrar nalgúns tecnicismos. Do mesmo xeito que "a morte de Deus" nos levou a unha relaxación do discurso pola cal se fai preciso distinguir ente "absoluto" e "necesario" —como xa vimos— ocorre tamén outra consecuencia: é preciso distinguir entre "existencia" e "sentido" desa existencia. Ou todo o que ten sentido (por exemplo, Deus) existe ou hai moitas cousas que non existen (por exemplo, Deus) pero teñen sentido. Escolla vostede, porque ambos enunciados son equivalentes e non hai *tertium quid* racional e razoable. A isto chámoo empirismo radical.

Non hai máis cera que a que arde e, daquela, o espírito, Deus, sexa o que sexa —algunha persoa, decisión, evento— está entre nós. Pero ó

mesmo tempo, nós estamos no espírito porque a intensidade do signo-Deus como hábito para a acción consiste concretamente en levarnos a todos e a cada un alén de nós mesmos: "teste David cum Sybilla", así o proclama tanto a razón como a fe, tanto a Ilustración como a relixión, tanto a filosofía como a teoloxía.

Polo tanto, que ninguén se crea superior porque "non cre nos anxos", outra vez Nietzsche. E, por suposto, que ninguén se crea *mellor* porque si cre neles. Nunha reunión moi exclusiva escoitei de labios dun teólogo estrela dos nosos días, un profesional do progresismo como é Hans Küng, o seguinte: "Eu, Hans Küng, ó igual que Paulo de Tarso, resistín a Pedro, eu opúxenme á doutrina oficial e ortodoxa para abrir a crenza do cristianismo a todo o mundo". Velaí, no meu sentir, unha batalla parcial e dubidosa contra o antigo compañeiro que se pasou á reacción, contra o Papa, contra quen sexa. Así funciona unha parte da sociedade mundial. Pero segundo o signo-Deus se un atribúe para si a excelencia, pérdea, porque só Deus é santo e altísimo. ¿É Deus, daquela, un dos efectos infinitesimais do sentido das cousas que xermola alí onde a nosa acción se ve obrigada a dar o salto ó límite, ese salto que ningunha racionalidade instrumental pode esixir pero que nos sobrevén coa imposición de querer facer o mesmo sen que poidamos, non obstante, vangloriarnos de tal cousa?

Pode ser. Por iso me gusta como a moitas amigas e amigos a fórmula de Woody Allen para definir un ateísmo como Deus manda: "¿Como que se son ateo? Iso dirédelo vós, pero El sabe moi ben que eu son a leal oposición".

Ll. A.

O aforismo: argumento interior

Ricardo Martínez-Conde

—¿Que é a civilización, señor Wilde? —preguntoulle alguén ó gran dramaturgo inglés.

—O amor á beleza —respondeu.

—¿Que é beleza?

—O que os burgueses chaman fealdade.

—¿E que é o que os burgueses chaman a beleza?

—Iso non existe.

Vemos aquí un exemplo[1] de definición implícita mais oculta, é dicir, non desenvolvida cara á interpretación do que escoita. O que supón para este a esixencia dun exercicio de reflexión-deducción sobre unha valoración da estética e, quizais, por extensión, dunha forma de ben (ou de ética).

O fundamento de tal exposición reside en que, máis que *mostrar* a súa argumentación, quen responde o que fai é suxerir, de forma que quen oe ha aportar así a súa parte de valoración, de implicación. Podería, por iso, pasar este fragmento dramatizado por un exemplo de insinuación poético-filosófica e, de feito, por un exemplo dun dos camiños que pode seguir a Literatura na procura da máis alta manifestación.

Cabe dicir que unha das virtudes da Literatura é a súa xenerosidade para aceptar distintos camiños á hora de se achegar a ela. Aí residen a súa riqueza e a súa seducción. (Calquera camiño da intelixencia; de

1. Wilde, Oscar. *Paradoja y genio. Aforismos.* Introducción de Luis Antonio de Villena. Edhasa, Barcelona, 1993, p. 12.

feito, é bo para acadar esa paisaxe que posúe o segredo, a sencillez e a profundidade do mar).

Dun tempo a esta parte, estase a recuperar un camiño trazado desde hai moitos anos pero que, debido ó escaso uso que se fixo del, permanecía esquecido para o lector habitual. E é unha mágoa, pois ten atributos abondo, de beleza, e de capacidade rememorativa, como para atraer a atención e os sentimentos de todo aquel que se achega a un libro en procura de coñecemento. Refírome ó xénero do aforismo.

O aforismo, tal como o define o profesor Sánchez Pascual, é unha expresión que "contén unha visión verdadeira, pero non unha certeza conclusa. É unha invitación á aventura do pensamento e da vida. O aforismo é, en suma, un transcender desde dentro a linguaxe, pero permanecendo nela. Irónico sempre —'irónico sempre comigo mesmo'— é unha protesta contra a cousificación do porvir"[2].

O aforismo é (ou podería ser) "unha sentencia breve ou máxima expresada de maneira clara e precisa, que encerra unha intención moral ou didáctica", segundo o diccionario. Poderíase dicir que equivale a unha variante do que noutros casos se designa como proverbio, ou máxima. Trátase dun pensamento conciso de contido e intencionalidade reflexiva. Unha reflexión condensada en frases de sintaxe cortada e breve, dotada ás veces de elementos líricos.

> Un vólvese moral en canto é un coitado.

escribiu Proust nalgún momento.

> A lingua é a pluma da alma.

pensaba Cervantes.

De feito, o aforismo ten unha longa tradición na cultura europea e, en particular, na filosofía. Etimoloxicamente significa "levar algo fóra do seu horizonte", isto é, encher de contido as palabras ata transcender os seus límites lingüísticos. Poderíase dicir que, en lugar de medias verdades, o aforismo aspira a dicir verdade e media:

> Eu bebo pra afoga-las penas, mais as condenadas aboian.

deixou escrito Castelao, indo máis aló das palabras.

Nel débense aunar, entón, a concisión e a penetración crítica. Fuxir da mera brillantez. Quizais ese lóstrego de xenialidade que aspira a ser o aforismo convérteo na forma ideal do pensar poetizado:

2. Nietzsche, Friedrich. *Aforismos.* Edición de Andrés Sánchez Pascual, Edhasa, Barcelona, 1994, p. 14.

> Todo é bo para queimar na fogueira da soidade (Anónimo).

ou ben, como diría Voltaire:

> A terra é un grande teatro onde a mesma traxedia se representa baixo nomes distintos.

Dado que se trata dun pensar especulativo, é dicir, en procura de coñecemento (aínda que este sexa interiorizado), incluso alí onde puidera advetirse unha contradicción lóxica haberá que interpretar que se trata, en realidade, dun mesmo problema contemplado desde situacións distintas, únicas e irrepetibles.

> Non hai sabedoría sen sinxeleza.

pensaba Hermann Hesse; e tamén:

> A cousa más sinxela vólvese de inmediato complicada e incomprensible ó falar dela.

Polo exposto ata aquí, resultaría dunha sospeitosa facilidade o elaborar un aforismo. ¡Quen non é capaz de argallar unha frase máis ou menos longa con algo de contido case filosófico! Pero, á hora de levar a cabo o intento, ponse de manifesto que, en efecto, é sospeitosa a facilidade para confeccionar un texto de contido e significación que esixe, sobre todo, brevidade. E é así por canto, pola mesma condición da súa brevidade, non pode sobrar nin faltar palabra ningunha de modo que esa reflexión que se pretende formular resulte clara, precisa, útil á intelixencia. Outra cousa distinta, aínda que semellante na forma, non deixaría de ser unha especulación barata, un xogo de diletante. En tal sentido ironizaba Paul Valéry:

> O xenio é o costume que adoptan algúns.

Agora ben, cando a pretensión de abordar este xénero é fundadamente seria, pode ocorrer o que algún atribuíu á evolución do pensamento filosófico en Nietzsche, alguén que non esquecía o fundamento sistemático en que se basea o aforismo: "Non é estraño que quen disputou contra todo sistematismo rematara por se acoller nel para penetrar nos abismos do mundo e nos segredos da alma humana". (É de destacar que Nietzsche, xunto con Pascal e Wittgenstein —e Gracián para o caso español, como nome máis salientable— constitúe unha das cimas do aforismo filosófico).

> É a miña ambición —deixou escrito o alemán— dicir en dez frases o que todos os demais din nun libro; o que todos os demais non din nun libro.

Unha actitude similar á adoptada por Marcel Duchamp cando expuxo a súa filosofía vital do seguinte xeito:

> O importante é non facer nada, e facelo a modiño.

Exemplo de concisión e brevidade. Claro que, aínda houbo alguén que expuxo a súa opinión respecto da vida dun xeito máis xeral, tráxico e conciso, se cabe, tal como podemos ler no *Manual do pesimista*, recopilado por Eric Marcus[3]. Alí, Marxhall Kirk resolve a súa dúbida existencial co seguinte pensamento:

> Coa xente non se pode convivir, e punto.

Razoamento que vén revisar Sánchez Pascual cando di que "no aforismo non é a excepción quen confirma a regra, senón a regra quen confirma a excepción"[4]. Velaí unha certa saída ó desacougo.

Como sentencias que son de solitario, os aforismos é facil entender que constitúen unha parte moi substancial daquilo que poderiamos sinalar como os segredos do autor: toda a bagaxe de exercicios literarios non consumados ou desenvolvidos, de expresións de sorpresa traducidas nunha frase breve, case definitiva...

Constitúen a zona de sombra de todo escritor que vive con intensidade e dramatismo, coa intelixencia do observador a soas; rexistran o acontecer da vida, algo que non sempre se expresa na obra publicada pero que non por iso deixa de formar parte da alma do autor.

> Hai unha cantidade pequeña de falsidades morais que un practica sen crer que poidan ser prexudiciais; máis ou menos como cando se fuma tabaco por unha indiferencia semellante ante a propia saúde.

Deixou isto anotado nun dos seus cadernos Lichtenberg[5], un autor sen obra literaria se exceptuamos o conxunto de cadernos onde ía anotando innumerables reflexións a propósito de todo o miúdo, de todo o cotián que constituíu, co tempo, o verdadeiramente significativo da súa vida. Quizais por iso escribiu:

3. Marcus, Eric. *Manual del pesimista*. Ediciones. B, Barcelona, 1995, p. 49.
4. Nietzsche, Friedrich. *Op. cit.*, p. 14.
5. Lichtenberg, Georg Cristoph. *Aforismos*. Edhasa, Barçelona, 1991.

> O home ama a compañía, aínda que só sexa a dunha veliña acendida.

Existen, hoxendía, magníficos exemplos editados de recopilacións de aforismos de autor onde o compilador non fixo senón entresacar da obra escrita aqueles fragmentos de reflexión que, illados agora, constitúen por si mesmos unha auténtica guía espiritual e formal. Unha guía para todo aquel que se queira achegar ó mundo alonxado, inviolable, de quen se impuxo como tarefa na vida pensar como un ben. Poderiamos interpretar que son como unha homenaxe en favor dese ser atarefado en coñecer quén é e ata onde chega a súa aparente liberdade, a sabendas de que o que espera ó remate da súa viaxe é ese eufemismo espiritual chamado Destino.

Certamente, ¿quen dubida, a estas alturas, que estamos esencialmente, sós? Unha certeza e, ó mesmo tempo, case un aforismo. Pero tal vez así deban quedar as cousas, nesa pequena e incompleta certeza, pois xa o dixo Hermann Hesse:

> A sabedoría non é comunicable. A sabedoría que un sabio intenta comunicar soa sempre a loucura.

Por iso, ó final, o que triunfa é sempre o Silencio.

R. M.-C.

Conflicto obreiro e sindicalismo na Galicia republicana: a Compañía de Tranvías da Coruña

Carlos F. Velasco Souto

GALICIA PERANTE A II REPÚBLICA

É ben sabido que a proclamación da II Republica introduciu en Galicia unha dinámica sociopolítica semellante á do conxunto de España, caracterizada, entre outras cousas, por unha intensa politización de sectores relativamente amplos da súa poboación e o conseguinte incremento da participación das camadas medias e populares na vida pública.

Porén, non é que o noso país acordase dun longo sono xustamente o catorce de abril de mil novecentos trinta e un. De feito, víñanse operando nel desde principios do século, pouco máis ou menos, fondas transformacións en sentido modernizador, de resultas das cales a formación social galega ía deixando atrás, de vagar mais decididamente, as vellas inercias que o lastraran ó longo de todo o século XIX.

En efecto, os tres ou catro decenios que precederon á caída da monarquía pseudoliberal afonsina presenciaran a irrupción de fenómenos como a vizosa reestructuración sectorial experimentada pola poboación activa galega (dunha distribución porcentual de 85,9%, 5,9% e 8,1% para os sectores primario, secundario e terciario en 1900 pásase a 65,3%, 14,7% e 20,0% en 1930); a redención dos foros e mais a conversión do campesiño rendeiro en pequeno propietario cultivador; o anovamento da agricultura e gandeiría galegas e a súa decisiva integración no mercado; o agromar da industrialización da man das conserveiras e mais a construcción naval; o despuntar —ben que modesto— do urbanismo e a ascensión e consolidación, en fin, de novas clases sociais: burguesía e proletariado que, moi pouquiño a pouco ían dislo-

cando a tradicional polarización señor-campesiño en favor dos antagonismos propios de sociedades industrial-capitalistas.

Galicia incorporábase, xa que logo, ó réxime recén nado cunha longa andaina percorrida na procura da súa inserción no proceso de desenvolvemento capitalista peninsular, por máis que a febleza do seu sector industrial e o tecido social urbano, entre outros indicadores, falasen por si sós acerca do que aínda quedaba por andar.

O PROLETARIADO GALEGO

Nun contexto como o descrito prodúcese o avivecemento do asociacionismo e a actividade sindical dos operarios (e tamén dos campesiños). Como se ten sinalado nun recente estudio, o proletariado galego da pre-guerra caracterizábase por ser "numericamente cativo, escasamente concentrado (polo minifundismo empresarial) e cun forte compoñente artesán"[1]. Non podía ser doutra maneira nun país aínda maioritariamente rural, cunha base social de pequenos proprietarios, rendeiros e foreiros residuais, un fraco desenvolvemento urbano (como xa se dixo) e unha economía non de todo integrada malia os avances producidos.

Do exiguo peso específico da man de obra asalariada no conxunto da sociedade galega fálanos ás claras a baixísima taxa de afiliación sindical da mesma: os pouco máis de 66.000 asociados ó obreirismo organizado en 1932 a penas supuñan un 3% do asociacionismo obreiro estatal e o 7% da poboación activa galega. En realidade, fóra dos sectores punta da asociación proletaria, situados "na industria e os servicios de Vigo, A Coruña e Ferrol, onde acada percentaxes superiores ó 50% da poboación traballadora; a construcción e os oficios semiartesanais das restantes cidades e mesmo dalgunha vila (Tui, Vilagarcía, Marín); as obras do tendido do ferrocarril de Zamora-A Coruña; e, por ultimo, o colectivo de mariñeiros da pesca industrial"[2], o segmento de vangarda da clase proletaria non conseguiu logros organizativos de importancia.

Razóns non faltaban para que isto fose así. Por unha banda, a orixe labrega dunha boa parte dos asalariados dificultaba a definición duns perfís clasistas nidiamente obreiros coa correspondente adopción de patróns culturais específicos. Por outra, a cativa dimensión e mesmo o carácter familiar de moitas das empresas constituía un atranco insalvable para a prática asociativa e sindical, especialnente no medio vilego. Finalmente, os resaibos de mentalidade gremial apreciables en moitas

1. Pereira, D. (coord.) *Os conquistadores modernos. Movimento obreiro da anteguerra*. Vigo, 1992, p. 10.
2. *Ibidem*, p. 13.

profesións contribuían a diluír as contradicións entre mestre-patrón e asalariados. Resultado de todo isto foi o lento desenvolvemento do movemento operario galego e a súa modesta implantación na sociedade.

Con todo, estes trazos non expresan toda a realidade. A pesar de todas as carencias apuntadas é indubidable que o movemento obreiro exerceu un protagonismo social e político notable, moi superior ó que polo seu estricto peso numérico lle correspondía, e en constante progresión, ó punto de constituír un dos axentes sociais máis dinámicos e, desde logo nos tempos finais da República, o principal movemento de masas do país.

Desde o punto de vista organizativo, U.G.T. e C.N.T. repartíanse a partes iguais os continxentes de asalariados conscientes. Predominaba a primeira en Vigo, parcialmente en Ferrol e nalgunhas vilas como Betanzos, mentres que a segunda era hexemónica na Coruña, Santiago, Tui e, en xeral, no litoral mariñeiro. Cunhas relacións tradicionalmente moi tensas entre si, como no conxunto do Estado, as reviravoltas conxunturais do período republicano haberían de forzalas, así e todo, a un certo entendemento, traducido nunha progresiva unidade de acción —ó parecer máis temperá en Galicia que noutras comunidades— fraguada sobre todo na etapa da Frente Popular[3].

Foi nestes ultimos meses —por certo— cando, malia a súa escasa sensibilidade ante o feito diferencial galego, alomenos unha parte do obreirismo organizado —maiormente uxetista na súa dupla vertente partidaria, socialista e comunista— aportou o seu granciño de area, canda as demais forzas republicanas, na campaña de propaganda a prol do Estatuto de Autonomía de Galicia. O mesmo Estatuto polo que o Partido Galeguista tanto viñera pelexando, nos anos precedentes, case en solitario.

Como último apuntamento digno de mención nestas apertadas liñas introductorias referidas ó noso proletariado, cabe sinalar a constante atención que, tanto uxetistas como anarquistas, prestaron ó campo galego, conscientes de que ningunha actuación reivindicativa de longo alcance era posible sen o concurso dos labregos. Os seus esforzos tiveron desigual fortuna segundo os momentos e os lugares, pero en xeral os resultados foron modestos.

3. A U.G.T. galega presentaba, desde unha óptica ideolóxico-partidaria, unha orientación predominantemente socialista, por máis que existisen algúns núcleos de obediencia comunista localizados en Ourense, Pontevedra e ría de Vigo. Pola súa parte, a Confederación Rexional Galaica da C.N.T., de carácter relativamente moderado, incluía nas súas fileiras un pequeno sector "faísta" agrupado en torno ó quincenario coruñés *Brazo y Cerebro*.

Sobre todos os aspectos relativos a ambas as dúas pólas do sindicalismo/obreirismo do período, *Vid.* M. González Probados. *Crise económica, movimento obreiro e socialismo na Galiza republicana (1931-1936)*. Santiago de Compostela, tese de doutoramento, 1988; *O socialismo na II Republica (1931-1936)*, A Coruña, 1992; D. Pereira. *A C.N.T. na Galicia, 1922-1936*. Santiago de Compostela, 1994.

A COMPAÑÍA DE TRANVÍAS DA CORUÑA E O MOVEMENTO SINDICAL

Se ben algúns estudiosos teñen salientado o carácter esencialmente terciario da economía coruñesa no século XX[4], non é menos certo que o sector industrial contaba nos anos trinta cunha presencia relativamente relevante na cidade herculina, considerada no conxunto das urbes galegas do momento. Alén da Fábrica de Tabacos que, xunto co Arsenal de Ferrol, representaba a meirande concentración de traballadores do país, tiñan asento na praza unha fábrica téxtil, outra de cervexa, varias empresas do ramo da madeira e o papel, e polo menos dúas de subministración enerxética (gas, auga, electricidade), sen contarmos co transporte urbano (tranvías) e mais a pesca industrial.

Está por estudiar, que eu saiba, o que significaba en termos porcentuais a xeración de emprego inducida por este tecido empresarial, mais se temos en conta os máis de dous mil postos de traballo da Fábrica de Tabacos unidos ós entre dous e trescentos de *La Primera Coruñesa* (téxtil), os mil setecentos da pesca motorizada e varios centenares máis repartidos entre as restantes industrias, incluídas as de carácter máis artesanal ou familiar, a cifra total podería achegarse ós cinco milleiros de asalariados, malia unha boa parte deles proceder de fóra do casco urbano.

Nestre cadro empresarial, a Compañía de Tranvías ocupaba un lugar intermedio cos seus máis de cen empregados. Fundada en 1902 á calor do proceso de expansión experimentado polas máis importantes urbes galegas e españolas do momento, caeu baixo control de capital belga entre 1906 e 1908, tornando a mans de accionistas maioritariamente galegos a partir de 1909. Os anos vinte, nomeadamente de 1923 en diante, foron o período de maior prosperidade da Compañía que, por primeira vez, estendia os seus servicios máis alá dos límites físicos da cidade. A razón fundamental deste auxe estriba na electrificación do tendido, rematada en 1922.

A II República supuxo, pola contra, o inicio dunha fase contractiva na explotación motivada, a xuízo da dirección da empresa, pola competencia dos autobuses e mais o aumento dos impostos; tamén presumiblemente —aínda que non se recoñeza explicitamente— polo incremento da conflictividade operaria favorecida polo contexto político democrático. A superación deste estado de cousas habería de pasar polo sanguento golpe de Estado de 1936 e a conclusión da Guerra Civil. No clima de *paz social* iniciado en abril de 1939, emprenderíase a reestructuración das liñas e e a progresiva substitución dos tranvías por trolebuses, terminada en 1948.

4. Miras Araújo, J. "La formación de una economía terciaria: A Coruña, 1900–1936", en *Orientación económica y financiera*, nº 207, 1995, pp. 15–18.

En maio de 1930 o cadro de persoal da Compañía achábase composto por cento corenta e cinco empregados distribuídos da seguinte maneira[5]:

Sección	*Nº de persoas*	*Salario*
Dirección	2	300-1500 pts.
Oficinas	9	125-265 pts.
Movemento	16	6,5 p./día-290 pts.
Cobradores	49	5,25-6,5 pts./día
Conductores	43	5,25-8,0 pts./día
Gardaagullas	4	4,5-6,0 pts./día
Tracción colectiva	2	6,5 pts./día
Talleres	4	8,5 pts./día-600 pts.
Vías e obras	16	5,0-7,25 pts./día

Os efectivos deste persoal non fixeran máis que medrar desde a fundación da Compañía: en 1902 non chegaban a cincuenta empregados fixos, aproximadamente un tercio dos contabilizados en 1930. En canto ós salarios, tamén subiran como resultado do aumento do custo da vida (conductores e cobradores, por exemplo, cobraban 75 pts. mensuais en 1902), mais tamén —¡como non!— por efecto da combatividade reivindicativa dos traballadores, sobre todo nos períodos en que esta puido exercerse legalmente[6].

5. Fondos documentais da Compañía de Tranvías da Coruña. Serie "Persoal", carpeta número 12.

6. Para un estudio comparativo dos salarios arriba consignados cos doutros ramos da actividade laboral, *Vid. Estadísticas de salarios y jornadas de trabajo, 1914-1930.* Ministerio de Trabajo, Madrid, 1930. Por desgracia non puiden consultar persoalmente esta fonte, polo que me vexo obrigado a empregar referencias indirectas, sinaladamente o traballo do Colectivo Xerminal: "Crise económica e loitas sociais na Galicia republicana: o conflito pesqueiro vigués de 1932", en X. R. Barreiro e outros, *O movemento obreiro en Galicia.* Vigo, 1990. Das súas páxinas 154 e 155 extraio os datos que a seguir se detallan.

En liñas xerais, o cadro salarial dos obreiros tranviarios non parece diferir substancialmente do correspondente a outras profesións con cualificación igual ou similar. Porén, algúns xornais semellan un chisco baixos para a media da época, no suposto (improbable) de esta ser calculada fidedignamente. Para ilustrar este aserto, vexamos os datos referentes a Vigo á altura de xaneiro de 1930:

Xornais da cidade de Vigo (en pts.)

Ramos	*Oficiais*	*Peóns e auxiliares*
– Caldereiros	7,8	4,9
– Fundidores	6,8	4,4
– Obradoiros de construcción metálica	6,2	4,6
– Carpinteiros de obra	8,0	4,0
– Carpinteiros de obradoiro	9,0	4,0
– Canteiros	9,0	5,0
– Albaneis	10,0	5,0
– Tranvías	8,4	–
– Fábrica de gas	8,5	6,5

A conflictividade operaria no seo da Compañía de Tranvías comezou ben cedo, como era habitual no mundo laboral da época, dada a precariedade das condicións de traballo e a práctica indefensión dos asalariados fronte ós seus patróns favorecida pola lexislación restauracionista. Á parte doutros enfrontamentos de menor envergadura que a puideron preceder, a primeira folga de que temos constancia aconteceu o 7 de xaneiro de 1908, sen que saibamos cousa das súas motivacións concretas nin dos seus efectos, a non ser que causou "grandes quebrantos" á empresa, segundo a versión do seu Consello de Administración[7].

Non contamos con moita máis información para a seguinte acción folguística. Tivo lugar o 18 de decembro de 1916, non estando relacionada directamente co réxime interno da empresa. Tratouse en realidade dunha mobilización das diversas sociedades obreiras da cidade en contra da carestía das subsistencias inducida pola conxuntura bélica internacional; unha auténtica folga xeral na que os traballadores da Compañía participaron en solidariedade con aquelas, ademais de facelo en calidade de afectados pola antedita carestía.

Emporiso, entre un e outro conflicto tiñan mudado algunhas cousas no panorama laboral de intramuros da Compañía. En 1915 rexistrárase de feito a primeira tentativa de implantación dunha sociedade de resistencia entre os seus traballadores. A decisión da dirección de expulsar ós presuntos dirixentes da trama sindical, os cobradores Juan Tomé e Nicolás Ferrer, dera lugar a unha retesía entre os obreiros e mais o Consello de Administración da que os dous devanditos non saíran de todo malparados. Ó cabo, a unánime mobilización dos seus compañeiros e familiares resultou decisiva á hora de lograr a conmutación do despido pola suspensión de emprego e soldo durante un mes. Deste xeito, os traballadores libraran a súa primeira batalla exitosa contra a Compañía. Éxito ben cativo en aparencia, mais non tanto na realidade

Pola súa parte, os fontaneiros da Compañía de Augas da Coruña semellaban cobrar tamén un pouco máis que os seus coterráneos tranviarios: 7,5 e 8,75 pts., respectivamente; aínda que volvo a insistir sobre o dubidoso do cálculo das medias salariais establecidas nas fontes oficiais, segundo me fai saber Manuel González Probados, membro do mencionado Colectivo Xerminal.

De todos xeitos, convén coñecermos, sequera aproximativamente, o custo dos alimentos de primeira necesidade para o lector poder aquilatar o valor do salario real (cálculo que eu non vou facer aquí por exceder os obxectivos deste breve artigo):

Prezos na provincia de Pontevedra (xullo, 1930)

Pan (quilo)	0,7 pts.	Carne de vaca	2,5 pts.
Aceite (litro)	1,5 pts.	Carne de porco	4,0 pts.
Patacas	0,2 pts.	Bacallao seco	2,0 pts.
Ovos (ducia)	2,0 pts.	Azucre	1,7 pts.
Leite (litro)	0,5 pts.		

7. Libro de Actas A2, 1906-1914. Para os datos apuntados nas liñas a seguir, *Vid.* igualmente Libro A3 e ss.

pois que, a pesar de o intento organizativo ser abortado nun primeiro momento, as consecuencias non foron dramáticas para os seus promotores, tendo en conta os anos duros que corrían; e, alén diso, pasados uns meses conseguiría tomar corpo, finalmente, unha asociación representativa dos intereses do persoal, chamada *Sección Tranviaria.*

Cómpre reseñar, por outro lado, que os operarios e mais os seus familiares non estiveran sós nesta aventura. Antes ó contrario, recibiran a solidariedade dos seus colegas ferroviarios, concretada nas xestións do presidente da súa sociedade, o uxetista Severino Chacón, perante o Consello de Administración da Compañía co gallo dos despidos anteriormente citados.

Como era de esperar, o recrudecemento xeral da conflictividade obreira rexistrado nos últimos anos da Restauración tivo o seu inevitable correlato entre os tranviarios coruñeses. A adhesión destes á emblemática folga xeral de 1917 volveu tensar as súas relacións coa patronal do sector. Os tranvías herculinos houberon de circular guiados pola tropa entre os días 14 e 17 de agosto, e a dirección da empresa, logo de gratificar a soldados e mandos, acordou despedir a todos os seus empregados que se sumasen ó paro (todos agás un). A partir de aquí estalou a guerra entre aqueles e estes. Os obreiros declararon un boicot á Compañía e esta, que non debeu ter fácil reemprazar ós cesados, chegou a unha transacción con eles na que, por certo, tornou a actuar como mediador o ferroviario Chacón[8].

Pero non acabaría aí a cousa. O acordo non satisfixo a todos e a espiral de atentados e accións de sabotaxe de que foron obxecto, tanto os tranvías como o director-xerente da Compañía, durante o trienio 1918-20 puxo en perigo non só a readmisión dos traballadores, senón tamén outras conquistas froito de negociacións coa empresa neses mesmos anos: nomeadamente, o aumento lineal de 0,5 pts. no xornal, alcanzado en xuño de 1919, e a fixación dunha pensión de xubilación para os maiores de sesenta e cinco anos, en febreiro de 1920.

O clima represivo instaurado pola Dictadura de Primo de Rivera conlevou un devalar das tensións, non tanto pola súa desactivación real como pola imposibilidade de se manifestaren abertamente. A fin do estadio de hibernación forzosa chegou nos meses finais de 1930, coa participación do persoal tranviario nas folgas xerais políticas de outubro e decembro dese ano dirixidas a derrubar o goberno de Berenguer. Logo, coa proclamación da II República, entraríase nunha fase enteira-

8. Arquivo Histórico do Reino de Galicia, serie "Goberno Civil", Expedientes de asociacións profesionais, sindicais e partidos políticos, carpeta G. 2452.

Os termos do pacto foron os seguintes: os cesados ficaban a disposición da Compañía recibindo un xornal de 1 pta. diaria durante un ano; ó incorporárense de cheo ó servicio cobrarían 2,75 pts. *Vid.* Libro de Actas A3, 1914-1918.

mente diferente para o desenvolvemento do movemento operario galego, do que os nosos protagonistas formaban parte.

En efecto, a implantación dun réxime de plena democracia política —no sentido liberal-burgués do termo— praticamente por primeira vez na historia de España brindou ó proletariado consciente unha chea de posibilidades, tanto organizativas como de axitación e espallamento do seu ideario, de certo inéditas en etapas precedentes. Non é por acaso, pois, que o primeiro sindicato propriamente dito da Compañía de Tranvías da Coruña xurdise xustamente daquela, logo da experiencia asociativa comezada en 1915. A *Unión de obreros y empleados tranviarios de La Coruña*, que así se chamaba, viu a luz o 27 de marzo de 1931, logo dunha fase de xestación relativamente prolongada no tempo. A súa orientación era uxetista, feito que a primeira vista chama a atención tratándose dun medio obreiro como o herculino, onde o anarco-sindicalismo era absolutamente maioritario. Pero quizas resulte menos estraño se temos en conta a filiación predominantemente socialista do ramo do transporte no conxunto de España, en particular no sector ferroviario, coa Federación Nacional do cal estaba fortemente conectada a *Unión*.

Desde a súa fundación, esta pasou a exercer un activo protagonismo na dinamización da praxe organizativo-reivindicativa dentro da Compañía, convocando a todos os traballadores a manifestaren as súas aspiracións e tentando canalizalas preferentemente a través da negociación. Seguía nisto último as directrices comúns á totalidade das seccións sindicais afiliadas á U.G.T., partidarias de aproveitar, naquela altura, a lexislación progresista inspirada pola presencia de Largo Caballero á fronte do Ministerio de Traballo. Pero topou, como era de esperar, coa falta de apoio dunha C.N.T. —tamén presente entre os empregados e obreiros da Compañía, como veremos, aínda que minoritaria— totalmente contraria á participación nos órganos de arbitraxe previstos na devandita lexislación, sinaladamente os xurados mixtos.

Baixo esta perspectiva, a primeira iniciativa promovida desde o sindicato uxetista foi a presentación, en xuño de 1931, dun paquete reivindicativo que incluía, entre outros puntos, os seguintes: xornada partida, liquidación dos turnos fixos, descanso semanal retribuído, salario mínimo de 7 pts. e incremento progresivo da masa salarial entre un 15 e un 25%. (Como pode apreciarse, non se facía explícita unha esixencia de rebaixa da xornada laboral, senón tan só de redistribución da mesma. Isto era debido a que a xornada de oito horas fora xa implantada na empresa en 1919 por mandato superior, como resultado do triunfo da famosa "folga da Canadiense" en Barcelona).

A proposta, naturalmente, non contou co beneplácito da dirección da Compañía, mais a linguaxe respectuosa e conciliadora por ela

empregada e, mesmo, o seu xeito cauteloso de actuar son ben indicativos da posición de relativa forza acadada polos obreiros no contexto político aberto o 14 de abril.

De calquera xeito, as reunións e transaccións entre representantes da *Unión* e o Consello de Administración da empresa estendéronse ó longo de todo un mes, ó termo do cal este alcanzou a fixar a súa proposta definitiva: aumento de 0,5 pts/día a todo o persoal, con entrada en vigor a partir do 1 de xullo dese mesmo ano; mantemento das condicións de traballo e beneficios actuais, liquidables sobre a base dos salarios anteriores ó aumento. Este último punto non era do gusto do sindicato que, por outro lado, teimaba en esixir a concesión dun descanso decenal retribuído, malia que adiado na súa aplicación ata 1932. Así e todo, a *Unión* acabou por asinar o acordo a principios de agosto, non sen facer expresa a súa intención de continuar a reclamar no futuro o dito descanso decenal.

Cerrábase así o primeiro convenio do período republicano entre patronal e traballadores tranviarios, conseguido en boa medida gracias á vontade negociadora de ambas as dúas partes e á súa relativa flexibilidade á hora de cederen na negociación.

As vantaxes e melloras derivadas para obreiros e empregados deste acordo debéronse na súa totalidade á iniciativa da *Unión*, xa que a outra sección sindical actuante na Compañía, o *Sindicato de Obreros Tranviarios*, afiliado á Confederación Rexional Galaica da C.N.T., afastárase da negociación desde o primeiro momento. Obedecía esta actitude tanto ó seu maior radicalismo (especialmente no tocante ós métodos de actuación) como ó seu firme rexeitamento das pautas de concordia auspiciadas polo Ministerio de Traballo, tal como indicamos con anterioridade. Con todo, a estratexia deste sindicato dará un xiro a partir do Bienio Negro, como teremos ocasión de ver.

O ano de 1932 abriuse coa participación dos obreiros da Compañía na folga xeral do 20 ó 22 de xaneiro. Como era de rigor, aqueles non percibiron os xornais correspondentes a eses días, pero non consta que se derivasen para eles consecuencias negativas de maior alcance.

O resto do ano —quitando a celebración do 1º de maio na que os obreiros non foron ó traballo, seguindo o costume iniciado na edición anterior e convertida en tradición no período republicano— apareceu presidido pola elaboración das Bases de Traballo do sector. Estas foron aprobadas o 15 de novembro polo Xurado Mixto e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, dando ocasión ó sindicato cenetista de manifestar de novo a súa negativa a aceptar ningún acordo ou resolución proveniente de fóra das súas fileiras.

De todos xeitos, a vixencia das devanditas Bases foi curta, de maneira que ó longo de 1933 se sucederían as sesións de traballo do

Xurado Mixto a fin de elaborar unhas novas. O acordo non foi doado de alcanzar nesta ocasión, dada a disparidade de criterios de patronal e sindicato (uxetista, claro), no referente ós aspectos económicos. E por máis que estas segundas Bases fosen finalmente aprobadas e publicadas en setembro (B.O.P. do día 9), a quebra do clima de concordia era manifesta. Se antes fora o sindicato anarquista a parte discrepante, agora era a dirección da empresa quen expresaba sen ambaxes o seu desgusto por medio dunha carta remitida o día 18 polo director-xerente, Agudín Aspe, ó Ministerio de Traballo, requerindo deste a modificación do texto das Bases por consideralo lesivo para a Compañía. Non se esquecía o señor Agudín, de paso, de se laiar polo que consideraba actitude egoísta dos traballadores. Decididamente, as tebras ameazadoras do Bienio Negro pairaban xa no horizonte.

...E finalmente chegaron. A estrea da nova lexislatura non puido ser máis *movida* para os obreiros tranviarios: cinco días de folga xeral revolucionaria (do 10 ó 15 de novembro) como resultado da cal os tranvías non circularon con regularidade ata o día 18.

Á parte da consabida perda de haberes e do balance represivo —autenticamente desastroso— derivados da acción anterior, a involución xeral propiciada nos terreos social e político polo ascenso ó poder das dereitas parece ter convencido ó sindicalismo de feitío anarquista da necesidade de revisar a súa estratexia de confrontación directa coa lexislación de inspiración republicano-socialista[9]. Proba disto sería a súa participación, a partir de setembro, en xuntanzas de carácter negociador canda o anteriormente deostado Xurado Mixto e mais a dirección da empresa. Non en balde, a patronal galega, e a española tamén no seu conxunto, emerxían agora con azos renovados logo do relativo retraemento do primeiro bienio, e dispostas a pór toda a carne no asador para someter ós sindicatos. Os dous actuantes na Compañía de Tranvías herculinos tiveran xa ocasión de comprobalo pouco despois da folga de decembro, cando o Consello de Administración se negara a acceder ás demandas dos cenetistas relativas á concesión dun día de descanso e mais a paga de media xornada de traballo presuntamente realizado un dos días afectados polo paro.

Pero o máis duro estaba aínda por chegar: sobreveu co gallo da *Revolución de outubro* dese mesmo ano. Na cidade da Coruña o levantamento en contra da formación do goberno radical-cedista non alcanzou, nin de lonxe, a repercusión dos sucesos de Asturias, pero deu lugar a

9. En verdade, a folga de decembro fora un fracaso. Os incidentes "produciron en todo o Estado un cento de mortos, miles de detidos (máis de catrocentos na Coruña), a clausura das sedes dos sindicatos e o esmorecemento das forzas confederais". No tocante ó anarco-sindicalismo coruñés, "a Federación Local Obrera, como o resto da organización galaica, viviu na clandestinidade durante seis meses, e no verán de 1934 aínda quedaban unha quincena de presos e oitenta represaliados" (Pereira, D. *Op. cit.* p. 102).

unha nova folga xeral revolucionaria que paralizou a cidade durante nove días. Os tranviarios, como os restantes sectores hexemonizados pola U.G.T. (banca, fábrica de gas e electricidade, actividades portuarias), volveron ó traballo ó cuarto día (o 9), pero os cenetistas continuarían aínda ata o 14. O goberno respondeu unha vez máis con contundencia: os sindicatos foron ilegalizados e ás innumerables detencións seguiron, en moitos casos, xulgamentos e consellos de guerra (catro de uxetistas e socialistas e ben máis, presumiblemente, de anarquistas, na Coruña).

De certo, pódese dicir que o movemento operario galego non levantou cabeza ata ben entrado o ano 1935, a medida que as súas organizacións foron tornando á legalidade (en abril nuns casos, no verán noutros). O esmorecemento da actividade sindical no seo da Compañía de Tranvías da Coruña é un bo indicativo disto: nin un só conflicto nin convenio colectivo coa empresa en todo o ano ata finais de novembro[10]. Nesa altura os conductores e cobradores suplentes ousaron re-formular un par de reclamacións que viñeran sendo adiadas desde había once meses: descanso semanal retribuído e seguro de enfermidade, tal como gozaban os seus colegas fixos. O Consello de Administración desestimou o pedido alegando a mala situación económica da empresa, polo que a satisfacción das demandas ficou pendente ata a etapa da Frente Popular. Aceptouse en troques, xa en 1934, a aplicación ó dito colectivo da paga extra de decembro.

AS BASES DE TRABALLO DE 1936

O triunfo da Frente Popular nas eleccións lexislativas de febreiro introduciu unha mudanza radical na dinámica sociopolítica imperante. Superada a desfeita dos anos 1934-1935, partidos de esquerda e sindicatos recuperaban a vitalidade do primeiro bienio. Mais cunha diferencia: e é que agora coallaba máis de présa a unidade de acción que as forzas socialistas, comunistas e anarquistas viñan impulsando desde finais de 1935. De xeito que, por primeira vez na historia da Compañía, veremos as dúas centrais sindicais nela representadas actuaren conxuntamente.

O seu esforzo foi encamiñado, nun primeiro momento, a desbloquear as Bases de Traballo de 1933 —pendentes dun recurso interposto pola dirección da empresa— para polas en vigor. Como o tempo transcorría e a solución non chegaba, a *Unión* e mais o *Sindicato* decidiron presentar de mutuo acordo unha táboa reivindicativa que, logo dunha intensa e laboriosa negociación, acabaría dando lugar a un novo proxecto de Bases.

10. Rompendo a tradición de anos anteriores, os obreiros da Compañía houberon de acudir ó traballo o 1º de maio, por orde do Ministerio de Gobernación.

A proposta inicial emanou o día 15 de maio dunha comisión paritaria U.G.T.-C.N.T., composta por Antonio Münch e Manuel Caridad pola *Unión* (presidente e ponente, respectivamente), e Jesús Rodríguez e Manuel Rúa polo *Sindicato* (presidente e secretario), agora rebautizado *Sección Tranviaria del Sindicato de la Industria del Transporte.* Os termos eran os seguintes:

1. Xornal mínimo en 7,5 pts. agás aprendices (4 pts.). En consecuencia, os que agora gañan entre 5 e 7 pts. terán un aumento de 2,5 diarias.
2. Aumento de 2 pts. diarias sobre xornais e soldos que actualmente percibe o resto do persoal.
3. Para os aprendices 4 pts. diarias, non podendo intervir en labores nocturnos. Unha vez alcancen a aptitude necesaria, ou ben ó atinxiren os 21 anos, pasarán a ser operarios, recibindo o salario mínimo fixado en 7 pts.
4. Xornada inglesa para o persoal de oficinas. Fíxanse así mesmo unha serie de días festivos (de orixe laica ou relixiosa).
5. Semana de 44 horas en todos os talleres da Compañía, e tamén en vías e obras.
6. Descanso semanal retribuído para todo o persoal de acordo co art. 6 do descanso dominical e mais o art. 49 do regulamento do mesmo.
7. Descanso anual retribuído para todo o persoal: 15 días.
8. Que con ningún pretexto se prive ó persoal dos descansos correspondentes.
9. Xubilación forzosa ós sesenta anos, co 70% do salario ou xornal; e xubilación voluntaria en iguais condicións apartir dos cincuenta e cinco. Se o persoal con dez anos de antigüidade ficase inútil por parálise disfrutaría dos beneficios devanditos.
10. Despois dun ano de traballar como suplente, pasarase a empregado fixo con todos os dereitos inherentes.
11. Conductores e cobradores correrán os turnos das liñas urbanas e interurbanas indistintamente.
12. De ningunha maneira poderán imporse ó persoal sancións en metálico, por inmoral e abusivo.
13. Se por enfermidade prolongada dun axente ou empregado se sobrecarga o servicio entre os compañeiros, nomearase un substituto entre o persoal de categoría inferior, por orde de antigüidade; se a praza ficase vacante pasará a ocupala en propiedade.

14. Non poderá despedirse ningún empregado sen previa formación de expediente, oíndo o Consello de Administración ó interesado e mais a unha comisión dos empregados, que ó informará ó respecto.

15. O persoal que, por deberes de familia ou cidadanía, teña que ausentarse do traballo solicitará licencia do seu xefe inmediato, que deberá concederlla se non existen poderosas razóns en contra. Non se poderá denegar o permiso cando o obreiro xustifique que está a cumprir obrigas de representación en organismos oficiais de traballo.

16. A Compañía está obrigada a conceder permiso ó representante que, por designación do persoal, teña de asistir a congresos nacionais das asociacións obreiras, sen poder ser descontados eses días da súa licencia anual.

    En ningún destes casos a Empresa poderá descontar salario nin obrigar a "recuperar" a base de horas extraordinarias.

17. Á parte da indemnización marcada pola lei para os casos de hernia, esta afección será considerada sempre como enfermidade ós efectos de asistencia e pagamento de xornais, sufragando ademais a Empresa o custo da operación precisa.

18. Serán respectados todos os beneficios e condicións que na actualidade se gozan e non sexan modificados nos presentes pedidos.

O Consello de Administración considerou inaceptables estas condicións aducindo, unha vez máis, o estado económico da empresa, pero acordou sometelas ó dictame do Xurado Mixto provincial por estimalo a canle legal. Non agradou isto ós obreiros, que retrucaron boicoteando a reunión do antedito Xurado Mixto a celebrar o día seguinte[11]. Buscaban con esta postura obrigar á patronal a entenderse directa e exclusivamente cos seus representantes.

Polo si ou polo non era evidente que as tensións volvían de novo á Compañía, en estricto correlato co recrudecemento da loita de clases palpable naqueles días en toda a sociedade. Ante o perigoso da situación o gobernador civil, Pérez Carballo, decidiu tomar cartas no asunto, actuando como mediador na apertura dunha rolda negociadora que consideraba indispensable para salvagardar a paz social. Difícil o ía ter: as posturas cada vez máis irreductibles de ambas as dúas partes non facían agoirar unha doada solución.

As sesións de traballo comezaron de contado e estendéronse ó longo de aproximadamente unha semana, no medio dun ambiente máis e máis

11. Os vocais da parte traballadora no devandito organismo eran Manuel Caridad, Antonio Münch e José Conchado, pola U.G.T., e mais Jesús Rodríguez, Manuel Rúa, e Eladio Muíños, pola C.N.T. Naturalmente, non asistiron á xuntanza por mandado dos seus compañeiros.

"quente". O director da Compañía expuso, por vez enésima, o consabido argumento de base económica: as demandas dos operarios non podían ser atendidas por mor da non obtención de dividendos para os accionistas nos exercicios de 1934 e 1935. Os traballadores, pola súa banda, aducían non lles interesaren nin o estado de contas da empresa nin os medios de que o seu Consello de Administración se tiña que valer para atender ás súas reivindicacións, reducidas a esa altura —salientaban— ás mínimas aspiracións do persoal.

Así estaban as cousas. Pasados uns días ninguén parecía dar un patacón pola viabilidade do acordo, agás o señor gobernador que, teimoso, tentaba de convencer á dirección da Compañía da inevitabilidade da transacción, mesmo supondo un sacrificio para ela. Ante a reticencia do Consello e chegados a un punto que podía ser de non retorno, sería finalmente a enérxica actuación do representante da autoridade civil republicana a que salvase a situación, cunha proposta ben tallante que non daba lugar a réplicas: ou as partes asinaban o acordo ou el mesmo se vería obrigado a incautar a administración da Compañía. Dito isto, instou a que as bases fosen estudiadas unha por unha a fin de evitar a rotura da negociación.

Moi ó seu pesar, o Consello houbo de pregar velas e aterse ás razóns —ben contundentes, por certo— do señor gobernador, percibindo que de non facelo así as consecuencias podían ser catastróficas. Logo de "larga y enojosa discusión", segundo a versión recollida na acta do día 25 de maio, establecíanse como solución definitiva por parte da empresa as bases seguintes[12]:

1. Os salarios serán aumentados a razón dunha peseta os actualmente considerados de 4 a 6 pts.; 0,75 pts. os de 6 pts.; 0,25 pts. os de 8 pts.; e 0,5 pts. os de 8,25 pts.
2. Os aprendices chamaranse auxiliares de limpeza e terán xornal de 4 pts. diarias mentres dure a súa condición de auxiliares; logo de desempeñaren o cargo con suficiencia ou alcanzaren os 21 anos terán salario mínimo e pasarán á categoría de operarios.
3. Semana inglesa para persoal de oficinas. Para cómputo de horarios e días festivos aplicarase a norma das oficinas das localidades.

12. Previamente a Compañía propuxera substituír as melloras solicitadas polos obreiros que, calculaba, custaban arredor de 230.000 pts. anuais, pola posta ó seu dispor de 53.746,64 pts. que obtivera como beneficios o ano 1935 e que foran aplicados ás amortizacións regulamentarias (de aí que non houbera dividendos, tal como dixera o director-xerente). Os operarios, claro está, non aceptaran.

Para mellor calibrar o grao de desgusto do Consello ó ter que aceptar a transacción, non está de máis sinalarmos que un ano máis tarde (Acta de 31 de marzo de 1937) se acusará ó gobernador de impola a través de presión e coacción. Desgraciadamente para el, o señor Pérez Carballo xá non podía defenderse naquela altura.

4. Xornada de 44 horas semanais para talleres, vías e obras.
5. Descanso decenal retribuído a todo o persoal de movemento.
6. Descanso retribuído anual de sete días para todo o persoal.
7. Baixo ningún pretexto se privará ó persoal dos descansos, salvo forza maior ou enfermidade probada.
8. Crearase unha caixa para xubilacións a base de aportacións obreiras e auxilio da empresa.
9. Logo de exercer un ano como suplente, todo traballador se converterá en empregado fixo con todos os dereitos inherentes.
10. A Compañía fará periodicamente exames de aptitude para correr os turnos do servicio de movemento.
11. Baixo ningún concepto se imporán sancións en metálico. A perda do primeiro *taco* de billetes dentro do ano non se considerará falta.
12. Se por enfermidade prolongada dun axente ou empregado se sobrecarga o servicio entre os compañeiros, nomearase un substituto entre o persoal de categoría inferior, por orde de antigüidade.

    Para cubrir vacantes faranse exames de aptitude entre os solicitantes. As condicións do exame non excederán as requeridas para o desempeño do cargo. Dentro de igual aptitude preferirase o de maior antigüidade. Só cando non haxa persoas na Compañía con aptitude abonda se cubrirán as vacantes con persoal de fóra.
13. Non poderá despedirse ningún empregado sen previa formación de expediente, oíndo o Consello ó interesado e mais a unha comisión de empregados, que informará ó respecto.
14. O persoal que, por deberes de familia ou cidadanía, teña que ausentarse do traballo solicitará licencia ó seu xefe inmediato, que deberá concederlla se non existen poderosas razóns en contra.

    Non se poderá denegar o permiso cando o obreiro xustifique que está a cumprir obrigas de representación en organismos oficiais de traballo.
15. A Compañia está obrigada a conceder permiso ó representante que, por designación do persoal, teña de asistir a congresos nacionais das asociacións obreiras, sen poder ser descontados eses días da súa licencia anual.

    En ningún destes casos a Empresa poderá descontar salario nin obrigar a "recuperar" a base de horas extraordinarias, de acordo co que determina a lei.
16. Á parte da indemnización que a lei marca para os casos de hernia, esta afección será considerada sempre como enfermidade para os efectos de asistencia médica e pagamento de xornais. A Compañía sufragará os custos de operación ata 500 pts.

17. Serán respectados todos os beneficios e condicións que na actualidade se gozan e non sexan modificados nos presentes acordos.
18. Estas bases comezarán a rexer o primeiro de xuño do corrente ano e terán vixencia de dous anos a partir da data da súa asinatura.

Como é perceptible, o texto definitivo contempla algunhas *rebaixas* respecto da proposta orixinaria dos traballadores, nomeadamente no que atinxe ós salarios, réxime de xubilación e descansos retribuídos. Era o prezo a pagar pola parte proletaria como contrapartida á cesión patronal. Non se produciron alteracións, en troques, na fixación da semana laboral, que ficaba reducida a 44 horas tal como se propuxera no documento inicial. Resulta un chisco rechamante, por outra banda, a énfase posta na cobertura do tratamento da hernia, en tanto non hai a menor referencia a outra doenza bastante máis grave e relativamente estendida naquel tempo entre os traballadores da Compañía, cal era a tuberculose. Acaso esta última, a diferencia daquela, non estivese recoñecida legalmente como enfermidade laboral.

Sexa como for, o acordo foi rubricado finalmente o 25 de maio, actuando como signatarios José Agudín Aspe, pola parte empresarial, e Antonio Münch e Manuel Rúa polos sindicatos. Ese mesmo día comunicaba o gobernador que as Bases recibiran o *visto pracet* da asemblea do persoal operario, polo que se debía proceder á sua redacción definitiva.

Alcanzábase así un convenio razoable que puña fin, sequera transitoriamente, á tirapuxa mantida durante os meses anteriores por empresa e sindicatos, e parecía sentar os alicerces dunha regulamentación laboral máis concorde co tempo que se vivía, sen excluír posibles renegociacións en anos vindeiros.

Infelizmente, non houbo nin tempo para as Bases entraren en vigor. O golpe de Estado do xeneral Franco encargaríase de deixar en auga de castañas tantos esforzos, inaugurando, tamén aquí, a longa noite de pedra de todos coñecida. Precisamente o mesmo día da sublevación militar celebraba reunión o Consello de Administración da Compañía, para constatar o risco de ruína que pairaba sobre a mesma por mor do custo derivado das Bases recén aprobadas que, segundo o informe do director-xerente, impedía obter ningún beneficio e mesmo pagar as cargas inherentes ó normal desenvolvemento da actividade da empresa[13]. O que son as cousas: un lonxano, aínda que esperado, pronunciamento do que non se fai o menor eco a acta da sesión ía resultar providencial para restituír a calma ós apouvigados accionistas, por máis que o tributo a pagar fose a militarización dos tranvías por ben tempo. ¿Ironías do destino?

C.F.V.S.

13 No intre estábase a estudiar como posible solución a suba dos billetes, xa que os gastos de conservación e reparación non podían reducirse.

A vangarda galega: a prol dunha nova etnopoética

● XOSÉ RAMÓN PENA. *Manuel Antonio e a vangarda.* Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

Xesús González Gómez co seu *Manifestos das vangardas europeas* (Laiovento, Santiago de Compostela, 1995), o número monográfico de *A Nosa Terra* "Manuel Antonio. Embarcados nun cantar" (Ed. A Nosa Terra, Vigo, 1996) e mais Xosé Ramón Pena, coa súa última entrega, constatan o interese que segue a espertar entre nós o tempo das vangardas, un período de ruptura na concepción das artes (ou, alomenos, de reforma) que aínda agora nos afecta.

A pluralidade e a heteroxeneidade parece gobernar este tempo, mesmo cando nos cinguimos ás vangardas históricas máis coñecidas e espalladas, que se concibiron e experimentaron de xeitos tan diferentes en Italia, Rusia, Francia ou o Brasil, por mor das distintas realidades nas que abrollaban as propostas rupturistas (ás veces a penas renovadoras) dos *ismos* sucesivos. Así, por exemplo, no Brasil aparece un dos manifestos máis orixinais: o "Manifesto antropófago" do modernista Oswald de Andrade, que propuña a absorción do inimigo sacro (isto é, da dominación estética europea) para transformalo en tótem e carnavalizar a arte ("Tupy or not tupy, that is the question", di no mesmo manifesto).

Pois ben, a heteroxeneidade de propostas e o proceso de adecuación ás características de cada sistema literario fanse moito máis patentes no caso das literaturas periféricas cun sistema non normalizado, como a galega ou a catalana (que, no que atinxe á súa postura perante os *ismos,* presentan unha actitude semellante). Nestes casos procúrase casar unha certa idea de ruptura fronte ás estéticas continuístas e decadentes coa precisa dose de conservadurismo que acompaña os procesos de recuperación da identidade nos sistemas marxinais (é dicir, a creación dunha etnopoética nacional que se arrepoña ó sistema cultural dominante). Por iso, como Xosé Ramón Pena se empeña en demostrar ó longo do seu libro, as vangardas galegas responden, sobre todo, a unha estratexia ideolóxica posta ó servicio do galeguismo.

> A vangarda é obxecto dunha utilización premeditada. Dunha banda, a novidade servirá para deixar fóra de xogo a todos aqueles representantes dun "neorrexionalismo" que é aldraxado de anticuado por parte de Risco e mais dos seus seguidores. A propia publicación de "¡Máis alá!", o apoio de

> Villar Ponte... van dirixidos contra os "vellos", contra os defensores dunha conducta rexeitada por caduca tanto no apartado estético como no político. Empregar, orientar contra deles os vangardistas era consecuencia dun resultado, pois, dunha estratexia preconcibida.
>
> Doutra banda, xorde a relación B/A, a relación galego/español. Trátase agora da urxencia de acordos entre os movementos contestatarios, progresistas españois —desde a política e desde a estética— e mais a voz reivindicativa da periferia. A alianza entre a vangarda central e o galeguismo nacionalista, polo menos mentres o vangardismo hispano signifique unha actitude de rebeldía e unha alternativa perante o sistema establecido, resulta lóxica e necesaria para as dúas partes. Procúrase un mecanismo, un eixo coxuntural diante do inimigo común. (X. R. Pena, *Manuel Antonio e a vangarda*, p. 54).

E aínda máis, a necesaria diferenciación fronte ó discurso dominante do sistema A e mais a construcción dunha etnopoética identificadora son principios estético-ideolóxicos prioritarios que Xosé Ramón Pena corrobora cunha prolixa documentación. Ó seu ver, as vangardas responden a unha actitude consciente do nacionalismo perante as experimentacións europeas.

> Tratouse sempre de acadar un proxecto nacional: un proxecto no que a estética e mais a política fosen da man ou, mellor aínda, un proxecto no que a independencia estética perante os modelos españois ha de preceder, na opinión dalgúns dos máis significados líderes do galeguismo, á mesma consolidación dunha acción política nacionalista e soberana. De aí que se aceptase o que viña de Europa a nos axudar a non ter que pagar "dereitos de peaxe" a Madrid; mais, iso si, coidando sempre de que a novidade cadrase ben co que se supoñía como "verdadeiro espírito galego" (X. R. Pena, *Manuel Antonio e a vangarda*, pp. 80-81).

Con este libro, Xosé Ramón Pena preséntanos unha incursión máis madurecida, elaborada e ampla nun terreo que coñece ben desde hai anos. Parte dunha reflexión teórica sobre o concepto de vangardas, un concepto aínda polémico cando se trata de aplicar a experiencias estéticas como a galega dos anos vinte e que, segundo se formule, cuestiona a idoneidade da etiqueta vangarda en movementos tan conservadores como o hilozoísmo ou o neotrobadorismo. O groso do estudio constitúeo o programa estético dos galeguistas de principios do século XX: a consolidación de Ramón Cabanillas como "poeta da raza"; o papel que desempeñaban as vangardas dentro do ideario nacionalista; e, finalmente, a innovación nos textos programáticos e poéticos de Manuel Antonio.

Quizais o que máis lle sorprenda ó lector sexa o demorado estudio da recepción e significación de Ramón Cabanillas dentro do mundo do galeguismo mais, o que pretende facer o autor, é transportarnos ó período de xestación da poesía de vangardas e amosarnos o modelo literario aceptado e respaldado polo ideario estético-ideolóxico galeguista. Non en van, como ben nos lembra, daquela, Cabanillas era considerado o continuador dos grandes escritores do Rexurdimento, o que dalgún xeito mantiña ardendo o facho da identidade, da nación, nos eidos da literatura (e, xa que logo, no imaxinario). Así, o que pode parecer un prolegómeno excesivo consegue, sen embargo, encamiñarnos cara ó miolo da cuestión: saber cáles foron os elementos que os novos poetas tiveron en conta para construír as vangardas galegas, máis achegadas ó conservadurismo e ó humanismo que os experimentos realizados nos sistemas literarios europeos cunha tradición normalizada.

Establece Xosé Ramón Pena unha periodización das vangardas galegas que pode ser moi interesante a efectos interpretativos, pois permite encadrar estes movementos dentro dunha tradición ininterrompida, algo en certo xeito aínda sorprendente pois, polo coñecemento que temos das vangardas foráneas, adoito as asociamos a unha idea monolítica de ruptura. Neste senso disinte das reflexións feitas por Anxo Tarrío ou o indispensable Arcadio López-Casanova de *Luís Pimentel* e *Sombra do aire na herba*. Pena deseña a evolución da vangarda galega en tres fases. Unha primeira etapa na que se reclama un novo rumbo para a literatura galega, que vai desde 1918 (ano no que publica Evaristo Correa-Calderón os seus primeiros textos apoloxéticos en *A Nosa Terra*) ata a publicación de "¡Máis alá!" en 1922. Unha segunda, desde xuño de 1922 ata a morte de Manuel Antonio, en xaneiro de 1930, na que as nosas vangardas viven o seu momento de maior esplendor, con Manuel Antonio e Amado Carballo. E, finalmente, a terceira, desde 1930 deica o inicio da Guerra Civil, na que aparecen novas propostas renovadoras de carácter moderado.

Como xa apuntamos, en *Manuel Antonio e a vangarda* o autor artella unha análise das vangardas integrándoas no contexto ideolóxico galeguista do momento e no propio decorrer do discurso galego (o lector curioso pode completar esta excelente visión panorámica co artigo de Henrique Monteagudo, "Nación/creación. Estética e política no agromar do ensaio galego (1916-1920)", en *Anuario de Estudios Literarios Galegos* (1995: 63-108). Nun achegamento destas características é imprescindible acudir a Vicente Risco (coñecedor, ideólogo e experimentador tamén desas novas formas) e mais a aqueloutras voces galeguistas que asomaban nas páxinas dos xornais como voceiros e divulgadores das pautas a seguir para acadar unha arte comprometida coa realidade galega, que, ó tempo, incorporase as novidades máis destacadas en Europa. Neste sentido, o estudio camiña por novas rutas interpretativas, nas que se analizan os textos e as actitudes estéticas desde unha perspectiva socioliteraria que nos permitirá entender moito mellor as engranaxes que se activaron naquel decisivo momento de cambio estético. (Neste senso foron moi orientativos senllos estudios sobre o comportamento das literaturas periféricas de Antón Figueroa e Xoán González-Millán, de carácter máis xeral pero dos que en certa medida é debedor Xosé Ramón Pena). E aínda máis, o acopio de textos da época é tan amplo que o libro lles ha aforrar moitas visitas ás hemerotecas a todos aqueles que estean interesados neste período.

O libro, certo é, fala das vangardas, sen embargo, non deixa de ser un ensaio importante, cheo de citas textuais, sobre o ideario e as estratexias literarias defendidas polos creadores nacionalistas. Alén das propostas concretas dos autores e dos logros estéticos de cada movemento, neste libro ofrécesenos a visión contextualizada deste fenómeno literario (a vangarda) dentro dun proceso de recuperación e dignificación que vai ser decisivo para a modernización da nosa cultura.

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Terra, mar e lume

● URSULA HEINZE (Introducción, selección e traducción). *Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro* e *Serbia*. Xunta de Galicia-Servicio de Publicacións do Centro Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela, 1996.

Coa aparición do volume *Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia*, iníciase unha nova liña na traxectoria editorial do Centro Ramón Piñeiro, ó se engadir, por vez primeira, ó seu catálogo unha traducción á lingua galega dun número considerable de textos poéticos que nos achegan unha mostra de literaturas tan afastadas coma descoñecidas para un lector galego.

Tal empresa supón un elo máis no labor de traductora que desde hai xa anos vén desenvolvendo Ursula Heinze, quizais na súa vertente máis característica: a de dar a coñecer voces poéticas que, a pesar da súa importancia no panorama da literatura contemporánea, resultan de difícil acceso por cuestións lingüísticas. Esta tarefa cristalizou nas asiduas traduccións aparecidas en distintas publicacións periódicas, así coma no recente libro *Versos de terras distantes* (Editorial Compostela / *O Correo Galego*, 1995).

O interese desta nova compilación vén dado fundamentalmente por dous motivos. O primeiro deles é o absoluto descoñecemento desta literatura no panorama das letras hispánicas, tendo, neste sentido, o traballo de Ursula Heinze un carácter pioneiro. O segundo vén dado polo significado extraliterario da escolla, ó procederen estas voces poéticas de países que coñeceron unha situación difícil nos últimos tempos. Esta consideración está presente no limiar da obra, onde a autora reivindica a expresión poética como espacio, común e de paz, fronte á cruenta guerra que devasta as nacións. O libro manifesta deste xeito unha vontade de homenaxe e mesmo de consigna, formulada pola autora con estas palabras: "Desde o primeiro momento concebín esta escolma coma un intento de construír, no medio do terror, do estrago, da desesperación e da morte, unha casa de convivencia pacífica, confiando en que medre, paseniño mais continuamente, coa axuda dos lectores deste libro, concienciando a cada un da súa responsabilidade" (p. 7).

Concibida deste xeito, a antoloxía reúne un bo número de textos de máis de cento e medio de poetas contemporáneos das literaturas búlgara e ex-iugoslavas, encabezados en cada caso por unha interesante introducción de carácter panorámico, lamentablemente sucinta por razóns de espacio. Ó final inclúese índice onomástico dos autores cunha síntese dos seus datos biográficos. Estes elementos resultan dunha grande utilidade, pois permiten, cando menos, situar cronoloxicamente os distintos autores.

No título metafórico que a autora escolleu para a compilación resúmense en boa medida os eixos temáticos desta poesía. Por unha banda, a presencia da terra e o mar, empregados por veces simbolicamente como paisaxe íntima, berce, nación, ou espacios cósmicos. Por outra, a constante presencia da controvertida e violenta historia que coñeceron estes países. Neste sentido, advír-

tese nunha parte considerable da poesía antologada un carácter social, así coma unha temática e unha simboloxía da guerra, a represión e o terror. Abondo significativos son os títulos dalgúns poemas, como "A dozura e o terror" (Duško Trifunović, Bosnia), "A paz" (Georgi Konstantinov, Bulgaria), "A fala pétrea" (Ante Zemljar, Croacia), "Mártires croatas" (Ana Horvat, Croacia), "Tempo de guerra" (Svetlana Makarović, Eslovenia), "Quen aguanta a dor eterna" (Jevrem Brković, Montenegro), etc. A miúdo agroma nos versos a voz dun "nós" que testemuña, recorrendo a un ton épico, elexíaco ou irónico, a persistencia dunha conciencia nacional:

Parece que todos nós
vimos da mesma aldea comunal.
Unha eslovena Manchada.
Nela cheira a morte (Tone Pavček, p. 181).

Sorprende, con todo, a extraordinaria variedade do material compilado, tanto no que se refire á súa temática como ás tendencias poéticas. Do amor á morte, da vida cotiá ó soño, da evocación mitolóxica á descrición do absurdo, podemos rastrexar neste conxunto de versos unha boa parte dos *topoi* da tradición literaria europea. Por outra banda, tamén se recollen nesta mostra abondos testemuños da influencia das grandes correntes da poesía contemporánea. En moitos momentos da escolma pode albiscarse o diálogo das voces poéticas coa súa propia tradición. Unha vez máis é de lamentar que o descoñecemento historiográfico destas literaturas no noso contexto nos impida facer unha lectura comparativa máis profunda con procesos semellantes noutras literaturas que, como é o caso da galega, coñeceron tamén unha historia difícil na recuperación da súa identidade.

O conxunto é unha ampla mostra de textos que deixan constancia da riqueza descoñecida destas literaturas. As limitacións da obra veñen dadas polo carácter da mesma. Por unha banda, a necesidade de recorrer a traducións, inglesas, francesas e alemanas dos poemas. Por outra, a subxectividade, moitas veces circunstancial, destes textos, ante a dificultade para acceder a eles. A autora móstrase consciente de tales eivas, considerándoas riscos necesarios que teñen a súa xustificación nas dimensións da propia empresa.

A antoloxía ábrenos as portas a un mundo poético escasamente transitado, permitíndonos facer unha lectura minimamente documentada dunha literatura a penas coñecida. Neste senso, debemos consideralo unha contribución máis ó diálogo das nosas letras coa literatura universal. Desde o punto de vista histórico, a escolma móstranos esoutra cara da realidade destes países. Fronte á guerra e ás miserias, as palabras. Aínda esas palabras solitarias, que lemos nun poema do escritor bosnio Džemaludin Alić,

Palabras solitarias,
palabras de esperanza
tanta confianza se pode depositar en vós
e tan pouca verdade (p. 51).

MARÍA XESÚS NOGUEIRA

A *Revista galega de educación*. Dez anos de renovación pedagóxica en Galicia

A *Revista galega de educación* acaba de conmemorar, coa publicación do número 25, os seus primeiros dez anos de presencia nas librerías e nos foros pedagóxicos de Galicia. Impulsada polo movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, e coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, xurdía nos primeiros meses de 1986 como continuadora doutras iniciativas anteriores, como *As Roladas-2* ou o suplemento educativo "A Pizarra" de *Faro de Vigo*, nun contexto expansivo das dinámicas de reflexión pedagóxica e ás portas da reforma educativa no estado español.

Nacía para crear un campo de reflexión entre os docentes galegos, para servir de vehículo de difusión das experiencias pedagóxicas que se estaban a realizar no país e para poñer a disposición dos ensinantes galegos aquelas iniciativas ou análises realizadas máis alá das nosas froteiras que puidesen resultar de interese para o debate e para a práctica educativa en Galicia. Todo isto ó servicio duns obxectivos ben definidos: recuperar e continuar a tradición pedagóxica de Galicia, ampliar o espacio da renovación e da reforma democrática da educación e contribuír a un novo proxecto colectivo de Escola Pública Galega asentado sobre un sólido baseamento científico.

Dez anos despois, pódese dicir que o camiño andado, aínda que con dificultades e momentos de pulo ben diferentes, deu xa froitos importantes e que esta publicación conseguiu converterse nun dos referentes para os sectores máis dinámicos da educación en Galicia. Hoxe aquela empresa que xurdía atoutiñante e coa incerteza inevitable en iniciativas deste tipo, é xa unha verdadeira obra colectiva con máis de 2500 páxinas de documentación pedagóxica en lingua galega e uns 200 nomes de profesoras, profesores e técnicos da educación (galegos e non galegos) que contribuíron, dunha ou doutra maneira, ó seu afianzamento como vehículo das inquedanzas pedagóxicas en Galicia.

Nunha revisión das grandes seccións en que se organizou a revista, obsérvase que tratou de abranguer os distintos temas que tiveron presencia no debate pedagóxico ó longo destes anos: o marco internacional da política educativa galega, a reforma estructural da educación, a perspectiva da educación permanente e dos adultos, a organización das institucións escolares e a participación na súa xestión, a problemática da escola rural, a normalización lingüística, o poder social e educativo dos medios de comunicación, o desenvolvemento e o tratamento didáctico das distintas áreas do currículo, a formación do profesorado, a información bibliográfica referida a temas educativos, a transversalidade, a interdisciplinariedade, etc. E todo isto desde unha perspectiva de análise crítica e aberta, alonxada de dogmatismos ou actitudes sectarias, base esta inevitable para calquera iniciativa que queira incidir na autoformación non só dos lectores senón dos propios colaboradores e na comprensión da complexidade do mundo da educación.

Atendendo ós seus principios fundacionais e tamén á conxuntura histórica que lle tocou vivir, dous ámbitos nos que a *RGE* incidiu de xeito especial foron a cuestión lingüística e a reforma educativa. Ambos os dous ilustran de maneira

sobranceira a súa preocupación polos temas de maior transcendencia na práctica educativa desta última década en Galicia. Referirémonos, por iso, brevemente a cada un deles.

A normalización lingüística desde a RGE

Nesta última década viviuse —estase a vivir— unha das etapas máis decisivas para o futuro da lingua galega. Trátase dun período no que o galego conseguiu unha importante presencia na vida pública galega e accedeu formalmente ós escenarios que desde sempre se consideraron fundamentais na normalización social dunha lingua: a escola, os medios de comunicación e a administración. Foi unha etapa tamén na que se produciu o desenvolvemento normativo da Lei de Normalización Lingüística, na que se deron importantes avances no proceso de fixación e estandardización do galego (malia controversias normativas aínda vivas) e na que se realizaron as investigacións sociolingüísticas máis clarificadoras sobre a situación da lingua galega.

Pero foi un período, ó mesmo tempo, no que o noso idioma perdeu presencia en ámbitos de uso tradicionalmente seus (o espacio familiar, a oralidade nos intercambios máis coloquiais, a transmisión interxeracional, etc.) que representan os alicerces imprescindibles para erguer calquera empresa de normalización idiomática.

A *Revista galega de educación* tratou de reflectir nas súas páxinas esta situación complexa e mesmo contradictoria. Nunha das súas seccións fixas titulada "O estado da lingua" foron aparecendo sucesivamente estudios, experiencias, entrevistas ou artigos de opinión nos que se reflexionaba sobre o papel da escola e do sistema educativo nese proceso normalizador, sobre propostas de planificación lingüística no ámbito escolar, sobre o perfil do profesor de lingua, sobre a problemática didáctica que se deriva da necesidade de contribuír á implantación dunha variedade estándar sen que esta abafe a diversidade, etc. Todo isto desde unha perspectiva estrictamente galega, pero sen esquecer o contraste con outros contextos sociolingüísticos (Cataluña, California...) que puidesen servir para comprender mellor a nosa situación ou para marcar vieiros polos que transitar con máis garantías de éxito.

O número 25, conmemorativo desta primeira década de existencia, dedícase precisamente a facer un balance do camiño andado na normalización da lingua galega e das perspectivas que se abren a partir de aquí. O seu título —"A normalización da lingua na encrucillada"— alude tanto a esa situación de incerteza sobre o futuro como á necesidade de tomar decisións que aseguren que estamos nun proceso aberto e con posibilidades de atinar.

Este monográfico reúne máis de cen páxinas nas que se analiza a situación actual do galego —"estado da cuestión"—, faise memoria do que representaron as últimas décadas para a normalización da nosa lingua no ensino —"entre onte e hoxe"—, ofrécense "experiencias" normalizadoras xa en marcha nalgúns centros e debátese de maneira crítica "a problemática do presente". Son catro grandes apartados e varias ducias de colaboracións cos que se renova o compromiso editorial da *RGE* coa lingua e se invita a repensar estratexias de planificación lingüística escolar na liña do que representara xa no ano 1989 o modelo de normalización lingüística para o ensino elaborado e respaldado por un número importante de organizacións pedagóxicas, políticas e sindicais.

A reforma educativa en Galicia a través da RGE

A comezos de 1986, cando aparece a *RGE*, está dando os seus primeiros pasos a reforma educativa dos niveis de ensino anteriores á Universidade e, seguramente, esta coincidencia no tempo foi máis que unha pura casualidade. De calquera xeito, a revista converteuse nunha valiosa testemuña dos avatares do proceso de reforma educativa en Galicia ó longo desta década, ó mesmo tempo que contribuíu coas súas aportacións a fomentar un ambiente de información e discusión tan necesario nun contexto de reforma.

Os aspectos normativos e a progresiva implantación da reforma foron obxecto de comentario reiterado no editorial da revista, sendo especialmente representativos desta atención títulos como "Que se reformen" (nº 7, 1988), "Temos LOXSE" (nº 12, 1991), "Comeza a Primaria" (nº 14, 1992), ou "A posta en marcha da Reforma" (nº 16, 1993). Nestes editoriais póñense de manifesto algunhas das críticas de Nova Escola Galega ó proceso de desenvolvemento da Reforma en Galicia: retraso na implantación, febleza da campaña institucional de diseminación, tardanza da rede de centros e dos planos de formación do profesorado, seguidismo pouco entusiasta das directrices do MEC.

Coa intención de dar conta máis polo miúdo das incidencias do desenvolvemento da reforma, incluíuse en varios números unha sección específica titulada "Reforma". Nela merecen salientarse, por unha parte, a "Entrevista ó Director Xeral de Ensinanzas Medias e á Subdirectora Xeral de Formación do Profesorado da Consellería de Educación", realizada por Miguel Vázquez Freire (nº 14, 1992), na que se verten as directrices da Administración Educativa Galega sobre a reforma, e, por outra, o artigo firmado por Alfonso García Tobío e Juan Carlos Pardo "A reforma do sistema educativo: ¿Que está a pasar en Galicia?" (nº 23, 1995), no que se fai unha análise crítica da política educativa da Consellería de Educación.

Os aspectos curriculares e didácticos tamén atoparon tratamento en diversos números a través da sección "O tema", que se adicou monograficamente á nova estructura da Educación Primaria (nº 16, 1993) e da Educación Secundaria Obrigatoria (nº 22, 1995), ó ensino-aprendizaxe das distintas áres do curriculo, ós contidos transversais, á avaliación, etc.

Finalmente, a sección "Lexislación" fixo un seguimento puntual de toda a producción normativa relacionada coa implantación e desenvolvemento da Reforma na nosa comunidade.

En resumo, podemos dicir que a *Revista galega de educación* se converteu nunha especie de lente a través do cal se reflectiron tanto as virtudes da reforma educativa, como as reservas que suscitou a súa posta en marcha e desenvolvemento en Galicia. Sempre desde a perspectiva da renovación pedagóxica que inspira a esta publicación.

BIEITO SILVA VALDIVIA
XOSÉ ARMAS CASTRO

Reflexións sobre comunicación

● *Comunicación e sociedade.* Centro Internacional de Prensa. Xunta de Galicia, 1995.

As conferencias e debates sobre o mundo da comunicación forman parte xa da axenda anual de actividades que se organizan en Compostela e que, en maior ou menor medida, se celebran nas principais cidades. Da man do Centro Internacional de Prensa, coa axuda de distintas entidades e organizacións, o curso ábrese co desfile de investigadores e estudiosos ou con periodistas de recoñecida traxectoria profesional que están dispostos a poñer sobre a mesa as súas reflexións sobre o que está a pasar e cómo se está a contar.

A consolidación da Facultade de Ciencias da Información de Santiago como centro de formación de periodistas, con dúas promocións xa na rúa, axudou a facer realidade este vello soño. Aínda temos moi recente o ciclo "Os activos da comunicación", as xornadas sobre o espacio local ou o congreso sobre Comunicación na periferia atlántica, boas mostras de foros para a aportación dos últimos traballos realizados sobre o mundo da comunicación.

Foi un punto de partida que terá continuidade, segundo se anuncia desde as distintas instancias organizadoras destes eventos. Prométese un variado programa de análise sobre as industrias culturais na fin do século, os novos camiños dos medios e algunhas posibles vías para manter a personalidade cultural na sociedade da información. Trátase de boas ideas para integrar un pouco máis os novos aspectos da sociedade mediática nun país da periferia atlántica.

De momento, dalgunhas das primeiras conferencias que se impartiron no Centro Internacional de Prensa temos mostra escrita en dous volumes editados pola propia Xunta de Galicia. Nestes libros inclúense intervencións dos profesores e periodistas Bernardo Díaz Nosty, Eduardo Sotillos, Margarita Ledo, Alfonso Sánchez Izquierdo, Josep María Casasús, Luis Carandell e Juan Luis Cebrián, entre outros.

Estas aportacións recollidas en libro súmanse ó aumento de títulos que houbo o pasado ano sobre o cada vez máis amplio mundo da comunicación. As principais editoriais apostan polos xéneros xornalísticos máis creativos e polos ensaios, ó tempo que sacan á luz manuais sempre necesarios para atender a demanda preferentemente dos alumnos da Facultade de Ciencias da Información de Santiago e da Facultade de Ciencias Sociais de Pontevedra.

Con todo, as principais novidades editoriais sobre a comunicación chegan, polo de agora, coas ofertas das coleccións de editoriais estatais, que dirixen a súa mirada a un mercado moito máis amplio pola lingua empregada. E destaca, un ano máis, a aportación da Fundación para el Desarrollo de la Función Social de las Comunicaciones (Fundesco), que acaba de editar *Multimedia 1996/Tendencias*, un informe sobre os sistemas multimedia, hoxe moi actuais.

O informe inclúe a primeira guía multimedia que se realiza en España, onde se reseñan máis de douscentos servicios de información e ocio de todo tipo. Non se esquece o estudio de analizar a situación actual e as tendencias dos principais sectores multimedia. Así consegue converterse nun punto de refe-

rencia básico para o deseño de calquera política de promoción multimedia, sen por iso deixar de cumprir a misión básica de manual de consulta e divulgación.

Outra aportación, esta claramente cun contido de manual, chega desde Prensa Ibérica, que puxo na rúa un *Manual de periodismo*, que recolle moitos temas e todos moi ligados á actualidade periodística. A esta publicación podemos engadir, co selo de 1996, o libro sobre *La transición audiovisual pendiente*, de Manuel Campo Vidal, en Ediciones B, e *Premsa, franquisme i autonomia*, de Jaume Guillamet, en Flor del Vent Edicions, de Barcelona. Son algúns dos últimos libros desa oferta sobre comunicación que, como dixemos, aumenta a media que pasan os meses.

XOSÉ L. GARCÍA

Unha lebre para ser cazada

■ GONZALO SANTONJA. *La novela revolucionaria de quiosco, 1905-1939.* Ediciones El Museo Universal, Madrid, 1993.

Acabo de ler o traballo de Gonzalo Santonja *La novela revolucionaria de quiosco, 1905-1939.* Un magnífico estudio sobre un tipo de obras que irremediablemente me fan lembrar a vella "literatura de cordel", que, de aparencia máis inocente, tiña tamén a súa intencionalidade, a súa carga de subxectividade, entendida esta no sentido máis amplo da palabra, tal e como no seu día se encargaron de demostrar historiadores da cultura como R. Mousnier, P. Burke ou R. Chartier.

En a penas máis de duascentas páxinas, Santonja consegue introducirnos no apaixonante universo da novela política, chegando a establecer as grandes fases polas que atravesará este xénero durante o primeiro tercio do século XX, as cales, *grosso modo*, coinciden cos anos inmediatamente anteriores á Dictadura de Primo de Rivera, co transcurso da mesma, co seu fin, coa advenimento da República e cos inicios da Guerra Civil. Sobre a base desta periodización, o autor deslinda e analiza os temas, os contidos e as peripecias polas que atravesan tanto as editoriais como os autores vinculados ás mesmas. Adentrámonos así no mundo da edición; un mundo que, a grandes liñas, se caracteriza polas aparicións, desaparicións ou transformacións, operadas nas mencionadas empresas, polos cambios que ó compás dos acontecementos políticos e sociais do momento coñecerán as estratexias de venda e penetración no mercado editorial das publicacións populares ou polos vaivéns ideolóxicos e avatares persoais dos escritores que animaban este particular circuíto da producción do libro. Así mesmo, con esta obra podemos saber cousas concretas verbo da temática que desenvolvían, das ideas que se propoñían espallar e, ¡como non!, combater entre as clases populares, principais destinatarias destes productos culturais, do volume das tiradas conforme fose unha ou outra a conxuntura política, da fraxilidade das redes de distribución polo ámbito penin-

sular ou de aspectos máis formais, caso do particular estilo no que ían ser escritas. A proba da importancia sociopolítica que chegaron a alcanzar este tipo de novelas vén sendo o feito de que as súas tiradas foron, en ocasións, de dez, cando non de vinte, e mesmo de trinta mil exemplares, que ademais se esgotaban de contado. No mesmo sentido, cabería traer aquí a colación, por exemplo, as palabras que Pío Baroja dedicou á figura de Buenaventura Durruti polos anos trinta, de quen chegou a dicir que "... era un tipo para tener una biografía en romance, en un pliego de literatura de cordel, con un grabado borroso al frente..." (*Memorias*, Madrid, 1955). Aínda que máis que ós vivos, esta publicística a quen prefería tratar era ós mortos, tal e como por exemplo se deduce das numerosas reedicións que coñeceu o levantamento militar, e posterior fusilamento tras o seu fracaso, do capitán Fermín Galán (Jaca, 1930), quen será presentado como un auténtico paladín das virtudes cívicas e políticas republicanas na súa loita contra a monarquía.

Con todo, o libro de Gonzalo Santonja sabe a pouco, e confiamos en que sexa un sinxelo avance dun proxecto de maior envergadura que veña a satisfacer todas e cada unha das expectivas que promove no lector respecto ós temas que trata. Chegado o caso, gustaríanos acceder ós resultados derivados do feito de ter profundizado nalgunhas análises que nesta obra quedan, en ocasións reducidos a meras descricións formais ou estilísticas dos contidos, por outra banda necesarias para nos situar ante os problemas tratados. Ademais, e isto é xa unha deformación prefesional, gustaríanos ver cómo incide nos aspectos máis sociolóxicos e ideolóxicos deste tipo de literatura en relación co seu impacto social, para o cal cremos que lle sería de grande axuda unha reconstrucción máis atenta das redes de distribución, dos perfís do público lector, do seu universo mental e cultural... Pero, sexamos xustos, pedir todo isto a un traballo como o que temos entre as mans non sería recoñecer o xa notable esforzo de seu que o autor realizou nesta dirección.

Unha última reflexión sobre a obra e unhas preguntas dirixidas ós sociolingüistas ou ós historiadores que poidan estar lendo estas liñas: ¿que sabemos deste tipo de literatura en Galicia?, ¿que coñecemos acerca dos seus autores, do seu contido, do imaxinario social ó que remiten os valores que propoñen, da súa difusión, da reacción que orixinaban no público ó que ía destinado ou nos poderes que cuestionaban...? ¿Non é hora xa de que alguén se adentre nestas cuestións da historia da Galicia contemporánea, na procura duns resultados que abofé virán completar moito do que ata de agora supomos, pero que realmente descoñecemos, verbo da nosa propia cultura? Quizais neste terreo houbese máis dunha sorpresa. Só polo feito de o comprobar pagaría a pena adentrarse neses vieiros, lembrando, iso si, aquel aforismo de José Bergamín, cando tamén pola década dos trinta, equiparaba as ideas coas lebres (*Prosas*, Madrid, 1981), polo que non deixaba de indicar que "... no deben meterse en la cabeza, sino salir de ella. Salir corriendo, fugitivas. La cabeza no es una madriguera...", pero é obvio que dela e mais do seu esforzo persoal viu a luz o libro de Santonja. E, con todo, non deixo de me preguntar: ¿haberá cazadores galegos para esta lebre?

I. DUBERT

Darwin e o mundo victoriano

■ PETER J. BOWLER. *Charles Darwin. El hombre y su influencia*. Alianza Universidad, Madrid, 1995.

A publicación dunha nova biografía de Charles Darwin non debería constituír ningunha novidade. Os traballos biográficos sobre tan insigne personaxe son lexión, comezando pola súa propia autobiografía. Mesmo sobranceiros evolucionistas, como Julian Huxley, teñen escrito biografías sobre Darwin.

Sen embargo, o libro de Bowler resulta fascinante. Como el mesmo se encarga de aclarar, non se trata "dunha biografía no sentido convencional" (p. 9), xa que o seu obxectivo fundamental non é contar a historia do personaxe e dos seus avatares vitais, aínda que, obviamente, relate os acontecementos fundamentais da súa vida. Trátase máis ben de pescudar os factores que permitiron que a súa obra exercese un papel clave na conversión ó evolucionismo da maior parte da comunidade científica da súa época.

Bowler, facendo un verdadeiro exercicio de socioloxía da ciencia, argumenta que esta conversión non foi debida á forza das evidencias contidas na *Orixe das especies* senón máis ben á habilidade de Darwin para rodearse dun círculo de influentes colaboradores —como Hooker e Huxley— que desembarazaron o camiño para que o pensamento evolucionista darwiniano fose non só abríndose paso no mundo científico inglés senón que, en poucos anos, acabase sendo dominante. Para Bowler "o asalto darwinista á comunidade científica británica era o resultado non do abafante éxito dos argumentos de Darwin, senón da intelixente manobra de Huxley e outros liberais para illar e dividir á oposición conservadora" (p. 202).

Conta Bowler, como mostra da oposición que a obra de Darwin espertou especialmente entre os pensadores relixiosos, que "nunha das súas esporádicas visitas ó British Museum, Darwin foi recoñecido por un crego como "o home máis perigoso de Inglaterra" (p. 181). Sen embargo, á súa morte, o recoñecemento oficial de que gozaba era enorme, ata o punto de que foi sepultado na Abadía de Westminster, a poucos pasos de Newton. ¿Como foi posible este recoñecemento nun home que, segundo nos contan os cronistas da revolución darwinista, desafiou as crenzas relixiosas e culturais dominantes da súa época? A resposta a este interrogante é o eixe sobre o que xira todo o libro.

O que coñecemos por darwinismo constaba en realidade de dous elementos. O primeiro, unha defensa do evolucionismo, do feito de que as especies non permanecen inmutables ó longo do tempo; o segundo, un mecanismo que explicaba cómo a evolución podía ter lugar, a selección natural ou "supervivencia dos máis aptos" segundo a célebre frase de Spencer. Hoxe en día recoñecemos a selección natural como o elemento sobranceiro do darwinismo, a razón pola que a teoría da Darwin pasou á posteridade como un dos fitos da historia da ciencia. Sen embargo, o éxito do darwinismo nos anos posteriores á publicación da *Orixe das especies* non se debeu á aceptación do mecanismo da selección natural, senón a que a súa obra "actuou como un catalizador que precipitou a conversión de moitos pensadores decimonónicos a unha versión progresiva do evolucionismo que non era 'darwinista' no moderno sentido do termo" (p. 25).

Pola contra, a selección natural atopou enormes reticencias para ser aceptada. Mesmo algúns dos seus colaboradores máis estreitos, como foi o caso de Huxley, dubidaban seriamente da bondade deste mecanismo. Se o defendían era porque supoñía unha explicación para o cambio evolutivo baseada en causas naturais. Deste xeito, considerarse darwinista na segunda metade do século pasado non era ser necesariamente defensor da selección natural como axente do cambio evolutivo senón, simplemente, aceptar a realidade da evolución, mentres que hoxe en día darwinista é aquela persoa que defende a teoría da selección natural, xa que a evidencia da evolución considérase un lugar común, mesmo fóra da comunidade científica.

Entre as razóns que dificultaban a aceptación da selección natural sobresaían as súas consecuencias contrarias ó progreso e a calquera propósito finalista na evolución. A lóxica de selección natural, que propicia a adaptación ós contornos locais sen ningún propósito transcendente, era moi difícil de aceptar pola comunidade científica victoriana, profundamente imbuída da idea de que a natureza reflicte os propósitos do Creador. Para os pensadores teístas, o vello creacionismo de William Paley, que defendía que as delicadas adaptacións dos organismos eran a obra directa da divindade, estaba sendo substituído pola idea de que o propósito divino se manifestaba a través das leis da natureza e, en consecuencia, a evolución tiña que ter unha finalidade que non era outra que o incesante progreso desde as criaturas máis simples ata os seres humanos. Unha teoría que prescindía totalmente dos propósitos divinos, para seren substituídos polo mecanismo cego da selección de variacións azarosas, supoñía un achegamento ó materialismo máis radical.

Semella que o medo a ser acusado de materialista influíu sobre Darwin, á hora de suavizar as arestas máis antiprogresivas do seu pensamento. Sen embargo, non foi este o único elemento presente nel á hora de determinar as súas ambigüidades e contradicións perante a idea do progreso. O tratamento desta cuestión é quizais o aspecto máis interesante do libro. Non podemos, na extensión desta reseña, estendérmonos sobre este interesante tema. No canto de facelo animamos á lectura do libro. Sen embargo, convén deixar sinaladas unhas breves consideracións sobre esta cuestión.

Darwin pertencía á sociedade victoriana e compartía moitos dos valores da mesma entre eles a crenza dos pensadores liberais no progreso social, ideoloxía que dalgún xeito tamén se reflectía na concepción da natureza. A este respecto resulta sumamente interesante a relación entre o pensamento de Darwin e o de Spencer, o chamado darwinismo social. Spencer defendía o progreso social en base á herdanza dos caracteres adquiridos, sendo neste sentido un lamarckista. A súa teoría era unha especie de híbrido entre o lamarckismo e o darwinismo. Para Spencer a evolución social tiña lugar a través dun proceso de loita pola existencia que transformaba os individuos facendo que adquirisen novos caracteres que despois eran transmitidos ós seus descendentes.

Darwin tamén aceptaba a herdanza dos caracteres adquiridos. Sen embargo, os seus puntos de vista eran bastante diferentes dos de Spencer. Para Darwin, a herdanza dos caracteres adquiridos xogaba un papel secundario fronte á selección natural. A súa aceptación da herdanza dos caracteres adquiridos proviña das dificultades que tiña para explicar a orixe da variación e, tamén, das súas concepcións sobre a herdanza. A súa teoría da herdanza (chamada "panxé-

nese"), non só era compatible coa herdanza dos caracteres adquiridos, senón que mesmo a requiría. Bowler cre que a aceptación de Darwin da herdanza dos caracteres adquiridos era tamén debida, en parte, ó seu propósito de non facer da súa teoría algo excesivamente pechado o que sen dúbida favorecería a súa aceptación polas persoas proclives a aceptar a evolución aínda que desconfiasen da selección natural.

En calquera caso, o seu pensamento distaba moito do de Spencer. O propio concepto de loita pola existencia, acuñado por este último como sinónimo de selección natural, ten un significado moi distinto en ambos pensadores. Para Darwin a loita pola existencia levaba á desaparición das variantes peor adaptadas ós seus contornos locais e á selección das variantes favorables que, deste xeito, se propagarían entre os descendentes. Para Spencer, pola contra, a loita pola existencia non levaba aparellada a desaparición dos menos aptos senón que comportaba a súa transformación progresiva. Segundo Bowler, "a teoría de Spencer toma as virtudes tradicionais da ética do traballo protestante e as introduce na natureza como forza rectora da evolución progresiva" (p. 229).

O concepto de progreso tamén ten un peso moi distinto nas obras de Darwin e Spencer. Para este último, o progreso é un elemento integrante e imprescindible da súa teoría. Para Darwin, aínda que aceptase que, en último termo, a selección natural podía ter consecuencias progresivas, tomaba non poucas precaucións fronte á idea de progreso evolutivo. A lóxica da súa teoría resulta dificilmente compatible con calquera idea de progreso, xa que "nun sistema arborescente a comparación dunha rama con outra será inevitablemente un proceso subxectivo" (p. 100). A este respecto, Bowler recolle do caderno B de notas de Darwin a seguinte cita, verdadeiramente ilustrativa: "é absurdo dicir dun animal que é superior a outro" —*Nós* consideramos a aquel en que (a estructura cerebral/ as facultades intelectuais) está máis desenvolvida, como superior— unha abella seríao sen dúbida cando os instintos o fosen".

Un aspecto da orixe da teoría darwinista incesantemente discutido e que non podía estar ausente de ningunha biografía de Darwin é ata qué punto a idea de selección natural provén de transplantar a competencia do capitalismo á natureza. Bowler recoñece a influencia en Darwin deste compoñente de loita social, particularmente a través da obra de Malthus e mesmo de Adam Smith, pero considera que "a utilización por parte de Darwin do modelo individualista foi altamente orixinal e en absoluto reflicte a xustificación típica desta idea de sociedade adoptada polas clases medias contemporáneas" (p. 226). A orixinalidade consistía en que esta loita pola existencia podía chegar a ser un proceso verdadeiramente creativo.

A biografía de Darwin que debuxa Bowler transcende o ámbito da bioloxía. A discusión de cuestións de interese para as ciencias sociais ou para a filosofía, como a problemática do progreso, as relacións entre relixión e ciencia, ou entre a visión da sociedade capitalista e a natureza, así como o tratamento desprexuizado, escasamente heroico do personaxe e mesmo heterodoxo nalgunhas cuestións, fan do libro de Bowler unha lectura moi recomendable para achegármonos a un figura senlleira da historia da ciencia.

DANIEL SOUTULLO

Da coherencia

■ SALVADOR PÉREZ ARNAL e PERE DE LA FUENTE. *Acerca de Manuel Sacristán.* Ediciones Destino, Barcelona, 1996.

A lectura do traballo de Salvador López Arnal e de Pere de la Fuente sobre a vida, obra e milagres de Manolo Sacristán, resulta unha lectura cómoda tanto para o lector particularmente interesado na súa obra como para o curioso en xeral. Sen embargo, e ó remate das máis de setecentas páxinas, un non pode deixar de sentir un certo amargor. Son varias as razóns. A primeira é ese vago aroma haxiográfico que, ás veces, e desde as primeiras liñas, desprende un libro concibido como unha serie de entrevistas a persoas que estiveron moi próximas ó homenaxeado en determinados momentos da súa vida. Deste xeito, desfila perante os nosos ollos un Manolo Sacristán que vai ser presentado pola súa filla, os seus discípulos, os seus amigos e os seus compañeiros de loita, sucesivamente, nun desexo de amosar, dicímolo nun ton tan irónico como cariñoso, a súa beatitude e o seu estoicismo ante os reveses da vida. É entón cando Manolo Sacristán, home, pasa a se converter en San Manuel Bueno Mártir; *bo a nivel intelectual e persoal, e mártir no académico e no político.* Un proceso de beatificación conseguido gracias a declaracións sen fisuras, sen contradiccións, prestadas por todas e cada unha das testemuñas da causa.

Non obstante, debemos aclarar que se adoptamos este ton de burla é porque cremos que a fórmula utilizada para dar a coñecer ó lector o lado humano de Sacristán, todo o relativo á súa formación intelectual, militancia política ou aportacións ó "filosofar marxista", como a el mesmo lle gustaba dicir, *quizais escurezan ese espírito crítico do que fixo gala en vida.* Con todo, non é menos certo que por vivirmos no país en que vivimos, este tipo de iniciativas son necesarias e moi de agradecer, alomenos para evitar que a memoria histórica española por unha banda, e a dunha esquerda en franca descomposición, pola outra, se encamiñen cara ó esquecemento do seu pasado e así á perda das esperanzas de futuro. Somos, en consecuencia, da opinión de que debe evitarse a mistificación dun intelectual que, como tal, e sen lugar a dúbidas, se sentiría identificado con aquela descrición que indirectamente facía de si mesmo na conversa que con J. Guiu e T. Munné mantivo cara ó ano 1979.

A segunda razón que explica ese amargor ó que faciamos referencia é de orde particular. Estriba no paralelismo que se pode atopar entre a traxectoria vital, non a política, de Sacristán e a doutros personaxes, algúns dunha gran lucidez e intelixencia, que pasaron pola dirección do P.C.E. nos momentos máis duros do franquismo. Neste sentido, e coa perspectiva dos anos, asustan e non deixan de chamar a atención asemade, os continuos equilibrios intelectuais ós que se viron obrigados todos eles para conciliar a un tempo o seu compromiso comunista, moito máis profundo e sincero que os estreitos límites que impoñía a simple adhesión ó partido, coa falta de capacidade para a análise política e teórica, e mesmo a máis crasa ignorancia declarada por algúns dos seus dirixentes no exilio, non xa de cuestións de marxismo ou filosofía, non hai que picar tan alto, senón de algo tan inmediato e elemental como sería

unha adecuada valoración da realidade social, económica e cultural do país durante a década dos sesenta e setenta á hora de definir e de orientar a loita contra a Dictadura. Pero, sexamos xustos, non sería honesto pola nosa parte situar a un mesmo nivel a personaxes tan diferentes —evitemos nomes e odiosas comparacións—, máxime cando a diferencia deles, a postura de Sacristán, e independentemente da opinión que nos mereza, se inscribe dentro da máis pura tradición socialista: resistencia e coherencia, tanto durante as súas continuas entradas e saídas da Universidade franquista como fronte ó oportunismo dalgúns que na súa época se dicían marxistas. Desde esta perspectiva, explícase entón a fundación da revista *Mientras tanto* en 1979, así como os denodados esforzos por levar a cabo a traducción, certo que movida polas circunstancias e a necesidade de sobrevivir, pero non o é menos que sempre fecunda e de agradecer, de autores como Schumpeter, Marx, Gramsci, Lukács, Adorno..., que viñesen a enriquecer o anémico pensamento marxista peninsular. É, xa que logo, desde a óptica dunha España socioloxicamente franquista a todos os niveis, desde a que hai que se achegar, ler e valorar a súa obra. A este respecto, é de todos coñecido o estado en que quedou o panorama cultural hispano logo da victoria do "Caudillo", e non digamos xa a Universidade, onde falanxistas, cregos e demais "cráneos privilexiados" se asentaron nas súas cátedras logo de pasar polas chamadas "oposicións patrióticas".

Logo do que levamos dito, quizais haxa quen poida caer na tentación de dubidar do valor dos testemuños recollidos nesta obra, e mesmo chegar a descalificalos acusándoos de seren parciais e emotivos, polo simple feito de seren ofrecidos por amigos, correlixionarios ou discípulos do homenaxeado, por xente que, aínda por riba, procede dun mesmo ámbito político e filosófico. Unha dúbida esta, moi do gusto dos que dirixen o actual círculo cultural español; unha dúbida que na nosa opinión nos levaría a engano sobre o noso pasado máis inmediato e que falaría por si soa das xa mencionadas pervivencias sociolóxicas do franquismo, as cales é evidente que teñen aflorado máis dunha vez desde a transición ós nosos días. Proba de que o das pervivencias non é unha saída de ton ou unha impostura, témola nas palabras dun autor tan pouco sospeitoso para mentes dubitativas e desconfiadas como Max Aub, novelista, dramaturgo, republicano moderado e liberal recoñecido, cando na súa viaxe pola España de 1969, logo de trinta anos de exilio, revela atopala máis preocupada pola vivenda e polo Seiscentos que polos vellos ideais e valores que existían e animaban a vida da sociedade española con anterioridade á Guerra Civil (*La gallina ciega*, Barcelona, 1955). A súa frustración é inmensa ante un país que xa non demanda pan e touros, senón pan e televisión, que perdeu boa parte das referencias políticas e culturais dos trinta primeiros anos do século, que substituíu, por obra e gracia do réxime, as vantaxes derivadas do coñecemento da obra de autores como Vicente Aleixandre, Juan Ramón Jiménez, José Ortega y Gasset, Américo Castro, Miguel de Unamuno ou Federico García Lorca, pola de personaxes como Rafael Sánchez Mazas, José María Pemán, Alfonso Paso, Dionisio Ridruejo, Pedro Laín Entralgo ou Emilio Romero. Unha España que —como a actual— entendía que a liberdade era escoller entre o *ABC* ou o diario de provincias, ir ó fútbol ou ós touros, ver unha ou outra canle de televisión. De aí que, como antídoto, se faga necesaria a obra de S. López Arnal e P. de la Fuente, como necesaria é a de Sacristán, aínda que para comprendela na súa xusta medida deba ser lida ó abeiro das

particulares circunstancias nas que se escribiron traballos como os reunidos en *Marx e marxismo* (1983), *Papeles de filosofía* (1984), *Intervenciones políticas* (1987). Pero, con ou sen circunstancias, resulta evidente que o seu esforzo non foi en van, a súa obra, este estilo que agora comentamos, a revista *Mientras tanto* e esta sinxela recensión son unha clara mostra.

I. DUBERT

Unha interpretación da mitoloxía basca

■ ANDRÉS ORTIZ-OSÉS. *La diosa Madre. Interpretación desde la mitología vasca*. Ediciones Trotta, Madrid, 1996.

La diosa Madre. Interpretación desde la mitología vasca é o título da última obra de Andrés Ortiz-Osés. Trátase dunha exposición concisa, penetrante e rigorosa das categorías que sustentan o discurso mitolóxico basco tanto no que este ten de específico como no que ten de común con outras mitoloxías, así como dunha interpretación eficaz do complexo ámbito das relixións matriarcais. Un libro de *mito-loxía*, daquela; un libro que se adentra no proceloso mar do mito coa intención e o propósito de expoñer a súa lóxica propia, as causas da súa inevitabilidade e o lugar que ocupa —e debe ocupar— no espacio total da cultura.

Se, como di o poeta, "os mitos son os soños dos pobos", profundar con seriedade e sistema nesa reserva onírica é aventurarse no máis íntimo dos grupos humanos, penetrar o esquema a penas consciente do seu comportamento público. E descubir trazos peculiares, acentos e matices que se asentan sobre alicerces míticos universais. En efecto, se Claude Lévi-Strauss puido amosar as coincidencias estructurais entre diversos ámbitos mitolóxicos e G. Dumézil evidenciou equivalencias funcionais, Andrés Ortiz-Osés presenta as correlacións simbólicas que identifican a mitoloxía basca sobre o fondo das relixións matriarcais.

O autor resume aquí unha prolongada traxectoria de pertinaz dedicación teórica e práctica á mitoloxía comparada e á hermenéutica simbólica. Desde os seus primeiros traballos —a fins da década dos 70— que deron como froito máis coñecido o volume titulado *El matriarcalismo vasco* pasaron xa case vinte anos. E non en van. Neste tempo Ortiz-Osés non só refinou o instrumental teórico senón que desenvolveu unha metodoloxía e unha terminoloxía propias: vinculado á hermenéutica simbólica exercitada polo *Círculo Eranos*, Ortiz-Osés pronúnciase, non obstante, con verbo propio, voceiro elocuente dunha filosofía elaborada ó longo de anos e estudios; unha filosofía que disinte da monótona —e errada— unilateralidade dos racionalismos tanto como da obcecada cegueira dos irracionalismos; unha filosofía inquieta que busca e propón vías de mediación entre o racional e o irracional, entre o sagrado e o profano, entre a luminosa consciencia e a perseverante presencia escura do inconsciente. Conceptos como mediación, implicación, dualéctica ou fratriarcalismo son, non só expresións típicas do discurso osesiano, senón indicadores dunha cosmovisión.

O libro que nos ocupa atrae esta vontade mediadora ó terreo do mito: non só expón e interpreta as categorías da mitoloxía basca, non só explora o terreo común da relixiosidade matriarcal fronte á súa oposta e complementaria relixiosidade patriarcal, presenta ademais as credenciais teóricas e as expectativas prácticas dunha proposta de (re)mediación dos contrarios que recibe o nome de fratriarcalismo.

É certo que se trata dun traballo erudito, tamén dun exercicio de interpretación. Pero todo isto non obsta para que nos atopemos ante unha obra decididamente orixinal e creativa. A fidelidade ó material —fundamentalmente recopilado por Barandiarán— e o rigor hermenéutico non anulan a orixinalidade dun ensaio filosófico e antropolóxico que discorre segundo pautas e métodos propios.

É preciso sinalar unha última cuestión. O libro non só acomete un traballo práctico de interpretación senón que inclúe capítulos teóricos que completan unha introducción á ciencia da mitoloxía e unha exposición de filosofía simbólica.

A paisaxe cultural que nos instrúe foi avara á hora de propoñer matrices teóricas e aplicacións prácticas que permitan explorar as mitoloxías e as relixións como feitos ou fenómenos culturais de innegable importancia e máximo interese. Con máis ira que estudio, o ámbito do relixioso foi obxecto de crítica e/ou apoloxía. Pero, agás escasas excepcións, non foi tratado co rigor que esixe. *La diosa Madre* é unha indubidable aportación á ciencia das relixións e, a través dela, á filosofía e á antropoloxía cultural. Un traballo sen dúbida fundamental no ámbito da mitoloxía basca, pero un traballo, e isto é quizais o máis importante, que desborda o espacio dunha trama mítica concreta para interrogarse sobre a mitoloxía en xeral: o soño no que nos soñamos; ou o soño que nos soña.

PATXI LANCEROS

TEATRO

Como en Irlanda, un conto e un poema escénicos

En realidade non ten moita transcendencia que os vencellos étnicos e culturais entre Galicia e Irlanda sexan irrefutables certezas históricas ou meras fabulacións. O importante é que, sobre todo desde o lado de aquí, a enunciación desas afinidades verdadeiras ou ficticias alcanzaron un eco notorio na práctica histórica do galeguismo. O himno de Alfredo Brañas que dá título á última montaxe do Centro Dramático Galego, xunto cunha historiografía indiciaria e propensa á mitoloxía, encarnada sobre todo na obra de Benito Vicetto, instauraron unha nebulosa semellanza *espiritual* entre Galicia e Irlanda que acabarán herdando e facendo súa as Irmandades da Fala.

Irlanda é, sen dúbida, o país estranxeiro que máis espacios ocupa nas páxinas da vella *A Nosa Terra.* Sen embargo, a loita independentista irlandesa vai ter unha influencia sobre a acción política do incipiente nacionalismo galego moito menor e moito menos particularizada que a que vai proxectar sobre a actividade cultural. E, dentro desta, o teatro foi un ámbito fundamental para as Irmandades da Fala, que consideraban a escena un medio inmellorable para a dignificación lingüística e o espallamento do ideario nacionalista. Pero o exemplo do teatro irlandés era un exemplo a medias. Inservible, en canto os principais protagonistas do movemento dramático aglutinado en torno ó Abbey Theatre fixeran resignada deixación da lingua propia; útil, en canto intento de elaborar unha poesía dramática de grande altura literaria e, ó tempo, fondamente entrañada no rico acervo folclórico irlandés.

Cando Antón Villar Ponte se destaca como principal animador da actividade teatral das Irmandades ten no seu punto de mira o teatro irlandés en lingua inglesa, teatro nacional á fin e ó cabo, como nacional acabou sendo a lingua inglesa en Irlanda. Villar Ponte, a través de textos de creación propia e de adaptacións de pezas de William Butler Yeats, anda na procura dun teatro galego digno que, para selo, non teña que renunciar, máis ben todo o contrario, á súa raigame popular. O seu foi un intento fermoso e inviable na Galicia do primeiro tercio deste século. Pero todo isto explícao con maior precisión e fondura Manuel Vieites no seu estudio sobre os teatros galego e irlandés, incluído no libro publicado polo CDG con motivo da estrea de *Como en Irlanda.*

A idea de realizar un espectáculo baseado na unión de *Nouturnio de medo e morte* e a peza de Synge *Xinetes para o mar* intenta facer efectiva, alomenos

na ilusión teatral, esa vagarosa relación galaico-irlandesa. Quico Cadaval, un director novo pero con sobrada experiencia escénica, foi o encargado da construcción deste difícil espectáculo. E digo difícil porque *Nouturnio* e *Xinetes* son textos de moi distinta especie que esixen achegamentos tamén distintos. O primeiro mérito de Cadaval é o de non renunciar a esa dificultade, senón acometela mesmo realzando as diferencias entre os dous textos e a súa maneira de montalos, sen que iso lle impedise a consecución dun espectáculo coherente e unitario. Cadaval subliña as diferencias extremando o carácter de enérxica peza de acción que latexa nas esgrevias liñas do *Nouturnio* para, a continuación, introducir no escenario un *Xinetes para o mar* concibido como unha traxedia estática, como un cadro cerimonial no que o progreso da acción a penas ten importancia.

A montaxe que fai Quico Cadaval do texto de Villar Ponte é importante por razóns que non atinxen só a *Como en Irlanda*, pois supón a ruptura dunha longa herdanza escenificadora moi arraizada en Galicia. Quero dicir que textos deste tipo só parecían abordables escenicamente desde un enxebrismo tosco e redundante, o cal, á súa vez, incidía nunha mala consideración dos propios textos, abandonados durante anos polo teatro máis renovador en mans das compañías afeccionadas. Cadaval leva a cabo un valioso labor de restauración dunha peza que pode ser representativa de toda unha corrente textual do teatro galego, unha corrente que, sen maiores matizacións, se podería denominar "realismo popular" e que acollería a autores de épocas e intencións moi diferentes.

Cadaval intenta neste espectáculo un novo modo de ver o teatro galego de vocación máis popular. Desvincúlase da tradición costumista e opta por un espectáculo moi plástico e sofisticado que, sen embargo, realza toda a enerxía popular que vive no texto de Villar Ponte. Estamos diante dun enxebrismo distinto, que se afasta dos estereotipos e as codificacións ríxidas para transmitir os valores máis universais e duradeiros do *Nouturnio*, sen que esa operación dignificadora conduza ó espectáculo polos empingorotados vieiros do esteticismo. É certo que, se cadra, pode sobrar un chisco de preciosismo na posta en escena, sobre todo no tocante á iluminación, pero isto parece inevitable —e totalmente desculpable— cando estamos a falar dunha tentativa de converter dous textos tan diferentes como os de Synge e Villar Ponte nun único e coherente poema escénico.

O *Nouturnio de medo e morte* é obxecto dunha montaxe fantasiosa que concentra a atención nas calidades ambientais, nas texturas fonéticas, no vigor interpretativo. O espectáculo desprende un estilizado arrecendo a lenda folclórica, con toda a elemental brutalidade daquela Galicia dos carreiros enlamados e os ouveos do lobo. Unha Galicia que se foi conformando como *eterna* a través do tratamento literario e pictórico que dela fixeron Valle-Inclán, Ánxel Fole, Otero Pedrayo, Laxeiro ou o Sucasas de hai vinte anos.

Unha suave transición, pautada por elementos escenográficos, introdúcenos a continuación na atmosfera mariñeira de *Xinetes para o mar*. Aquí é onde o espectáculo toma unha orientación máis arriscada, pois despois do ritmo dinámico, enérxico, pura acción dramática do *Nouturnio*, *Xinetes para o mar* ofrécesenos como un poema escénico no que os compoñentes estáticos predominan sobre a exposición do conflicto e o desenvolvemento da acción. É unha

opción dramatúrxica válida, determinada pola concepción da peza de Synge como expresión dun conflicto eternamente repetido entre as xentes e o mar, un conflicto invariable punteado por episodios —mortes—, sempre iguais a si mesmos. Desde este punto de vista, parece lóxico que a posta en escena se enfoque como unha cerimonia da fatalidade, un ritual de laios e movementos sabidos, de rica emotividade moi remarcada pola música, os silencios e os elementos plásticos, que ten o seu momento central nas escenas do pranto diante do cadáver. Malia esta reducción da acción ó rito e á emoción interna dos personaxes, a pesar das diferencias entre o mundo mariñeiro irlandés e galego, *Xinetes para o mar* resulta un espectáculo de gran potencia sentimental, logro no que teñen un papel fundamental as magníficas interpretacións do corpo actoral, entre as que creo que se debe destacar a de Rebeca Montero, unha actriz de traxectoria tan constante como discreta que neste espectáculo atopa o seu punto exacto de afinación.

Como en Irlanda é un interesante experimento teatral que non deixa de ter un aquel de entrañable homenaxe ás culturas populares de Galicia e Irlanda, dous pobos labregos e mariñeiros do occidente europeo unidos aquí por un artificio escénico e polo garimoso amor, desprovisto de afectación, co que o conxunto do espectáculo está feito.

DAMIÁN VILLALAÍN

Título: *Como en Irlanda*

Producción: *Centro Dramático Galego*

Escenografía e Iluminación: *Rodrigo Roel*

Vestiario: *Belén Naverán*

Música: *Bernardo Martínez*

Axudante de dirección: *Xepe Casanova*

Intérpretes: *Laura Ponte, Susana Dans, Josefa Barreiro, Patricia Vázquez, María Barcala, Xan Casas, Xosé M. Olveira "Pico", Salvador del Río, Xabier Estévez, Andrés Pazos, Lino Braxe, Marcos Viéitez, Luisa Martínez, Rebeca Montero, Rosa Álvarez.*

Dramaturxia: *Quico Cadaval e Xepe Casanova*

Dirección: *Quico Cadaval*

ÍNDICE DE COLABORADORES

LLUIS ÁLVAREZ. Escritor e filósofo. Profesor titular de Estética e Teoría das Artes na Universidade de Oviedo. Entre os seus libros destacan *Signos estéticos e teoría*, *Ensaios sobre estética y un epílogo para futuros* e *La estética del Rey Midas*. Publicou un libro de poesía (*Poemes y tornes*, en lingua asturiana) e actualmente prepara outros textos literarios. Editou a obra colectiva *Filosofía, política, religión. Más allá del 'pensamiento débil'* cos últimos ensaios de Gianni Vattimo e comentarios de varios autores.

VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA. Licenciada en Filoloxía Hispánica. Realizou a súa memoria de licenciatura sobre a *Lingua de Rosalía de Castro* (1986) e na actualidade prepara a tese de doutoramento sobre a historia da Real Academia Galega. Responsable de varias edicións dos clásicos, o seu último traballo neste eido é a recompilación de *Entrevistas con Eduardo Blanco Amor*.

MARIE-TÉRÈSE DUMONT. Doutora en Creación e profesora de Creatividade na Universidade Laval (Quebec). Actualmente desenvolve unha investigación sobre a intuición como modo de coñecemento na creación. É autora de diversas obras de narrativa breve.

SILVIA GASPAR. Licenciada en Filoloxía e profesora nun instituto da Ensinanza Secundaria da Coruña. Crítica literaria, traductora e investigadora. Publicou o libro infantil *As aventuras de Guauguau* e recentemente editou unha *Antoloxía do conto galego de medo*.

RICARDO MARTÍNEZ CONDE. Doutor en Filosofía e bibliotecario, actividade que compaxina coa creación e a crítica literaria na prensa galega. Autor en galego e castelán, ten publicado os libros *Lento esvaece o tempo*, *Orballo nas camelias*, *O silencio das árbores*, *Los argumentos de la tarde* e *Cuentas del tiempo*.

HENRIQUE MONTEAGUDO. Doutor en Filoloxía Galega. Profesor na Universidade de Santiago, membro do Instituto da Lingua Galega e do Consello de redacción de *Grial*. Autor de numerosos traballos de Sociolingüística e de historia social da lingua. Editor de Rosalía de Castro, Castelao e Otero Oedrayo. Coautor da *Gramática galega* e do *Diccionario normativo galego-castelán* e editor do libro *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto.*

FRANCK MEYER. Estudiou Filoloxía Francesa e Hispánica e Ciencias Económicas nas Universidades de Santiago de Compostela e Tréveris (Alemaña). Licenciado por esta última, dedícase na actualidade á elaboración da súa tese de doutoramento, labor que compaxina co oficio de traductor e co cargo de secretario da revista *Galicien-Magazin*.

CARLOS F. VELASCO SOUTO. Profesor titular de Historia Contemporánea na Universidade da Coruña. Investigador especializado en temas de Historia social de Galicia. Ten publicado os libros *A sociedade galega da Restauración na obra literaria de Pardo Bazán (1875-1900)* e *Agitacións campesinas na Galiza do século XIX*.

MANUEL F. VIEITES. Licenciado en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela. Director de escena, investigador e crítico, posúe unha longa experiencia nos eidos da animación e a pedagoxía teatral. É membro do consello de redacción da *Revista galega de teatro*.

A cultura pasa por aquí

A&V
Abaco
Academia
ADE-Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Album
Alfoz
Anthropos
Archipiélago
Arquitectura Viva
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Claridad
Claves de Razón Práctica
CLIJ
Creación
El Croquis
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Documentos A
Ecología Política
ER
El Europeo
Fotovídeo
Gaia
GRIAL
Guadalimar
El Guía
Historia y Fuente Oral
Hora de Poesía
Insula
Jakin
Lápiz
Leer
Letra Internacional
Leviatán
Lletra de Canvi
Ni hablar
Nuestra Bandera
Nueva Revista
La Página
El Paseante
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura
Quimera
Raíces
Reseña
Revista de Occidente
RevistAtlántica
Scherzo
Síntesis
Sistema
Suplementos Anthropos
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
El Urogallo
El Viejo Topo
Viridiana
Zona Abierta

ARCE

Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, información, venta e suscricións:

Hortaleza, 75
28004 Madrid
Teléf.: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67

00131
9 770017 418006